



Con voz de mujer

LADRIDO

Todas as imaxes antigas foron cedidas polas participantes de Con voz de muller.

Todas as imaxes actuais son autoría de Sara Vierna Fernández.

Todos os relatos son orixinais das participantes das sesións de traballo aínda que, nalgúns casos, foron traducidos de castelán a galego pero sempre mantendo moitas das expresións castelanizadas.

© Autoría: Sara Vierna Fernández (Almas Meraki)

© Tradución do castelán ao galego e revisión do texto: Tais Álvarez

© Deseño e maquetación: Lucía Castro Puga

Abril, 2023

Depósito legal: C 1041-2023

Imprime: Imprenta Provincial

Archer Milton Huntington, 24

15011 A Coruña

EDICIÓN NON VENAL

Con voz de muller

LADRIDO

Concello de Ortigueira

Concellería de Igualdade

Centro de Información á Muller



Concello de
Ortigueira



Benvidos á sétima edición da serie “Con voz de muller”, dedicada neste volume á vida das mulleres da parroquia de Ladrado. É para min unha honra participar na presentación deste libro, que relata as vivencias de mulleres extraordinarias que son a columna vertebral do noso rural.

Desde a Deputación da Coruña colaboramos coa realización destes libros para recuperar a súa memoria e pór en valor todo o que fixeron polo

seu municipio, coa pretensión de que o seu legado non se perda no tempo e sirva como exemplo para futuras xeracións.

No rural de Ortigueira, as mulleres xogan un papel fundamental na agricultura, na gandería e na conservación do patrimonio. Mais o seu traballo non queda aí. As mulleres do rural en Ortigueira tamén son o pilar da vida comunitaria. Son elas as que participan activamente nas asociacións locais, nas comisión veciñais e nas actividades culturais. Son elas as que manteñen vivas as tradicións e as que transmiten os nosos valores de xeración en xeración.

Debemos impulsar políticas que fomenten o emprendemento das mulleres no rural, que lles proporcionen recursos e formación, que lles permitan conciliar a súa vida laboral e familiar. Debemos asegurar que as mulleres teñan voz e participen na toma de decisións que afecten ás súas vidas e á súa comunidade.

Agardo que gocedes desta viaxe pola historia de Ladrado en feminino. Unha historia que merece ser coñecida e que completa o mosaico histórico desa gran iniciativa do Concello de Ortigueira que é “Con voz de muller”.

Valentín González Formoso | Presidente da Deputación da Coruña

SAÚDO DO ALCALDE

Por séptima vez sae a luz o libro "Con Voz de Muller" froito dun proxecto, que dende fai uns anos está a realizar o Centro de información a muller de Ortigueira (CIM), e que pretende facer visible a importancia e o papel imprescindible que teñen a mulleres en todos os ámbitos da sociedade e por suposto no desenvolvemento do noso Municipio ao longo da súa historia.

Nesta ocasión as protagonistas son as mulleres da parroquia de Ladrado, que relatando súas vivencias, anécdotas, mediante fotografías, cartas e calquera outro obxecto que para elas teñen un significado especial, nos falan das súas vidas, do seu esforzo e traballo, moitas veces silenciado, para sair adiante, non soamente elas senon tamen as suas familias.

Ao igual que nos anteriores, as protagonistas deste séptimo libro, dannos unha visión de como foi a súa infancia, a que adicaban o seu tempo de lecer, das costumes, da transformación no xeito de vivir ata a actualidade e nos recordan que debemos ter moi presente as nosas tradicións e a nosa cultura xa que forman a nosa esencia. En definitiva nos contan o seu percorrido pola vida.

O meu agradecemento a todas as participantes pola súa colaboración facendo posible que quede plasmado a súa labor e coñecemento porque estou seguro que a nosa mocidade e as nosas crianzas teran unha fonte a onde acudir en moitos momentos das súas vidas.

É un libro cheo de recordos pero tamen con visión do presente e do futuro baseada na fortaleza das mulleres, por iso animo a súa lectura ou cando menos a que se lle bote unha ollada.

Saúdos.

Juan Vicente Penabad Muras | Alcalde Presidente do Concello de Ortigueira

ÍNDICE

O PROXECTO	9
LADRIDO <i>Achegándonos a elas e ao lugar</i>	19
INFANCIA <i>Crecendo entre o xogo e as obrigas</i>	39
MOCIDADE E ADULTEZ <i>Fiando vidas de desafíos e coidados</i>	71
OS AGORAS <i>Cultivando o presente</i>	129



The background of the image is a high-contrast, aerial photograph of a dark, textured surface, possibly water or a rugged landscape. The texture is characterized by numerous small, irregular ridges and valleys, creating a complex, organic pattern. The lighting is dramatic, with bright highlights reflecting off the peaks and deep shadows in the crevices, giving the surface a three-dimensional appearance. The overall color palette is dominated by dark blues, greys, and blacks, with occasional bright white highlights.

0 PROXECTO



1. Ermitas 2. Pura 3. Maruxa S. 4. Lola 5. Aurora 6. Maruxa Y. 7. Dulce 8. Charo 9. Felicidad 10. Graciela 11. Celsa 12. Amalia 13. Lola S. 14. Isabel 15. M^a José 16. Ofelia 17. Amadita

CAP. 1 |

O PROXECTO

O proxecto é unha iniciativa do Centro de Información á Muller do Concello de Ortigueira. As súas técnicas, Ana Dopico e Rocío Blanco, consideraron que as historias que se contaban nos Obradoiros de Memoria do Programa de Dinamización Sociocomunitaria, era necesario mantelas, gardalas, recompilalas dalgunha maneira, e que non caesen no esquecemento. É con ese espírito nace este proxecto que chamamos "Con voz de muller".

As mulleres participantes que teñen entre 60 e 95 anos, traballan os recordos e o esquecemento das súas historias, e van contando de relato en relato a súa vida e as súas experiencias e anécdotas, que están unidas a unha terra, a un lugar e á vida da súa parroquia.

Crear un espazo, contar a túa historia, a túa vida, por si mesmo é terapéutico. Un espazo para autonarrarte, autosentirte e autocoñecerte pero tamén para que o resto poida entenderte e recoñecerte.

As mulleres estiveron durante milenios relegadas da transcendencia histórica. A igualdade no século XXI pasa por poñer en valor todas as achegas das mulleres, das nosas antepasadas. Este recoñecemento faise imprescindible. Por unha banda como homenaxe e dignificación a todas esas vidas en feminino, invisibilizadas inxustamente, e pola outra para que as mozas de hoxe se pensen, se subxectivicen como seres con axencia e non pasivas ao devir da historia. Parafraseando á mestra, Marcela Lagarde de los Ríos, "só cando as mulleres coñecemos, con sentido de descubrimento, ás mulleres próximas da nosa historia e a nosa xenealoxía, podemos xerar procesos de empoderamento simbólicos e recoñecernos e identificarnos con devanceiras concretas."

Neste proxecto con diferentes mulleres rurais no Concello de Ortigueira quixemos facer un traballo de autoconciencia colectiva, recoller as súas historias de vida, mergullarnos entre as súas narrativas e recuperar as súas achegas e posionalas finalmente onde se merecen. En definitiva trátase de reescribir a Historia destas parroquias a través da historia das súas mulleres.

Os obxectivos que perseguimos con esta iniciativa foron o de crear un espazo de empoderamento para as mulleres a través da reflexión e a indagación das súas propias historias de vida, o de recuperar a súa memoria poñendo en valor o seu legado e dignificando a contribución e a presenza das mulleres na comunidade local.

O proxecto foi executado a través de catro sesións que duraron entre dúas e dúas horas e media a modo de obradoiro. A través destas reunións coas mulleres de cada parroquia emprendemos unha viaxe desde a nenez ata a súa vida actual, recoñecendo os feitos e vivencias que definen a estas mulleres na actualidade. Falaron dos espazos que ocupaban, das actividades ás que se adicaban, dos aspectos da súa contorna nos que estas mulleres foron axentes de cambio.

Tamén houbo outras actividades como a recollida de fotografías, cartas, obxectos ou unha ruta polos lugares máis senlleiros para elas.

Esta publicación que tes nas túas mans é un relato que une os testemuños das mulleres participantes nas sesións da parroquia de Ladrado.

Faláronse de moitas máis historias das que aquí se re-

collen e hai moitos máis testemuños que quedarán no noso recordo, que pola súa intimidade e carga emocional, quedarán solo na lembranza das presentes.

No texto intentouse respectar as súas expresións e os seus testemuños de maneira literal, como elas nolo contaron. Algunhas palabras traídas da emigración, expresións diferentes dependendo das parroquias, tamén compoñen o groso das súas historias de vida.

Pero esta publicación é moito máis que unha compilación de historias de vida, é un exemplo de loita, de dedicación, de esforzo, de paciencia, de entrega, de valor, e de crecemento de todas estas mulleres.

Para este proxecto contouse con Sara Vierna Fernández, da entidade Almas Meraki. Ela foi a facilitadora das sesións de grupo da parroquia acompañada por Ana Dopico e a Rocío Blanco do Centro de Información á Muller. Ademais, Sara Vierna Fernández escribe e dálle forma ao proxecto "Con voz de muller", contando coa colaboración de Tais Álvarez en calidade de traductora do texto ao galego e as correccións lingüísticas oportunas.

O noso agradecemento a Amalia Carrodegua Galdo, Purificación Fustes Martínez (Pura), Dolores Galdo

Carrodegua (Lola G.) Isabel Castiñeiras Guerreiro, M^a José Carrodegua Rubido, Aurora Lopez Carrodegua, Celsa Loureiro Galdo, Ermitas Loureiro Yañez, Luz Graciela Martinez Sierra (Graciela), Ofelia Martinez Villasuso, Rosario Martinez Villasuso (Charo), Amadita Rubido Bello, María Sierra Cajete (Maruxa S.), M^a Dulce Sierra Carrodegua (Dulce), Felicidad Yañez Yañez, Maruxa Yañez Yañez (Maruxa Y.), M^a Dolores Sierra Rubido (Lola S.) da parroquia de Ladrado. Agradecemos por adicarnos o seu tempo, pola súa xenerosidade, honestidade e valentía para narrar as súas biografías como mulleres.

Nota das autoras

O noso propósito na elaboración desta publicación é respectar coa maior fidelidade posible as testemuñas das mulleres participantes. En ocasións reducimos ou adaptamos as intervencións para que a lectura sexa máis clara e sinxela, partindo dunha estrutura lineal do tempo cronolóxico a través das súas etapas vitais.

Tratamos tamén de coidar a oralidade como base da recollida das súas historias de vida. Neste sentido con-

sideramos que a riqueza do oral non se pode trasladar con facilidade ao texto escrito, inevitablemente atopámonos cunha fenda de significados e de matices entre o que elas expresan coa súa propia voz e o que o texto pode contar. Ao mesmo tempo sabemos que o papel segue sendo unha das formas máis sólidas para soste-lo aquilo que previamente non tiña un lugar físico para poder existir.

Nota da tradutora

Os trazos lingüísticos mostran a diferenza de idade dunhas e outras, a influencia dos procesos migratorios e a propia interacción con nós, xeracións máis novas e profesionais.

Nas súas testemuñas consérvanse algúns dos castelanismos da zona como ayuntamiento, abuelo, abuela.

En relación aos trazos dialectais respéctase as referencias onde utilizan o artigo "a miña filla" e noutras recóllese como "miña filla", tamén mantéñense as palabras "mai, pai".

Os tempos verbais das súas testemuñas normativizáronse para facilitar a comprensión da narrativa.

CAP. 2 |

O ENCONTRO

Van entrando amodo e entre risas, coa calma que lles deu a vida e o lugar. Algunhas chegan agarradas do brazo, outras resoltas e sen apoios. Preguntan onde se colocan á vez que se dirixen cara aos bancos de madeira que rodean a mesa que acollerá, coma se dun café con amigas tratásese, os seus relatos e confidencias.

As máis afectadas polos achaques, ocupan as cadeiras principais nas cabeceiras e nas esquinas. Quen o precisa solicita axuda para sentar. Coñécense moito, vémolos en como se falan, en como se tratan, existe unha cotiandade amable e confiada.

En Ladrado son moitas as mulleres que acoden: **Amalia, Graciela, Dulce, Pura, Maruxa Y., Maruxa S., Lola S., M^a José, Amadita, Lola G., Felicidad, Celsa, Charo, Aurora, Isabel, Ofelia y Ermitas.** Dezaioito historias de vida, unha das nosas primeiras sorpresas e alegrías, o seu interese e ilusión por participar.

O espazo que acolle as nosas conversacións é o local social da parroquia. Ao achegarche ás súas xanelas descubres como a ría se estende cara ao mar aberto, accidente que vertebra as biografías destas mulleres e a narrativa do lugar.

Logramos o silencio e a atención que nos permite iniciar a conexión entre o pasado e presente: os seus nomes, preséntanse.

O NOME, A PORTA DAS SÚAS VIDAS: SIMBOLISMO E XENEALOXÍA FEMENINA

Por que che chamas así? Quen es? Diríxense as unhas ás outras con curiosidade pola sinxeleza da pregunta. E eu, por que me chamarei así? tratando de elaborar unha resposta interesante abondo, ao ser o punto de partida e de presentación destes encontros.

*O meu nome veu de Uruguai, un tío meu que foi o pioneiro que emigrou cara alá en 1927, pois parece que tiña unha vecinita en fronte que se chamaba Ofelia e que lle gustaba moito e quería moito e que sei eu que, e mandoulle dicir á miña nai que me puxese Ofelia, de aí vén o nome meu. Veu de América pero aquí tamén existe. **Ofelia.***

A min chámame Ermitas porque morreu unha que había aquí que se chamaba Ermitas. Resulta que era unha rapaza moi guapa e moi nova, parienta de meus pais. **Ermitas**

Eu chámome Isabel, púxome o meu nome o meu padriño. **Isabel**

Eu tiña unha tía que se chamaba Aurora e morreu os dous ou os tres días de nacer eu e puñéronme como ela. **Aurora**

A muller do ferreiro non? **Lola G.**

Si, si. **Aurora**

Pois eu chámome Rosario pola miña abuela materna. Miña madriña e máis mamá deberon discurrir poñerme así na súa honra. **Charo**

Eu son Celsa porque tiña a muller dun tío en Montevideo e quíxome poñer coma ela, coma a súa cuñada. **Celsa**

Uruguay era a patria galega. **Ofelia**

Chámome Lola porque a miña madriña tamén chamábase Lola así que puxéronme coma ela. **Lola G.**

A miña abuela e a miña madriña tiñan unha prima en Montoxo que lle chamaban Amadita, entón púxome coma

ela porque non había ningunha por aquí. **Amadita**

A min puxéronme Dolores porque a miña abuela materna era Dolores e morreu. Seguramente miña nai quixo que me chamara así por súa nai. **Lola S.**

Eu chámome M^a José e penso co elixiu miña madriña. **M^a José**

Disque había unha moi ghuapa en Ladrado que se chamaba así pois foi por iso, o que teño oído. **Maruxa S.**

Tócame a min? Bueno pois eu vou facelo doutra maneira. A min queríanme poñer M^a de los Mares de Melilla. (Todas rin) Por iso vos sorprendo a todas que naide o sabe. Víchedes? Miña madriña quería pero non mo quixeron ao final entón puxéronme M^a Josefa coma miña abuela. Eu prefería M^a de los Mares, aínda que me din Maruxa. **Maruxa Y.**

Chamar chámame Pura pero son Purificación coma miña abuela. Ghústame oír Pura, que non me ghusta moito tampouco pero mellor que Purificación. **Pura**


O meu e o máis ghuapo, chámome M^a Dulce, non sei por que mo poñeron e por que non, porque non hai ninghuén que se chame coma min. **M^a Dulce**

*Eu chámome Luz Graciela. E teño oído que era porque en Montevideo era un nome moi habitual é moi bonito, aquí non o hai. Non é que houbera unha rapaza guapa alí, que guapa son eu. **Graciela***

"Todo o mundo emighraba antes", "os nomes veñen diso". Oímolos falar.

*Eu chámome Amalia porque mo puxo a miña madriña que tamén llos puxo as miñas irmás. A min chámanme Amalia porque era a nai dela, a miña irmá Elvira porque era a tía e a outra irmá Socorro, porque era ela. **Amalia***

Os seus nomes representan a porta de entrada a cada unha das súas historias de vida, é o fío que tece infancia, adultez e senectude. Un conxunto de sons articulados que permaneceu intacto ao paso dos anos e dos lugares simbólicos e xeográficos que habitaron.







LADRIDO

Achegándonos a elas e ao lugar



CAP. 3 |

O LUGAR

DESCUBRINDO LADRIDO A TRAVÉS DA MIRADA DAS SÚAS MULLERES

Falan do tempo, do frío, da roupa de abrigo e da flexibilidade física de Ofelia. Discorren o roteiro que imos emprender. Non queren que se lles escape nada. Percorrer cada recuncho con elas honra a súa pertenza ao territorio físico e emocional. É mirar con mimo e con curiosidade os seus significados.

Dulce propón o Campo da Festa, o lavadoiro, o pé da igrexa, a Croa e o peirao. Maruxa ofrece ir á súa casa e charlar alí ao acabar o roteiro. Algunha comenta que non quere percorrer a pé a aldea e combinan coller os coches. Moitas delas conducen e teñen coche propio. Repartímonos.

Dígolles que imos ir falando con liberdade como lles vaia apetecendo. Elas rinse e advírtenme que como non poña orde falarán todas á vez.

*Miña casa ten unha vista extraordinaria, marabillosas. Mira, esta é a casa da miña irmá, de Felicidad. **Maruxa Y.***

*A miña é de cor branca. **Isabel***

*A miña cor area. **Maruxa Y.***

Nunca tal se lle acorda a Ladrado! nin o día da Saleta! Di Maruxa Y. referíndose á excursión.

Ladrado sitúase en fronte da praia de Ortigueira, Mourouzos. É unha liña de costa que conforma a enseada da ría influída pola desembocadura do río Baleo.

O seu territorio ten a suficiente extensión para obrigarnos a percorrelo en coche. Imos gravando os traxectos con elas, escóitase o motor do coche, o cambio de marchas e de fondo o murmurio das súas conversacións. Por momentos diríxense a nós para explicarnos as persoas e as vidas que hai detrás de cada casa, as que se alugan para estancias vacacionais, as que están á venda, a pena das que están a piques de derrubarse e a cantidade de xente que vivía alí cando eran novas. Apuntan quen son os donos, se viven aquí ou se son

de fóra. Tamén, con orgullo, van sinalando aquelas que pertencen a algunhas das "nosas" mulleres, porque tras a intimidade desenvolvida ao longo das sesións xuntas, queren que admiremos a materialización do seu proxecto de vida: as súas casas. "Esa é a casa de Purita e ese é o marido de Purita", comentan entre risas, "esta verde é de Aurora", "esta de en fronte compráronna", "esta era a que che dicía Amalia, que viviu aquí moito tempo", "si, compráronna uns andaluces aghora, de Sevilla, e esta de aquí uns franceses, a amarela", "ves ese neno? é ou neto de Celsa", "adeus, Pedro! Queres vir con nós? Imos de excursión".

É doado evocar a vida, entrando en contacto co lugar e as persoas que o conforman.

"Aquí pasabamos moitas tardes todas sentadas, charlando" Segundo avanzamos, identifican o que lles é máis significativo.

Percorremos pistas asfaltadas, algunhas bordeando o mar, outras entre os "lugares" veciñais, moitas delas entre eucaliptos. Detectamos a falta de dispersión poboacional da parroquia, isto tamén pode facer sentido na conciencia comunitaria que expresaron ao longo das nosas reunións, un dos acenos de identidade da parroquia.

Deteñen os coches, baixan os portelos, dubidan sobre cal é o mellor camiño, se imos cara arriba ou se collemos outra dirección: "Imos por aquí, Maruxa, por arriba, que damos a volta despois polo outro lado". Preocúpanse por estar todas, porque non falte ningún coche. Póñense de acordo e proseguimos.

A PARROQUIA ANTES

Ufff! Non tiña nada, íamos pisando e chegábanos a augha por debaixo dos xeonllos, a lama, é verdade.... e a augha metíaseme na casa, aquilo era pobreza toda a parroquia así... Ai! Miña nai, se me acordo! Aghora hai pistas por todos lados. **Amalia**

Había pobreza, traballo e estabamos aleghres. Eramos noviños e estabamos aleghres, eh? que íamos sempre en compañía uns doutros a xente nova, non nos separabamos unhas das outras, íamos todas xuntiñas. Na miña casa xa eramos 7... Canta xente, non podo dicir pero estaba cheíña de xente, eh? **Aurora**

Interrómpense para contar cos dedos das mans canta xente había en cada casa: "familias de doce", "na do meu home eran dez", "todo era xente nova", "a familia máis pequena era de 3".

Paramos os coches e baixámonos. É unha zona con casas a diferentes alturas. Lola G. sinálanos a casa de Charo mentres explica "chamábanlle o salón vello, era unha taberna. E alí temos ido ao cine dos Santiaghitos".

Aquí era a panadería de Graciela, que é a súa casa. Mira que ben pintadiña está! **Charo**

Alí, aquela casa que está toda desfeita, era un restaurante que daba camas. Alí sempre había moita xente e moitos turistas. Era a Casa de Pepe de Antonia. **Maruxa Y.**

En Ladrado había de todo, eh. **Aurora**

Anímanse, empezan a enumerar cada negocio, a actividade económica e cultural do lugar.

Aquí tamén había un bar, que era a casa de Marisol, chamábase "O Baja Mar". Aghora acabouse todo. Tiñamos a tenda de Lola, a de Charo, unha carnicería que tiña Benigno, a panadería de Graciela e aghora quedámonos sen nada. **Maruxa Y.**

Isabel interrómpea: "Aghora non hai nada. Sabes onde

imos? Á casa da veciña se nos falta algo". E seguen lembrando cada un dos establecementos.

E más a peixaría de Purita e a casa de Fraghuela, que era taberna. **Lola S.**

Houbo ferrereiros, tamén. **Charo**

Aghora teño veciñas de fóra. Unha é de Escocia e un de Portugal. A de Escocia díxome, "vou ir a Escocia, que queres que che traia?" eu fálolles o inglés a todas sempre! e Charo, coma sabe menos que eu, non entende o que falo! **Graciela**

Rin. Chancean entre elas.

O que pasa e que eu son máis vergonzosa, e como sei co falo mal, pois... **Charo**

Que o vas falar mal ti! **Graciela**

OS RÍOS E OS LAVADOIROS

As mulleres reuníanse nos lavadoiros para charlar, compartir historias e para apoiarse, no práctico da tarefa tamén. Cargar un paxe de roupa mollada na cabeza, levala ata o río máis próximo era esgotador, fregar a pel descuberta cada peza cunha auga xélida e expostas á intemperie, sen un lugar onde resgardarse, tamén. Pero a pesar do extenuante do proceso, lémbromo con alegría e complicidade. Lavar dáballes permiso a sentirse escoitadas e apoiadas por experiencias comúns atravesadas polo non valor da feminidade.

*Tiñamos dous ríos e máis as fontes. A que esta xunto á igrexa chámalle Fonte Moro e a outra Fonte da Vila. Iamos ás dúas a lavar e máis buscar a augha, que hai un caño alí. **Celsa***

*Este lavadoiro é o de Fonte Moro, un que hai aí diante é Fonte da Vila, había tamén o Outeiro e había o Río de Fustes. **Lola G.***

*Antes non había teito, eh! **Ofelia***

*Era máis bonito antes sen a uralita esta. **Lola G***

*Pero mollábasche! **Celsa***



A min vir lavar era unha cousa que me prestaba. Encher non, eh. Mirar a roupa o clareo daba un olor! Incrible, eh, e mais como branquea, eh! M^a José

Ensínannos como lavaban, que pasos seguían, a auga, o xabón, as pedras, o sol, un auténtico ritual.

AS ESCOLAS

As escolas son espazos de socialización e aprendizaxe aos que volven a miúdo nas súas anécdotas e memorias máis temperás. Cántannos cales eran e de que dependía ir a unha ou a outra.

A escola verdadeira era no cruce de Ladrado. Alí foi Ofelia, fun eu, foron todas estas, as máis vellas. Despois fomos a casa de Celsa. Pura

"Esa foi a miña terra, foi onde nacín". Di Lola G. referíndose ao lugar onde estaba a escola que sinala Pura.

Eu fun a onde vive Celsa. Eran un matrimonio. O maestro chamábase Don Antonio e a maestra Doña Sara. Maruxa Y.

Paramos o coche, hai varias casas, a de Charo, a de Graciela e a de Celsa.

Aquí na de Celsa era onde era a escuela. Había un pozo que saíu eu na foto nel e polo lado había unhas escaleiras para subir para arriba. Aquí abaixo era o salón de festas e arriba a escuela. Chamábase o Salón do Reino. Maruxa Y.

Aquí ían nenos e despois a outra cando ía moi vella, pasáronnos as nenas tamén, e iamos pola mañá as nenas e pola tarde os nenos. Lola G.



OS LUGARES ONDE MARISCABAN

Avanzamos cos coches cara a un dos lugares con mellores vistas da parroquia, como nos advirten antes de chegar.

"Que bonito é Ladrado, eh!", din unhas. "Que che parece, eh?", preguntánnos. Detémonos. De súpeto, abriuse entre nós unha paisaxe difícil de ignorar. Era o lugar perfecto para parar, charlar un intre e sacarnos unha foto. Vese a Illa de San Vicente, a praia de Morouzos, os aguillóns e o Cabo Ortegal.

Cando miña filla casou tirou unha foto dende aquí. **Charo**

Van saíndo dos coches, vense animadas por estar xuntas e de paseo, orgullosas tamén porque nos ensinan a beleza que caracteriza a parroquia.

"Axudarme que son velliiiiña!" di Graciela cun ton cómico e esaxerado. Ela é a nota de humor constante. Axudámola a baixar do coche.

Calaaaaaa! que vai á festa e non para de bailar coma unha cabra! **Pura**

Organízanse con axilidade para a foto, seguindo o seu

propio criterio de composición, as máis maiores xuntas, as flexibles diante e agachadas.

Amadita ponte ao lado de Amalia. **Lola G.**

Si, pero miña mai non pode ter o taca- taca na foto que eiche moi fina. **M^a José**

Ti déixame a min! **Amadita**

Báixalle o pantalón, nena, báixalle o pantalón que se lle ven os calcetíns! **Pura**

Eu non me podoo axeonllar así e lévame ela 20 anos. Di Pura referíndose a Ofelia.

"A ver, pa-ta-ca!", "Percebes, que pataca!"

Conseguimos a instantánea despois de varios intentos.

A ILLA E TODO ARREDOR

Alí collíamos o mexillón, chámanlle "a sala", aquel chao que ves alí. Se estaba o mar moi mansiño víamos cunha ghamela. **Amadita**

E carretábamolo todo por aló, subindo que daba ghusto. Cruzando toda a illa como está mandado. **Dulce**

Enriba hai unha casa. Alí houbo vivenda, tamén había cabras. Vivían unhas que lles chamaban "as da illa". **Amadita**

Falan da Illa de San Vicente.

Arriba hai terreo, é chairo e tamén hai fonte de augha doce. **Lola G.**

A illa pertence a Luama, pero os donos son de Ortigueira. **Charo**

Sabedes que Luama tiña igrexa pero afondou coa augha do mar? **Lola G.**

Miramos todas cara ao mar mentres van comentando as zonas máis importantes de marisqueo e os eventos, algúns tráxicos, que sucederon alí.

Eu saltei nun sitio que lle chaman o berce, se se che vai a perna ao saltar caes ao mar. Eu caín e coma eu as demáis, eh! **Graciela**

Tamén iamos ao mexillón a Mondelo. **Amalia**

Alí un barco perdeuse, eh! Nas mareas vivas, vese alí algo do barco! **Pura**

Aquelas casiñas que se ven alí son as de San Xiao, en Cariño. **Dulce**

E Fighueiroa. **Amalia**

Alí chámanlle a barra, aquí morreron homes, eh! Pero mira que mansiño está hoxe! Hoxe da xenio! **Graciela**

Pero vai vir unha borrasca! Díxomo o meu fillo que xa está en terra, xa venderon, xa descargaron, xa sae despois de comer. Está en Cork, en Irlanda, pescando alá Merluza. En agosto vai para Portugal co barco e despois no outono baixa para Panamá, tres meses na casa e tres meses aló. Alí ghaña o que quere. **Isabel**

Todo nelas está vinculado ao mar. Os seus pais pode que non fosen ao mar pero os seus maridos, elas e algúns dos seus fillos seguen tendo esa conexión.

XA NINGUÉN MARISQUEA

A desilusión pola falta de continuidade xeracional nos oficios que elas desenvolvían maniféstase nas súas interaccións.

Xa non se marisquea porque nosoutras estamos xubiladas e a xente nova marcha para outros sitios. **Celsa**

A xente estudou máis. **Charo**

A veciñanza morre e non nace naide. Somo tres na parroquia. **Celsa**

Aghora están máis preparadas, unhas son enfermeiras, outras arquitectas, outras profesoras, outras avogadas, médicas, capitanas... **Charo**

Na parroquia, de nenos, hai dous netos meus e máis un de Lola. **Celsa**

Preguntámoslles se preferirían que a mocidade permanecese en Ladrído

Na parroquia, nena! É verdade. Se non houbera necesida-

de de ir para fóra, pero aquí non hai vida. **Lola S.**

É importante que estuden e que sexan o que son porque nos parece que viven mellor. Non porque vaian ser mellores persoas. **Charo**

Din que cando se publique o libro temos que ir todas a celebralo. A comer por aí, ao "Planeta", o restaurante, explican, de máis reputación de toda a contorna.



AS PRAIAS DE LADRIDO

Interésannos as praias como lugares nos que gozar da calma e do goce, máis aló da vinculación ao traballo que representaba para moitas

Esta é a praia de Santa Eulalia, unha praia pequeniña a que viñamos. **Maruxa Y.**

Tamén víase aquí ó alghazo. **Isabel**

Quéixanse de que agora non se pode pasar, porque non está rozado e non poden acceder.

Unha cala preciosa é a de Foz, en fronte á Illa. Pero para chegar ata alí hai que pasar por enriba de moita pedras, polo peiral. Por iso que non se pode ir ben. Despois outra é a Pena do Xuncal, a de Santa Eulalia e a de Bidueiros. Antigualmente eu acórdome que mamá íase bañar alí cunha falsilla. Unha enagua, unha combinación que levabas por baixo da roupa. Non tiñan bañador, entón fáciانو coa braga, o suxeitador e aquilo por enriba. **Maruxa Y.**

Eu non sei nadar. Ghustábame saber nadar. **Isabel**

Eu tampouco. **Maruxa Y.**

O PEIRAO

Ao longo do roteiro non poden evitar facernos alusión a cada casa que imos deixando atrás.

"Aí a tedes, para cando queirades, neniñas!" Di Celsa referíndose á súa.

Elas sempre xenerosas, dispostas a acoller, coas portas abertas aos cafés, ás conversacións e aos vínculos.

"Mira, alí están mariscando berberechos". Sinala Pura a un grupo de mulleres preto da desembocadura do río Baleo.

Todo por alí, para aló desa area, hai berberechos. E todo por aquí, ameixas. **Lola G.**

Saben perfectamente onde atopar as materias primas ás que dedicaron tantas horas e días das súas vidas.

Aquí era a Comboa, que hai ameixas; máis arriba, Chauselas, que tiña ameixas e máis berberechos. Para este lado tes a Pena do Xuncal, tamén con ameixas; e despois a Foz e... Como lle chaman embaixo de todo? **Pura**

E as minchas en Centeás. Agora é o muelle pero antes era Centeás. **Charo**

Aquí chegaban os barcos, viñan de por alí arriba e chegaban aquí pero hai moitos anos, eh. **Aurora**

Explicánnos que se facía cando atracaban alí os pesqueiros.

Traían o peixe que nós despois levabamos en paxes. Pero non había muelle, eh. **Graciela**

Aquí descargábase o chicharrón e a sardiña. **Amalia**

Esta parte era o refuxio dos barcos de Espasante, que no inverno preparábanse e encintábanse para despois ir ao bonito. **Charo**

No Peirao hai unha pequena estatua chea de flores enmarcada por unhas cunchas de vieira formando unha cruz. Ten unha placa descritiva que a conmemora. Parece que é significativa para elas.

Esta que ves aquí é a Virxe do Carme. **Dulce**

Reghalouna a Ladrido o tío de Ofelia e máis de Charo. **Lola G.**

Eu viñen dende a miña casa axeonllada ata aquí e dimos a volta arredor da Virxe. Lola, Purita e máis eu. As tres. Fora para pedir polo neno de Lola, a promesa foi por el. O día

da festa, facemos a misa aquí. **Lola G.**

Aghora póñense cadeiras, un altar e unha carpa. **Pura**

Graciela veu vestida cun traxe azul ceo, case de domingo, moi elegante para a ocasión. Alí, mentres unhas falan da virxe e outras do mar e o marisco, ela, coa graza e a picardía que a define, empeza a subirse a tea do vestido por encima do xeonllo cun xesto de sedución calculado que provoca inevitablemente as gargalladas das súas compañeiras.

Ese atrevemento é un trazo habitual nas mulleres que habitaron nas marxes sociais, o das clases "labregas", obreiras, o poderío e a valentía que transgrede a contención, o recato e a pasividade que tanto se quixo achacar á feminidade desde o romanticismo. Estas mulleres non encaixan en absoluto no arquetipo de muller "anxo do fogar". Elas foron mulleres bravas, irreverentes, ás que a contención e o decoro resultáballes alleo, incluso exótico, propio das clases adiñeiradas que eran quen, en realidade, se podían permitir esa actitude.

E que máis da ensinar o brazo ca perna! **Graciela**



O RESCATE DE AMADITA

Elas son épicas no sinxelo e no extraordinario. Amadita, que é a maior de todo o grupo, cóntanos como lle salvou a vida a unha amiga que apunto estivo de morrer afogada.

"Con 82 anos, desde alí onde está esa última barca, trouxen unha muller para terra que ía morrer afogada. Ela nadaba, pero levábaa a corrente, facía remuíño. Era o día da patrona, estaba eu soa con ela, que era miña amiga. Xa nos bañáramos, e díxome 'eu vou dar outra volta' (a bañarse). E díxenlle 'ai, eu non vou que non teño ghanas' porque estaba deitada ao sol. Ela foi, e despois o corazón xa parece que che da algho aí, e fun detrás dela e cando cheghuei alí... Vina que estaba a meter moito a cabeza debaixo da augha. Eu dicíalle 'Isabel, Isabel, dalle para terra, nena!', pero a contracorrente non nadas. Alí fai correntada porque hai pena e enchía o mar. Pero ela non me contestaba. Entón fun onde ela e tróuxena para terra. Axudoume Susito, tamén, que estaba nunha lancha preto. Cando xa puidemos chegar a terra, fíxenlle o boca a boca, e funcionou! Díciame el 'déixaa, que xa está morta'. Eu dicíalle 'Susito, ti levanta os pés para arriba', e eu levantáballe os brazos e facíalle o boca a boca. E así foi ata que che-

ghou a ambulancia. Cando cheghou á residencia en Ferrol, que baixouna a ambulancia, dixo que quen fora quen a salvara, se eran os que andan nas praias, os do Seprona, pero fora eu. Nadar e bailar era o meu." Relata Amadita.

Rin todas a gargalladas.

AS FESTAS E A COMIDA DO PATRÓN

As festas enmarcan e organizan gran parte dos seus relatos. Eran momentos de celebración, de reunión, nos que se preparaban as comidas máis excepcionais do ano, pola carestía que supoñía. O habitual, cóntanos, era convidar a parentes e amizades doutras parroquias.

*Festiñas íbamolas todas. Ghracias a Dios. **Aurora***

*Aquí son a Saleta e o Carmen. Son en setembro, polo arredor do 18, do 20, depende. Agora fanse o fin de semana. É todo unha. Son tres ou catro días, ás veces teñen sido cinco días. **Isabel***

E máis Santa Eulalia, tamén en setembro, que é patrona

de Ladrado, e o 29 de xuño. **Maruxa Y.**

Dixécheslle Santa Eulalia, que é a Patrona? **Amalia**

Si, xa llo dixer. **Maruxa Y.**

Teño bailado en botas e con paraughas. **Isabel**

O 10 de Decembro, como era de inverno e chovía, facíamola no salón. **Celsa**

Eu fun mordoma de Santa Eulalia eh. Fomos catro chavallas. É como ser da comisión das festas. Acórdome perfectamente a primeira vez que fun á festa, tiña 12 anos, foi xusto cando miña irmá deu a luz á miña sobriña. Foi o día de tódolos santos e voteime de medias porque había que ser maior e deixáronme ir por iso. Iamos a moitas festas, iamos a Couzadoiro, a Barbos,... **Maruxa Y.**

Tiño vido a pé eu dende Couzadoiro! **Isabel**

A comida era dos elementos que ocupaban maior protagonismo.

O día da festa comíase carne asada e sopa do cocido e despois un roscón. Se levaba ó Porto (de Espasante) os

ovos, a manteiga e o anís para facelo. Era o mellor día do ano para comer, máis que no Nadal. E víñanche invitados. **Maruxa Y.**

Na miña casa poñemos cocido. **M^a José**

Na miña marisco. **Lola G.**

Na casa ghústanlles os percebes e o centolo. **Charo**

Ten razón, eh! Alghún día era cocido e carne asada. Aghora xa é marisco. **Lola G.**

E ameixas á mariñeira. **Maruxa Y.**

E rape. **Lola G.**

Eu xa non fagho a comida, faina miña filla. Ten máquinas desas. Bota tanto dunha cousa... dille a máquina o que ten que facer e listo. **Graciela**

ESPINOCHAR E FIAR, O OCIO QUE SE TIÑA

A medida que imos camiñando paseniño, fálannos das xuntanzas que se organizaban nas casas como espaxamento despois da dureza física do traballo diario.

Antes non había televisión, eu penso que por iso tiñan máis fillos. **Pura**

Non había diversión, non había outra cousa. **Graciela**

O máis do mundo era ir escoitar as novelas a casa dela, a casa de Amalia. **Pura**

Cantas risas faciamos, unha contaba un conto e outra contaba outro. **Amalia**

Pasaba tamén que cando se esfollaba o maínzo de noite, uns quedaban esfollando e outros ían facer o amor alá detrás. **Celsa**

Rin todas e asenten.

Si, era así, si, si, si. Como está mandado. **Amalia**

Eu non os vía pero... Irían... **Amadita**

Falan todas.

Todo iso que ves alí, toda esa explanada ata a ribeira era terreos, labradíos todos, de maínzo, de trigho... E cando

era o maínzo, xuntábase toda a xente, a veciñanza, para ir esfollalo. Era unha diversión. **Ofelia**

Espinochar!! **Amalia**

Nós diciamos esfollar. **Ofelia**

Escorar ou escanotar o maínzo, tamén. **Amalia**

Sacarlle a pluma esa. **Ofelia**

Eu xa teño tascado o liño de facer as estopas, para as sabas, para as colchas de trapos e para as camisas. Botabamos o liño e despois colliámolo desde que estaba seco e levábamolo a un río que hai aí na vía, chamábamoslle "encorghalo", mollalo alí, poñíamoslle unhas pedras enriba para que non o levase. Despois tendíámolo e despois amarrabámolo así en molliños e metíámolo no forno. Despois había un banco e tiña como unha táboa así, moi fina, e tascabamos. Pasabamos así a noite toda, outras fiaban... Daquela había un candil de ghas e había quen tiña desas de carburo. Últimamente xa empezaba a vir a luz. **Amadita**

Era unha alegría fiar. **Ofelia**

Non se vía outra cousa. **Graciela**

Daquela facían arroz en leite para cando se acabara de tascar. Todo o mundo ía axudar. As mulleres fiaban, iso todo facíámolo as mulleres. Ti non ves moitas veces, na televisión, as máquinas? Pois na miña casa había para tascar, para cardar... E tiña uns dentes e cardábalo e quedábache o liño finiño, finiño. Eu fiar, nunca fei, o meu era o fuso. Tirabas así polo fío e o fuso, que era unha cousa redonda, dáballe volta así e ías torcendo e envolvíalo á roca, que se chamaba. Ti non ves a esas de Camariñas que fan iso?, pois iso viña do liño. **Amadita**

Mellor poñemos un punto bonito, dígoche que hai unha canción, esa do liño. **Ofelia**

Comeza a cantar.

Arrastraches o cu polas pallas e fixeches a cama no chan, e mollaches a berberichiña, que aínda a tiñas fresquiña do vrán. **Ofelia**

Todas rin e aplauden.

A UNIÓN DA VECIÑANZA E O APODO DE MEDIA XENTE

Temos o apodo de media xente, díghocho, nena. Resulta que os homes ían ao mar, chamábanlle ir á tarrafa *(embarcación de pesca), que estaba en Espasante. Ían á noite para ir para o mar e cheghando antes da hora sentábanse e poñíanse a falar todos eles. Pois os de Céltigos, que tamén ían para o mar, ían para a Fábrica antes carrear nasas, leña para a fábrica, para cocer o peixe... E claro, o dono da fábrica dicía "me cagho en tal!! Cheghastes aghora e os de Céltigos xa levan toda a apañada aquí e vosoutros nada, vosoutros sondes media xente!!" E dixéronlle os de Ladrado "non somos media xente, nós somos moi listos e traballamos cando temos que traballar". De aí veu o de "media xente". **Amalia**

De Ladrado sorpréndenos moito o nivel de proximidade no vínculo entre elas. Coñécense ben e apóianse, algo que se detecta nos encontros con elas. Tamén o verbalizan con satisfacción.

Na miña época, que eu marchei con 18 anos para Uruguay, era "ti non te metas cunha de Ladrado porque é como meterse nun niño de avespas que veñen todas enriba de volta". **Ofelia**

*Iso pasaba, si, que eu na miña xuventude, aínda que era de Couzadoiro, teño saído con xente de aquí e eran como unha piña. Nunca marchaban as unhas sen as outras. **Isabel***

*Podemos criticarnos entre nós, pero que non veña naide de fora a dicirmos nada. **Ofelia***

*Se che digo onde vivimos, onde vive Lourdes, que temos as casas xuntas, chamábanlle a feria de muestras. Alí estábamos todos xuntos, os veciños á noite hasta as doce da noite, parolando, ríndonos. Eu acórdome sempre. **Lola G.***

Explican como se falan de xanela a xanela. De casa en casa.

*É unha paz, levámonos todos moi ben. **Celsa***





INFANCIA

Crecendo entre o xogo e as obrigas

CAP. 4 |

INFANCIA

O SEU NACEMENTO

A retrospectiva á súa infancia colócanos tamén na experiencia vivida polas súas proxenitoras, en concreto polas súas nais e avoas.

Que persoas formaban parte do sistema familiar cando elas naceron, que sostén tiveron as súas nais, quen as asistiu neses momentos de vulnerabilidade e en que condicións desenvolveuse. Estes foron os primeiros pasos dos seus traxectos vitais. Moitas non o saben, outras si, porque llo contaron madriñas, tías e veciñas.

Eu viña apurada e non houbo moito tempo. Saín e xa está. Do da miña irmá, que eu tiña 6 anos, si me acordo (refeiríndose a Charo) porque a miña nai pensaba que lle facía mal o caldo e eu díxenlle "non comas máis, mamá". A miña nai mandoume a buscar á miña avoa, que vivía aí arriba. Díxome "dille a avoa que veña, que me fixeron mal as papas". Entón a miña avoa xa entendeu e veu rapidiño. Non me dixo que estaba de parto porque non o sabía tampouco. A min usáronme de recadeira pero non vin nada. Ela

*era moi linda e preciosa e ségueo sendo. **Ofelia***

*Eu non sei nada. **Ermitas***

Tróuxoa San Pedro a ela. Di Ofelia chanceando.

*Foi alí, na miña casa, ao vir miña nai de traballar. De traballar moito, moito. De carretar o alghazo. Todo era tabú, entón tampouco che contaban moito. Pero foi así, despois dese esforzo. **Felicidad***

*Pois eu nacín para o outro día da festa de San Fernando, as 6 da mañá, e meu tío viña da festa e non o deixaron deitar. **Isabel***

*Eu non sei ben se nacín o 12 ou o 14 de novembro porque non se asentaban as partidas. Ao mellor ata dous ou tres días despois, seghún onde estivese o pai. É verdá, seghún onde estivese traballando, había que esperar. Por exemplo, o meu home naceu o día 2 e ata o 12 non o escribiron na partida. **Aurora***

*Había que ir a Ortigueira ao ayuntamiento a pé, se estaba o mar seco podías ir por aí e se non pola vía. **Ofelia***

*Se iba "aquele" tiñase que acordar se era nena ou neno. **Amalia***

Miña mamá quería nenos e tivo dúas nenas, entón parece ser que estaba toda a xente arredor, pendente de min... E dixo "atendédeme a min e deixade a cativa". Non me parece mal porque ela era buena e sei que me quería igual. Pero saíulle así. **Charo**

Falan dos poucos recursos dos que dispoñían e do privilexio de conseguir asistencia médica.

Todo era na casa. Ás veces, se lle daba a ghana, viña un médico de Loiba que lle chamaban Lucho. Se se tiñan cartos, claro! Porque custaba caro. Axudaban as nais a parir. **Celsa**

Había unha señora tamén que se dedicaba a iso, que se daba maña, unha parteira. Avelina o seu nome. **Lola G.**

Ía a todas as casas, verdade? Por toda a parroquia. **Charo**

A comadrona, diríamos agora. **Pura**

Ela facíao todo moi limpo, eh. Decía "Fervédeme augha, traédeme toallas"... Eu oía que lles decía así á miña madriña e máis á miña mai, non sabes? **Charo**

Felicidad fala de como naceu a súa irmá Maruxa, unha das compoñentes do grupo.

Naciches máis axiña ca min. Eu tiña 18 anos. Lémbrome

que pasaban os homes para a taberna que había e ela aínda non se queixaba e, cando volveron, xa estaba a chorar porque nacera. Eu non axudei, axudaban unha madriña e unha tía. **Felicidad**

Ela o sabe, que xa era moza. Eu pódoche contar do meu bautizo que mo contaron. A min fóronme bautizar, tiña eu semanas, e había que levar unha toalla e había un cura que se chamaba "buen hijo", e collía todas as toallas de bautizar e levábaas para casa del. Meu padriño colleu a toalla e metouna aquí e díxolle "iso non, eh, eu levo a miña toalla para casa". **Maruxa Y.**

Eu non sei nada, miña filla. Fun a primeira de seis irmaos e non sei máis nada. Sería na corte, porque me acordo que o do meu irmao foi alí. **Pura**

Mira, somos tres irmaos e eu teño oído que nacimos os tres na bodeghiña da taberna do Reino. Miña nai dicíalle ao meu pai "Alfredo, non te vaías que vou dar a luz" pero el foise ighual. Non había luz, así que ela encendeu o candil e non sei como faría que o candil caeu e a criatura naceu, pero non vía para atarlle o cordón. Eu non sei quen foi, somos tres. **Graciela**

Miña mai estaba lavando no río, alí ao pé da igrexa. Alí había unha señora que tamén parira e ela tivera dos nenos e

díxolle "ay, tenche Modesta unha nena!", por ela. Daquela facíase a boghada (lavar a roupa) na casa. A blanca tuda metíase nunha tilla e botábaselle augha fervida con cinza e xabón. No lavadoiro lavábase despois de colala na casa.

Amadita

Ela fai unha aclaración sobre como era o proceso de lavar a roupa para seguir contando a anécdota do parto da súa nai.

E díxolle ela "bueno, así que tiveras a roupiña lavada e a colada feita, ter unha nena que ben sería, tamén a estimaba". Efectivamente, para o outro día meu pai colleu a roupa e foilla levar ao río nun paxe e ela estando lavando na roupa empezáronlle as dores, e deulle unha e seghiu lavando, penso que lle deu a seghunda, deixou todo no lavadoiro e dixo "ai, marchou que vou parir". Cheghou alí a en frente onde está a peluquería e estaba Socorro no camiño, foille mal pero aún lle deu outra máis forte e alcanzou chegar a casa e pariu alí. **Amadita**

Ai, á miña nai moito cariño costoulle, estivo á morte. Si. Ademais que fumos tres irmás e Deus mío queridiño. É verda. **Amalia**

Preguntámoslles se había algunha forma de paliar a dor. Falamos con elas sobre que lles axudaba nos partos





ás súas nais, ou máis tarde a elas. Fálannos do famoso viño doce Sanson. Corríxense unhas a outras, dubidando de se se lles ofrecía ás mulleres antes ou despois do parto, a maioría está de acordo en que era unha vez que xa pariran. Mencionan tamén algúns alimentos que se lles preparaba para repórtese do gasto calórico.

Pucheiro de ghaliña. **Lola G.**

Sería pola ghrasa. **Isabel**

Tamén caldos de ovo para enghordar. **Dulce**

O MAR E A TERRA, A SUBSISTENCIA FAMILIAR

Un dos elementos que vertebran as súas historias de vida é a orixe socioeconómica e de clase das súas familias de orixe. De que se vivía nas súas casas e cales eran as súas posibilidades reais de prosperar.

Na miña cultivábanse as terras para a subsistencia. Usábase moito ir aos percebes. Os meus pais tiñan unha lancha motora que levaba a 8 homes aos percebes. Era capital deles con outros irmáns. Sacaban unha parte para a lancha e outro do que collía cada persoa. Eu nunca pasei fame. Vendiamos os percebes, levabámoslos á Coruña. Vendíaos un home alí que era o representante. Naquela

época quen non tiña un mariñeiro pasábao peor. **Ofelia**

Escoitámolas falar sobre o uso do marisco. Contan que os mexillóns se botaban nos terreos para abonar, os percebes non.

"Só ían os homes, de Ladrado ían todos. O teu pai jubílose na lancha do meu pai". Dille Lola G. a Ofelia.

Aquí en Ladrado vivíase moito dos percebes, e dos berberechos e as ameixas as mulleres. **Maruxa Y.**

Cando era o tempo do chicharrón viñan cargados. **Aurora**

As nais e a falacia sobre a feminidade tradicional

As súas intervencións, tanto ao falar delas mesmas como das súas predecesoras, contrapón con frecuencia o arquetipo de muller dócil, débil e dependente que se reforza e se naturaliza desde a mirada hexemónica do patriarcado.

O máis sorprendente é que esa imaxe falsa e estereotipada da feminidade perpetrou tamén o seu marco de crenzas, mesmo cando non creceron con esas representacións na súa infancia.

Miña mai iba ao peixe aí á ría, e coma miña mai, todas aquí. Ían coller o peixe e ían cun paxe por alí polas montañas. Ían

carghadas arriba, ao subir, e volvían carghadas, de maínzo ou do que xuntaran, ao baixar. **Ermitas**

Eran as peixeiras, ían ao mellor ao troque. Porque levaban e traían, en vez de pagharlles con cartos paghábanlle con trigho, con maínzo, con patacas... **Isabel**

Co que fora. Miña nai iba aínda coa barrigha así (facendo o xesto de estar a punto de dar a luz). **Ermitas.**

Ían ata San Sebastián de Devesos, a Insua, as Neves, a Ghrañas e a Mañón. Desde aquí, do muelle de Ladrado, co paxe as costas. **Dulce**

Miña mai dicía sempre que tiña subido pola carretera das Pontes e baixar por Couzadoiro. **Lola G.**

Se nosoutras o pasamos mal, peor elas. **Felicidad**

Miña nai estaba con todo, tiña sete fillos e tiña que andare co ghando, na casa, coidando, e ía co peixe tamén. **Aurora**

Mamá de primeiro, de solteira, traballaba na vía machacando as pedras. Despois de que se casou, facía coas vacas, coa casa, pero co peixe xa non. Tiñan dous ou tres vacas, porco, ghaliñas... Tiña que traballar, parar non paraban, e tiñan terra. **Charo**

Charo fala do seu pai con orgullo, afirma que vía unha

diferenza con outros homes da época nas responsabilidades domésticas e os coidados.

Miña mai era labradora. Entonces cando el viña do mar, axudábaa a ela. Eu non é por presumir, pero meu pai era moderno, dicía "quero cas miñas fillas sepan facer de todo". Cando estaba, miña mai cociñaba e meu pai era o que estaba coas vacas ou estraba na corte. Eu quería tamén estrar na corte pero non me deixaba porque había moito toxo e eu era moi pequena. Eu quería traballare. El últimamente facíalle a cena a mamá. Non cociñaba porque non tiña falta, pero si facía unha tortilla francesa, unha ensalada... Si, si. El facía de todo, facía paxes, cortáballe o pelo aos homes, ía os percebes, era un manitas, eh. **Charo**

Iamos cando viña o peixe. De noite, no tempo do chicharrón, durante o inverno. Tocaban o corno e baixabamos, fose a hora que fose. Os botes primeiro ían axudarlles se vían un barco alí no Cabo, ían a remos ata alí para recoller a rede e por iso dábanlle unha cazada de parrochiña, de sardiña... Despois nós carghábamolo peixe e cambiábanche. Por exemplo, ti dabas a sardiña e dábanche unha desas palanganas de trigho ou de ovos... Nosoutros vendiamos no Baleo. **Amadita**

Miña mai ía por Senra e vendía polo que lle daban maínzo ou trigho, porque a xente que lle compraba o peixe non tiña

os cartos e ela vendíallo ighual. **Felicidad**

Dicímoslles que en Ladrído, coa horta e o mar, tiñan a alimentación básica cuberta.

Si, neniña, pero aquí en Ladrído había moita xente. Porque, por exemplo, había xente que tiña terra para traballar pero había xente que non tiña nada, e tiña que levala de quen a tiña, e pagar por ela. **Amadita**

Por un ferrado de trigho ou de maízo tiñas que devolver, non sabes? **Celsa**

Había moitos matrimonios que non tiñan nada máis que o día a día. Ían pescar coa caña as maragotas e aos percebes, se valía o mar. Cando ían ao cazón e na primavera á sardiña, á parrocha, ao chicharriño. E de inverno ao chicharrón. Para telo para máis adiante salábamolo ou lañabámolo. Abríalo, secábalo e gardábalo, así o comías cando querías. Tamén frito ou asado nas brasas. Salábase a sardiña no mes de outubro, cando non ten grasa. E un chicharrón deses ghrandes partíalo, salábalo e xa te tiña para comer as patacas cocidas todo o inverno. Chamabámoslle as patacas do porco, as pequeniñas, que aghora se asan. Botábalas encima do balde que picaban as verzas e quedábanlle as mondas nada máis para os porcos. **Amadita**

A ambigüedad presente entre o custoso das obrigas



de traballo na infancia, da ausencia de comodidades e, en moitos casos, da falta de alimentación básica mestúranse con sentimentos de desaforo, liberdade e diversión.

*A miña infancia, naqueles tempos, foi feliz. Non teño nada de que queixarme, eramos dúas irmás, lévolle seis anos á miña irmá. Os meus pais déronme todo o que podían e máis do que podían. Mandáronme á escola, mandáronme a aprender a coser, mandáronme a máquina. Eles si se sacrificaron. Iba coas vacas, iba ao lindeiro, iba cos feixes de herba, pero non teño nada que reprocharlles porque nos criaron ao grande. Estiven aquí ata os 18 anos. **Ofelia***

*Si, nós penso (referíndose a súa irmá Ofelia) que tivemos unha infancia bonita, fumos á escola, fumos cosere. Tamén axudamos coas vacas e con iso, pero a verdade é que... Cando viñamos da escola igual deixábanos unha nota mamá "merendades e despois vade a tal sitio", a buscar a ovella ou o que fose. Claro, tíñalles que axudar a recoller o trigo, as patacas, o maízo, a arar (as tribas), levantar os nabos para as vacas... **Charo***

*Iso facíase en verao, se segha pola patrona e mállase a primeiros de agosto. **Isabel***

Que cousa máis bonita cando eu era nena! Fun mimada o máis de todo. Eramos eu e máis meu irmao. Tiven unha



irmá, pero antes de nacer eu. Morreu de nove meses, me parece. Meus pais eran labradores. Eu xogaba moito cos cativos, xogabamos ao cruz e raia, ao escondite. Na casa viviamos a miña nai, o meu pai, a miña tía, o meu irmao e máis eu. A min non me faltaba nada porque miña tía foi a primeira pensión que se cobrou dos vellos, miña tía e a dunha tía de Amalia. **Celsa**

Celsa cóntanos que a súa casa era grande, todo o mundo nela tiña a súa propia habitación, un privilexio case descoñecido naquela época.

Non todas tiveron infancias desafogadas como contan Celsa, Charo e Ofelia, aínda sendo conscientes da súa humildade económica, outras tiveron menos sorte e iso impactou as súas memorias, penurias que non lles pasaron en absoluto desapercibidas. Os recordos de alegría e diversión desvanécense segundo van relatando as súas experiencias.

Ai, eu non che vou contar nada, porque nada é bon. **Felicidad**

O resto rin.

Desde pequeniña pa o lindeiro con dúas vacas, co paxiño nun cesto cheo de leña, a Penaquente cunha molida, a que si, Amalia? Non che minto nada, non conto nada máis. **Felicidad**

Podes contar, non é verghonza ningunha! **Celsa**

Iso é bonito. É un orghullo. **Lola G.**

Foi o que foi, non vas mentir, esa é a verdade. **Dulce**

Na casa de miña abuela estiven ata os once anos. Alí estaba José, estaba Amante, estaba María e tamén Saturnina. Tiñan dúas vaquiñas ou tres, todo o máis tres. E eu catro anos xa ía ao lindeiro con meu abuelo. **Graciela**

Eu tiven unha irmá máis vella ca min e un irmao máis novo ca min. Na casa viviamos meu pai, miña mai, meu abuelo e miña abuela e tiñamos unhas tías que non lle eran nada, pero que as cuidaban, e máis M^a Vicenta. Todas na casa. Non había habitacións, había unha habitación arriba que era unha sala ghrande e outra sala ghrande abaixo. Non había máis nada. **Lola G.**

Nacín o ano 30. A miña infancia foi aquí en Ladrado, eu non salín a ningún lado. Estuven aquí sempre. Ghracias a Dios que comer tuven. Primeiro tuven a casa máis pequena, despois túvena ghrande. Viviamos meus pais e nós, que eramos tres. Iamos ao lindeiriño e a escola daquela maneira. **Amalia**

Miña mai era panadeira e tamén ía co peixe. Daquela non se vendía, non era a panadería de aghora, cocíase un día ou dous na semana, ou así. Todo o mundo tiña trigho,

todo o mundo tiña maínzo. **Graciela**

Pero non todo o mundo tiña forno, así que levaban para amasala alí. **Amalia**

Ai, si, meu pai era o que amasaba, miña mai era moi folghazana. Ela traballaba á súa maneira. Ía aos percebes e íaos vender á vila, tamén ía co peixe. Traballaba así, pero miña mai nunca un bolo metou no forno. E, sen embargo, eu metinme panadeira e enfornei dende o primeiro día eu sola. **Graciela**

Na casa da miña mai, había trigho e había maínzo. Pero non había o carto que non había onde ghanare, ían aos percebes se valía o mare, pero se o mare estaba bravo, xa non podían ir. Non había outra gañanza. Tiñamos pan e peixe. **Amadita**

E mexillós e berberechos. Pero iso foi despois, antes non se collían, non se sabía. **Lola G.**

Eu pasei fame espesa. Ía ata a escola a buscar o pereiro, cando nacía xa as comía todas. Quen che sabe a vida! Ermitas e máis aquela (Aurora) sábeno ben. Pasei moita fame. Eu tiña unha barrighuiña así toda hinchada de non comer. **Graciela**

Ensaghadiña, chamábanlle, saghadiña quere dicir así polo fame. **Amalia**



*Eu recordo que así que fun un pouco ghrande, mandában-me o lindeiro cun saco ao chocho. **Amadita***

"Ti non sabes o que é?" Di Pura. "Era así (colle unha bosa de tea e explica como se facía co saco colocándoo de tal forma que quedaba colocado na cabeza)".

Explican que non había paraugas, así que era para o frío e para a choiva.

*De nove anos xa amasaba eu para facer o pan de maínzo. Botáballe un pouco de trigo e no forno botábao meu pai. Canda daba miña nai a luz. Porque á miña irmá máis nova lévolle nove anos. Nós fomos nove irmaos e quedamos dous agora. Nesa casa vivía meu pai, miña nai, meu abuelo e máis un primo que morréralle a súa nai nos perces aí na barra da Vila. El tiña cinco anos e recolleuno meu pai e máis meu abuelo, que meu pai aínda non se casara, estaba para casarse. Os meus irmaos foron morrendo de pequenos, quedamos cinco. Eu era a terceira. O primeiro era meu irmao máis vello, despois naceu outro, e ese morreu, despois nacín eu, despois era miña irmá, e despois morreron outras dúas nenas. Morrían de oito meses, dun ano... Eran pequenas. Unha morreu acabada de tomar un biberón de leite coas lombrices. Afoghouna. **Amadita***

"Ai, Jesús!..." Oése ao resto dicir.

*Dábaselle o peito ou leite da vaca. **Lola G.***

Daquela non había medicamentos. Ademáis houbera o tifus. Na miña casa tiveron todos o tifus menos miña mai e máis eu. E lavabamos a roupa e pranchabámola porque aquí morreu moita xente. Veu como unha peste, como agora isto (referíndose ao Covid-19), era un mes de estar enfermos. Daba con fiebre e daquela non había nada, e o médico había que pagalo, pero tampouco che facía nada.

Amadita

Preguntámoslle a Amadita como vivía a súa nai o falecemento das súas criaturas.

Miña nai, como eran pequenos, pois naquel momento sentíano, pero despois non é como por exemplo aghora, que che morre ao millor de mozo. Porque aquí moita xente tiña moitos fillos, pero mitad deles morrían poque non había tratamento nin había nada, e morrían. A vicería.

Amadita

MANDAR CRIAR ÁS FILLAS

*Miña mai mandoume para a casa dos meus abuelos. Bueno, podía criarme pero.... **Graciela***

*Era panadeira, foi por iso. **Amalia***

Amalia, ao percibir o enfado de Graciela, trata de

xustificar a súa nai, nese xesto tan conciliador e habitual da feminidade: a predisposición á empatía e o valor de preservar como imprescindibles os vínculos familiares.

E como podía criar eu á miña filla solíña, entón? Pois a criei e tamén fun panadeira. Todo o mundo pode criar á súa maneira, non? Eu non deixaría á miña nena ir para ningún sitio. E coma eu Saghraio, miña irmá, que foi a casa de María, foi a casa de Magdalena, foi a casa de Aurora dos Castros e foi a casa da abuela desta (di sinalando a outra das mulleres). Eles quedaron co meu irmao, que era máis novo. Si que podían criarnos a todos, todo o mundo pode criar aos fillos, o que pasa e que cada un é cada un. Eu digho que os nenos teñen que estar coas madres. Graciela

Algunhas delas foron criadas por veciñas, avoas, madiñas ou matrimonios que non tiñan descendencia. Graciela, nas súas intervencións, móstrase doída pola decisión que levou á súa nai, do mesmo xeito que a outras, a afastarse das súas fillas e fillos, aínda cando os motivos tiñan que ver coa subsistencia.

Aos once anos dille miña nai a miña abuela "voulle levar á neta" (en referencia a que volviese a casa) porque eu xa ía ao lindeiro e todo aquilo. Miña abuela díxolle "lévame ás fillas pero non me leves á neta". Mais levoume. Eu si quería

volver con miña mai a casa, pero era moi peghona, peghaba por nada. Tamén castigaba moito. Graciela

As figuras de apegos vólvense prioritarias a pesar do desacordo nas decisións. Ela na casa da súa avoa, como manifesta ao longo das sesións, sentíase moi querida, pero volver ao seu núcleo familiar era imprescindible para o seu eu infantil.

Máis tarde, á volta da emigración, explícanos que esa relación, grazas ao paso do tempo, puido, en parte, repararse.

Despois estiveron en Inglaterra e eu andaba mal de matrimonio, e Maruxa de Elvira, que estaba alá comigo, díxome "túa nai díxome que vaias para aló". E dígholle "Maruxa, eu con miña mai non levo vida". E díxome "ai, cambiouche, cambiouche moito". E si volvíñ, e estiveron oito ou nove anos con eles. Graciela

O caso de Amalia foi algo diferente, aínda que mantén o patrón común de ofrecer ás fillas aos matrimonios que por algunha razón non as tiñan, para así ocuparse da carga dos traballos domésticos e dos coidados no emocional.

De pequeniña non me faltou nada, meu pai era mariñeiro e percebeiro. Miña mai facía canto podía, pero enfermou e morreu con cincuenta e pico de anos. Ata aquilo nós era-

mos reinas. Despois mandáronme cos meus tíos porque eles quedaron sen a súa filla, que casara, e mandáronme a min. Tería doce anos. Alí dábanme o que quería. **Amalia**

UN DÍA NA VOSA INFANCIA

Queremos que conecten coa sensación corporal de volver un día á súa infancia. Que sucedía alí, no seu día a día, o máis habitual, aquelas experiencias que eran parte dos seus costumes infantís.

Levantábame e, como as demáis, cando era hora, levaba ás vacas ao lindeiro. Se ía traballar ao terreo, ía cos meus pais e despoís na casa tamén había moito que facere.

Ermitas

Eu de nena ía coa miña tía a buscar a herba cun feixe na cabeza. Tamén ía buscar a leña para arriba do Baleo.

Graciela

Cuando víñamos da escola iamos axudar á miña abuela, que en paz descanse, a buscar o ghando, que había tres vacas, había ovella e, as veces, tamén tiña crías. Ela era moi maior, porque nacera no 1892 e tiña moitos anos, por iso iamos axudar. Despois á noitiña facíamos os exercicios, os deberes. Tíñamos luz de carbón pero acórdome cando puxeron a luz, a primeira vez era dunha turbina que había embaixo do muiño. Puxérona para os veciños, que eramos





nove ou dez. Tiñamos unha luz arriba, unha na cociña e unha na cuadra. **Isabel**

Eramos sete irmaos. Pero eu me parece que sempre fun a máis mimada da casa. Porque tampouco non tiña salud. De pequena, eu que sei, púxoseme unha perna con pus. E despois esta perna reventou cando estaba na cama. Leváronme ao médico, que era na vila. Transporte non había, así que levábame meu pai, que en paz estea, no brazo. Eu tiña nove anos. A veces levábame miña irmá máis vella, pero eu non quería porque non sabía collerme como facía meu pai. Andei luchando, luchando, ata que me curei. Díciánme que ía morrer. Un día cheghou miña irmá xunto de min a miña cama e díxome "abaixo está dicindo todo o mundo que vas morrer" **Aurora**

O resto rin.

Pero a min tanto me daba nese momento que ía morrer ou que ía sanar. Miña avoa dicíalle "sácate de aí, cativa". Eu saín ben daquela enfermidade, gracias a deus non quedei coxa. **Aurora**

Aurora repite cada pouco que fala que ela foi a máis coidada. Por iso, fixo traballos que tiñan máis que ver co doméstico e menos coa terra.

Eu vouche contar. Fomos sete irmaos, seis eran máis

maiores que eu. Iba ao lindeiro, iba a escuela e nada máis. Ao lindeiro iba tamén aínda que houbera escuela, porque tiñamos cinco vacas. Meu pai, que en paz descanse, trabataba nas ovellas, íaas comprar e despois íaas vender. Os sábados e os domingos era raro que estivera na casa. E miña nai muxía as vacas, encaldalas, cociñaba, os cristais moito non se limpaban, so o día de San Juan e o día do Cristo, o día do Patrón. E aí che vai todo. **Maruxa S.**

Nos seus testemuños hai un salto entre as experiencias das súas nais, as súas e tamén entre as das máis novas e as máis maiores do grupo, como as de Lola S. e M^a José, que pertencen a unha xeración despois.

Eramos catro na miña casa: meus pais, meu irmao e máis eu. Lévame meu irmao nove anos. Meu pai andaba ao mar. Miña nai andaba coas vacas, tamén tiñamos ghaliñas e porcos. Eu a escola ía, pero ao lindeiro todo o tempo nas vacacións. **Lola S.**

Nós, eu e máis Lola S., fixemos practicamente as mesmas cousas. Nos íamos á escola, tamén ao lindeiro, a apañar as patacas, pero nós non pasamos o desta xente, vaia. (referíndose ás maiores, tamén á súa nai, Amadita) Xa comimos chocolate e algunha cousa. Cascarilla a min encantábame, do resto non comía nada. **M^a José**

TAREFAS E MANDATOS DE SER NENA

Non é o mesmo nacer home ou muller no contexto actual en ningún lugar do mundo, nin moito menos érao para elas na Galicia rural dos anos 20, 30 e 40.

Ser nena tiña unhas implicacións e unhas cargas das que os seus irmáns e veciños estaban exentos por unha cuestión de xénero. Os seus testemuños expresan no concreto o desequilibrio desproporcionado que vivían nas súas rutinas con respecto aos seus iguais homes. Elas tiñan pouco espazo para a lixeireza e a inocencia infantil.

Fixéronse cargo desde moi pequenas do sacrificio propio dos traballos de coidados, dos labores domésticos interminables e tamén daquelas tarefas que tiñan que ver coa labranza e os animais.

Ía ao lindeiro así que puiden coa corda. Mamá, mandábanme ao lindeiro a min e á escola mandaban a meu irmao, porque dicían que había que ir ao servizo e tiña que escribir a casa, e eu ía poucas veces (di ríndose). Antes non che era como agora, facíamos o que nos mandaban. Algho fun, que algho sei, escribire e máis ler. Ghústame máis ler que escribir e leo mellor que escribo. E despois, así que fun

crecendo un pouco, iba coa miña mai co peixe. Levaba o feixe cheo del. Saíamos de aquí e iamos a pé ata Mañón. Tería doce anos, que non tiña máis. Un día acabamos no campo de Ghrañas. **Amadita**

Cando meu padre ía para o mar, quedabamos miña nai e máis eu. Meu irmao era máis pequeno. Miña mai alo-mellor ía aos carabullos, a picar neles, e dicíame: "Lola, así que mandes a teu irmao para a escuela", deixábame o carro xa ben posto, "ti colles as vacas e ves para Xedrís", e acórdome sempre. Cargaba na leña ela enriba e eu debaixo. Iamos machacar os cotillóns, que é cando se escolle o trigho que queda duro, que se araba. Cando viu de primeira vez, levantaba cotillóns como esta mesa, e había que machacar, que picar, e facíamos o que había. **Lola G.**

Eu non, eh, meu pai quitoume de todo iso. **Celsa**

Eu vinte a ti arar co arado de ferro, eh. **Pura**

Bueno, muller, porque se da a ghana diríalle ao meu pai, "papá, déixasme?". **Celsa**

Ai, eu arei, eh. **Lola G.**

Eu son a máis vella dos irmáos. Cando meus pais non estaban na casa e deixábanme ir a escola era porque me ocupaba del aí. Poñíanme a chave nun sitio e eu

entraba e facíalle algo de comer ao meu irmao, con seis anos, e máis pa min, e volvíamos á escola.

Facía ou ovos, ou chorizos, ou roxón, ou unhas lascas de xamón, porque había se mataban un dos cerdos. Así eu volví a cerrar, deixaba a chave nun sitio, e volvíamos a ir pa escuela. **Isabel**

Eu tiña unha irmá seis ou sete anos máis nova, era máis moderna ca min, eh. Por que o digho? Era máis ghuapa. Eu tiña unha tía servindo na Coruña, que serveu toda a vida alí na familia do magistrado da audiencia, que logo foi para Madrid, e miña irmá foi a Madrid ficar con ela de paseo, e eu coas vacas ao lindeiro. **Lola G.**

Iso non quere decir que fóra máis lista ela, eh. **Celsa**

Ir traballar á cidade para o servizo doméstico da xente adiñeirada era un signo de ascenso e prestixio social. Aínda que nas casas onde traballaban normalmente estaban atravesadas polo clasismo que exercía a burguesía á que servían, nos seus pobos de orixe eran admiradas e tíñanas en boa consideración, á fin e ao cabo convertíanse en "señoritas de cidade", "máis refinadas", "con máis mundo" que as que permanecían no rural.

Oíchesme? tamén che vou contar un conto de miña mai.

A miña irmá estaba enferma e levouna ao médico á Coruña, e foi para casa deses señores onde estaba a miña tía. Entón foron durmir alí para levar á miña irmá ao médico. E díxolle: "Raqueliña, cando cheghes, se é pola mañá dis 'buenos días', se é pola tarde dis 'buenas tardes', se é a noite dis 'buenas noches', e se están comendo 'que aproveche'. Vai miña irmá, cheghou e díxolle á señora, que lle chamaban doña Pilar, era coma da familia, cando lle preguntou como estaba: 'moi ben, doña Pilar, buenos días, buenas tardes, buenas noches, que aproveche'. **Lola G.**

Eu á escuela ía, pero ao lindeiro sempre, e moito máis nas vacacións. Despois fun coser, fun bordar. **Lola S.**

Lola foi moderna. **Lola G.**

Rin.

Non fun moderna. Eu díxenlle á miña mai, "non quero volver coser". E díxome, "ai, ti non, ti coma a túa tía Saturnina, arado de ferro". Eu daquela prefería o campo. **Lola S.**

Aos nenos non lles deixaban nin recoller o prato. **Dulce**

Tampouco lavar nada. **Pura**

Eu tiña que facer os labores da casa, as camas, limpar pola

casa toda. A maior Socorro foi a que máis traballou sen descanso. **Amalia**

Meu irmán nunca fixo nada e eu ademais ía á escola e tíñalle que ensinar tamén a el, que pasaba o día mirando para as moscas. Eu lavaba, limpaba, facía as camas, cociñaba e despois aprendín a coser e aos tres meses xa comencei a ir polas casas que non había naide. Meu irmán despois foi ao mar, e aos 14 anos mercou unha moto. Pero non tiña idade para ter o permiso. Eu lévolle tres anos, entón saqueino eu e eu conducía a moto, ía coser na moto e saía de paseo coa moto e facía o que quería. Eu xa tiña cartos, eh, que eu á semana ighual tiña 500 pesetas. Sempre os tiveron por min, que comecei con 15 anos a coser polas casas e, se non me deixaban ir, eu lles dicía aos meus pais que non me facían falta os seus cartos, que xa os tiña eu. **Isabel**

TRASNADAS E ANÉCDOTAS

A picardía, a astucia e a creatividade definen gran parte das súas memorias infantís e son, sen dúbida, as que máis lles gusta lembrar.

Todo o mundo saía da casa para ir traballar e eu quedaba con miña abuela. Miña abuela parolaba sempre coa veciña, chamábanlle tía Dolores, e entón... Xa verás, por



iso estou eu ghordiña. Resulta que alí fóra había un balde cheo de patacas que tía Dolores lle cocía ao porcos. Pois miña avoa arrimábame ao balde e eu comía canto quería o tempo que elas parolaban. **Lola G.**

Moitas das súas lembranzas teñen que ver coa comida, polo anhelos que lle tiñan.

Eu quedei na casa e o resto marchara seghar. Papá andaba ao bonito e a un barco non sei que lle pasara, debeu perder mercancía, eran plátanos. Veu todo o mundo do porto e veu unha de Ladrado cun racimo de plátanos, madre mía, como os que se colgaban na taberna, e dixo 'Está mamá? Bueno, pois estes plátanos mándaoos pai-sano, que os encontraron no mar'. Trouxen os plátanos adentro e eu non sei como non morrín, porque penso que debín comer racimo e medio, eh. Nunca tantos vira na miña vida! Cando viñeron de seghar... O que pasa e que eu comín tantos para que non me viran. **Dulce**

Ai, eu vouche contar outra anéctoda. Miña mai, claro, callaban o leite. Fervían, e a nata, a manteca, poñíana á parte. **Lola G.**

Botábase o leite nun cacharro e deixábase alí dous ou tres días, ata que quedaba todo listo. **Maruxa Y.**

Sacábase a nata e poñíase nunha sopera para despois facer unha peza de manteca. E Purita e máis eu (elas rin) íamos á miña nai. A nata, claro, nunca medraba para arriba, sempre quedaban faragullos. E un día o tío desa (sinalando a outra compañeira), que era veciño meu, un día díxonos "Santa Marta de Ortigueira a muller que come a nata non ten sorte ca manteigha". Eu estaba sempre na casa del así que eu, cada vez que o vía vir, eu xa escapaba, porque era sempre o que me dicía. E a muller dicíalle "pero, Modesto, por que lle dis nada á pícara, que vai parar de vir aquí?" Así que parou de dicilo. Pero nunca llo dixo á miña mai, dicíamo a min soa. **Lola G.**

Nós pasabámolo bomba. Tirabamos pedras, petabamos nas portas de noite, e roubabamos froita, mazás, o que había. Unha vez roubámoslle claudias ao cura e o domingo predicou o que quixo para saber quen fora, pero nunca ninghén llo dixo. **M^a José**

A ESCOLA

A escola algo fun. Iamos, pero se igual había que ir para outro sitio, para o terreo, non ía só cando podía, cando me mandaban. Non era como agora. **Ermitas**

Dábame xenio ir á escola. Lere, era o meu. **Felicidad**

Aínda hoxe le moito. **Maruxa Y.** (A súa irmá)

Ai, si! Dábame xeniño ir á escueliña, deixábame ir pola mañá e pola tarde para ir á escuela, tíñalle que pedir á miña tía. "Mamá ou abuela, podo ir á escueliña pola tarde?" "Ai, vai pedirlle a Clara, porque non sabemos para onde temos que ir traballare". E aprendín a ler e a escribir porque me ghustaba, se non... Polas mañás fun case ata os 14 anos. **Felicidad**

Coma todas. Falan o resto.

Non todas e non sempre. Se tiñan un neno na casa, máis axiña ía o home que a muller. **Ermitas**

En todo, en todo, nena, era moi bonito iso! Comenta Dulce con retranca.

Tiñan esa teoría. Porque o home dicían que o precisaba e a muller tiña que quedar na casa, así que non pagaba a pena. **Ofelia**

Claro, os nenos eran por ir á mili, entón tiñan que aprender para escribir unha carta aos pais. Como a muller non ía a ningún lado... **Felicidad**

Eu cando empecei foi despois de que meu pai emigrara a Venezuela. Eu ía á escuela e ás veces tiña que quedar para mirar de meu irmao, porque elas (avoa e nai) traballaban no

campo, no monte ou onde fora. Dunha volta o profesor, alí en Couzadoiro, que eu nacín alí, díxolle á miña nai "cómpralle unha pizarra ao neno e máis un pizarrillo, e así pode debuxar ou a facer 'os'. Non deixes de mandar á pícara á escuela". Entón eu levaba ao meu irmao para poder ir eu tamén. **Isabel**

Na casa prendían ás vacas para que foramos nosoutras á escuela. A min gustábame ir a escuela, eu rabeaba cando eran as vacacións. Agora os nenos estiman que haxa vacacións, eu prefería ir á escuela que ir ao lindeiro. **Charo**

Á gran maioría gustáballes ir á escola. Nesa conexión e curiosidade que expresan pola aprendizaxe formal parecen importante preguntarlles cales eran as materias coas que máis gozaban cando podían acudir.

O que máis me gustaba era debuxar e mailos problemas de matemáticas. Resolver os problemas, cando os tiña que ler dúas ou tres veces, a ver se os entendía. **Charo**

Eu quería ser piloto de avións. Eu sabía que non me ían deixar ir, miña nai dicíame "ti estás trastornadiña, neniña, como vas aguantar ti un couso desos no aire" E miña Tania non quiso, que eu pagháballes a carreira. Ela fixo Recursos humanos. Eu quería que fose piloto. Agora díghollo á miña neta "Lena, sé piloto". E dime "abuela! Ti estás tola!" Son moitos cartos, pero eu tamén llo pagaba, sería unha ale-

ghría para min! **Maruxa Y.**

Estudabamos as ciencias, as matemáticas, ler, xeografía, os ríos e todo iso. A xeografía e as matemáticas era o que máis me ghustaba. **Isabel**

A min as matemáticas, tamén. **Maruxa Y.**

Falan en alto sobre a separación entre nenas e nenos, e todas comparten que ningunha delas asistiu á escola mixta. Din que a casa de Celsa era a dos nenos e máis a escola de Ladrido. A de Ángel Maior, a das nenas.

Así que lembre eu, de cando era nena o que me ghustaban eran os traballos manuais, coser, calcetar, ghanchillar... Aínda hoxe. Eu aínda teño unha máquina Singer, que foi de miña tía, que se foi pa' Montevideo. E na escola o que máis me ghustaba era ler. **Celsa**

Liamos a enciclopedia. **Lola G**

Poñíannos en grupos según os cursos. **Isabel**

Eu fun á escuela de doña Elvira Losada de Mera. Ela daba escuela aquí, pero era de Mera, era a madre dese que sale moito nos libros, que penso que morreu, Antonio Losada. Esa foi a primeira profesora que eu tiven. Metéronme con 5 anos e ghústabame, si. Ghústábame ler e máis as cordilleras, sabíaas todas no mapa. A xeografía e máis ler. Ler

é o meu, e aínda hoxe. As escrituras todas da familia que hai na casa linas, sei quen foron meus abuelos, meus tatarabuelos. Ghústame ler de todo. Meu pai nunca me sacou de ir á escuela, eso foi o que tuvo, ghracias a Dios. **Lola G.**

As miñas, nunca un día de escuela perderon por ir lindar as vacas. **Amadita**

Miña abuela dicía, "aprendede a escola, co raño non aprende que non quere" Díxoo sempre. Non se vivía o mundo de hoxe de ir estudar. **Mª José**

A EMIGRACIÓN DOS PAIS E SER NENA EN TEMPOS DE CONTENDA

Fillas de emigrantes

Algunhas, como Isabel, son fillas deses pais que emigraron a "facen as Américas" e que, no seu caso, igual que en moitos outros, nunca regresaron.

Meu pai marchou cando eu tiña 3 anos e meu irmao meses. Recordo que tiña nove anos cando quíxonos levar aos tres cara aló, pero miña nai non quixo que marcháramos con el. El quedou en Venezuela e fixo unha nova familia. Teño seis irmaos alá e eu lévolle 14 ou 15 anos a miña irmá máis vella de aló. Os coñezo por foto, non en persoa, e máis chateei con eles por internet. El non volveu. Cando el escribiu, miña

mai xa morrera. O carteiro de aquí díxome “hai unha carta certificada de Venezuela”, e eu lle dixen se non ma deixaba coller a min, porque era o nome da miña nai e ela xa morrera, ou que me deixara coller a dirección que me comunicaba eu con el, e así foi. **Isabel**

Queremos saber como foi para ela a ausencia do seu pai.

Non lembro que fose difícil porque tiña ao meu tío. O que pasa é que meu tío tamén tivo que emigrar pa Suíza cando tiña eu 9 anos. Eu recordo votalo de menos a el, non ao meu pai, porque tiña tres anos cando marchou. **Isabel**

TEMPO DE GUERRAS

A súa infancia desenvolveuse nun período histórico marcado pola inestabilidade e a inseguridade política e económica. Miles de galegos e galegas emigraron a América e máis tarde a Europa mentres a Guerra Civil Española e ao pouco tempo a Segunda Guerra Mundial impactaron nas súas vidas sen apenas prevelo. Elas eran xente modesta que nada tiña que ver coas motivacións do conflito e que, a pesar diso, sufriron gran parte das consecuencias directas en forma de fame negra, represión e emigración forzada.

Eu un avión nunca o vira. Moitas veces cando iamos para

o lindeiro levando as vacas, unha escapaba para un lado e a outra para o outro lado. E dicíanme, “vaime tornar a vaca” e eu dicía “non vou, eh, que vai vir o avión”. Eu ía onde fora, se me mandaban tirar no río tirábame ighual, do medo que tiña. Tamén asustábame porque vin como un avión tirou alí un barco ao fondo. Foi na Gherra Civil Española. Ai, tanto fuegho e aquel barquiño... Ai, mi madre querida. Ía todo o mundo alí arriba a mirar. Aquilo para min era tremendo. Porque a xentiña foise de aquí para a gherra. En cada casa íanse todos os homes e se había tres ou catro deixábanlle un á nai. E moitos aos poucos días xa os mataran así que, non ías ter medo? E eu era unha nena, que tiña seis anos. De aquí, de Ladrado, morreron tres. Despois filados moitos, porque falaban o que non debían. Falar á contra. **Amalia**

Nas casas non se podía falar disto. **Ermitas**

Caladiños, chichós, que non podías dicir nada, eh. **Amalia**

Se non che viñan a buscar á casa. **Graciela**

Pasouse moita fame pola gherra. Íase a San Sebastián de Devesos a polo maízo e non se podía pagar nada. **Amalia**

Eu recordo darlle miña mai ao meu pai unha pastilla de

*chocolate e escapar para o monte. **Graciela***

*Escapaban e na punta xa non cabían, andaban metidos por debaixo das penas e que sei eu como foi aquilo! **Amalia***

OS SABORES DOUTRORA

Un dos recordos que máis nos gusta evocar con elas son os que teñen que ver cos sentidos primarios, o gusto e o olfacto. As sensacións corporais provocadas por un cheiro ou un sabor activan sen esforzo as conexións co seu pasado. A que cheiraban as súas casas un día de festa? Que se comía segundo a época do ano? Cales eran os seus alimentos preferidos?

*Comiamos caldo, comiamos pan cocido e con sofrito, sopa de pan e de allo. As patacas fritas se ibas traballar e os ovos tamén, porque os ovos había que vendelos para comprar o aceite e o azúcar. **Amadita***

*Os ovos dábanchos se che doía a barrigha. **Lola G.***

*E o pan de trigho, tamén. **Pura***

Dicíalle eu a miña mai, "dasme hoxe o ovo? Se mo deses

*canto o podía comer!" **Amadita***

Rin todas.

*As ghaliñas non poñían os ovos como aghora, que poñen todo o tempo, antes poñían unha vez ao mes. **Pura***

*Ademáis poñían aquí, outro día poñían acolá, mitad deles perdíanse. **Aurora***

Aghora poñen todos os días porque se lles dan outras



comidas, daquela comían o que atopaban fóra e pouco máis. **Charo**

O melloriño, o melloriño, era para os homes sempre, porque ían ao mar. Facíaselles a panada. **Lola G.**

Os homes ían para o mar. Se había un pouquiño de leite, para os homes, se había unha pouquiña de carne, para os homes, e se había calquera cousa... Para os homes tamén! **Graciela**

Eu acórdome que na escola dábannos leite e queixo pero o leite non nos sabía porque sabía mellor o da casa que aquel, porque eran polvos. Pero se non tomabamos o leite non nos daban o queixo. **Lola G.**

A min o que máis me gustaba de nena era o peixe, pero había que vendelo. **Dulce**

Ai, eu muxeis, enchinme deles. **Lola G.**

Ao vivir moitas do mar preguntámoslles se apreciaban ou aborrecían o marisco. Á fin e ao cabo, podería ser unha das fontes que asegurasen a súa alimentación. Ademais, neste caso, cun alto valor nutricional, tendo

en conta as dificultades do momento.

Carajo que si! Ghustábanos! **Lola G.**

Vendíanse sempre. Os percebeos, so quedabas con eses que son finos, que non valen para comer. Algharrula, chámasele, os pequeniños de todo. **Pura**

A min non me sabía o peixe e non comía moita cousa. Entón un día miña nai castigoume, "non comes?", e eu "non", e ela "para o lindeiro vas aghora". E cando estaba alá arriba e eu quería xogar e dicíalle, "mamá, déixame ir que o como todo". "Ai non, cando me vaia eu". Volvía eu, "mamá, déixame que mo como todo". E díxenlle, "voulle dicir á miña abuela que me matas de fame" Foi ela, agharrou a bara e blum, blum, enrolei ata abaixo. **Mª José**

Nunca lle peguei ata aquel día. **Amadita**

Ai que non! Era boa! **Mª Jose**

Pero ese día xa tiña unha timbrada porque me cheghou. Sabes que me dicía? "Déixame ir que aghora cómoche todo" E despois comeu todo así que cheghou a casa. Era o que tiña, eu se lles dicía que non, por calquera cousa, e se

a castigaba non iba. Porque se as deixabas ir un día, para o outro día facían o mesmo. Peghar nada e a escola ían sempre. **Amadita**

Un recordo que teño é ca miña madriña despois de ir pola pensión, que foi das primeiras de Ladrado. Ía á praza a comprar un paquetiño así de galletas nada máis cobrala, era o máis iso. Ían pola vía a pé ata a vila. **Celsa**

O REGALO, O XOGUETE OU UNHA ILUSIÓN INFANTIL

O xogo atravesaba as súas rutinas en instantes fugaces pero significativos: levando ás vacas ao lindeiro, indo traballar ao terreo ou, nalgúns, os menos, nos momentos para o descanso e a recreación.

Na súa maioría, carecían de xoguetes. Como di Amalia, "xogaba as canicas, que eran pedras da praia, as redondas" pero algunhas sorrín ao rememorar algún agasallo inesperado.

A primeira boneca que me regalaron foi o día de reyes, non me esquecerei nunca xamáis. **Maruxa Y.**

A min foi unha pelota que me trouxo miña mai, ía para a eira con ela. Eran pelotas macizas, unha para min e outra para Isabel. Pero deixoume a min as dúas para escollelas. Non sei con cal me quedei. **Felicidad**

Moitas das que tiñan a parte da familia emigrada na cidade ou en países estranxeiros eran das máis afortunadas neste sentido.

O meu veu en coche de liña. Eu tiña unha tía servindo na Coruña, entón todos os xoguetes que lles sobaban usados aos ricos, onde estaba ela, que eran sete cativos, e mandábanmos todos. Entón na víspera de reis mandou un paquete no coche de liña. Meu pai sabía que ela enviara o paquete e naquel momento pasou un avión, e dixo meu pai, "mira, mira, que o tirou o avión e caeu xunto á casa de Encarnación de Regho!". E seghundo o abrín, a primeira cousa que había era unha foto do rei Baltasar, así que desmaieime, pumba, caín. Foi verdade. Díghocho eu que foi verdade. Desmaieime. Xa se decía, "tanto se morre cunha alegría que cunha pena" **Lola G.**

Eu recórdome de chavaliña que non había naide que tivera un reloj de pulso e tiña eu porque mo trouxo o meu tío de Suíza. Tiña 12 anos e recordo que daquela non había



ningunha da miña idade que tivera un reloj, pero tiño eu. Despois tróuxome francos e medios francos que eran de prata e fixéronme unha pulseira que aínda a teño na casa.

Isabel

O MELLOR E O PEOR DA TÚA INFANCIA

Convidámolas a elaborar en poucas palabras unha reflexión sobre o difícil e o belo das súas biografías temperás. Queremos que elas mesmas conclúan este capítulo do que en primeira persoa cren que mellor define ese comezo.

Os obstáculos

O primeiro impulso é o de expresar o custoso: "subir o alghazo"; "moita fame, moito traballo"; "ama de casa aos nove anos"; "o día que casou miña irmá, pensaba que nunca máis a ía ver"; "enfermar"; "ir ao lindeiro"; "cuidar aos meus irmáns, que era unha carcha pa min, fun unha escrava"; "xogar cunha pedra envolvéndoa nun saco, coma se fose a boneca que non tiña"; "a morte dun tío meu". Estas son algunhas ideas que saen sen demasiada reflexión mentres suxeitan entre as mans unha pelota vermella que lles ofrecemos para facer

máis fácil o proceso. A nosa intención ao materializar co obxecto as súas dificultades é que sexan capaces de sentir no corpo que si poden conter (e suxeitar) as penas e extenuacións do pasado, honrando así os seus recursos vitais actuais, construídos ao longo dos anos.

Cando foi a galerna, que o meu pai colleuna toda. Eu era unha nena, miña nai estaba enferma e mais estaba miña irmá e máis eu, e dixémoslle "mamá, o mar sube en pedramea que que sei eu". E despois xa tardaron en dicir "falta tal barco", outros se foran ao fondo. Meu pai non se sabía nada del, que daquela non había con que comunicarse e, claro, chorabamos todos por el. **Lola G.**

Cando se foi o meu tío para Suíza. Tería eu nove anos ou así, porque do meu pai tiven poucos recordos. **Isabel**

O peor era que me castigaran sen ir á festa. Un día castigáronme sen ir a San Fernando porque unha veciña miña quería levar á vaca a xunto do toro, alí ao Baleo, e eu non quixen ir. Tiña que axudala. Así que castigáronme.

Ermitas

O medo é das emocións que máis presentes están na vulnerabilidade e na inocencia da infancia.

O que menos me gustaba da miña infancia e que eu tiña a casa lonxe e tiñanme que levar as amigas sempre de noite, que tiña medo. Entón para min iso era fatal. Eu pensaba: se me caso un día, non serán os meus fillos os primeiros, para que teñan compañía sempre. **Charo**

O que vou dicir eu non o pasou naide, porque me mordeu un can rabioso que estaba preso. Eu levaba unha boneca, o can quería coller e eu levanteina así e el enghanchoume do brazo. Así que me mandaron para A Coruña e botei un mes alí dándome inxeccións, era eu moi nena. E recordo que miña nai non tiña cartos para levarme a Coruña e foinos buscar o meu padriño unha casa de alguén de Ladrado, e botei naquela casa un mes. Aquilo si que foi triste. Despois vin para casa, tería cinco anos. Cando a miña nai dárame o medicamento vía todo negro, todo vermello e borroso. Os veciños non crían que o seu can estaba así, pero despois traboulle a outro veciño. E un día un chavaliño, o fillo dos donos, foille levar de comer e mordeulle moito, e acabou morrendo o neno na camiña. Aínda aghora téñolles moito medo os cans. **Felicidad**

As bondades

Para moitas o gozo e o deleite non ocupaba en absoluto

parte das súas rutinas entón. Unha exclama con moita ilusión "o roscón!". E o resto, motivadas, empezan a recoñecer alegrías compartidas: "ir xoghar"; "brincar e ir ás festas"; "a primeira boneca que me regalaron o día de reis"; "ir á festa a Santana"; "cando podía xoghar, que era poucas veces"; "as festas todas"; "ir á praia, aínda o é hoxe, se puidera"; "o mellor que me gustaba a min era xoghar coas amigas".

O mellor era xogar ao mediodía. Despois tirábame así na cama e dicíame papá, "durmiras antes, agora a traballar". E dicía eu, "mañá non volvo". Pero despois volvía, non me acordaba. Sentabámonos aquí na Forquita todas as pícaras do noso tempo e estábamos a xogar e pasabámolo moi ben. Xogabamos a correr ao redor das casas, a escondernos, xogabamos ás pedras e á chapa, ao amarre que tirabamos unhas para un lado e outras para o outro. Tamén ao churro. A miña ilusión era xogar. **Charo**

O fácil que era xuntarnos os sete chavales na veciñanza, nenas e nenos. **Isabel**

Recordo andar ás carretillas, alá na costa de Francia, e eu como tiña un vestido novo, o puxen así para fóra e, claro, saíu todo trezado. A roda envolveuno todo. **Ofelia**





MOCIDADE E ADULTEZ

Fiando vidas de desafios e cuidados



CAP. 5 | MOCIDADE E ADULTEZ

Fiando vidas de desafíos e coidados

MOCEAR

*Daquela non entendiamos de tal, pero queriamos crecer para ir bailar, xogar, ir á festa, rirnos, comprar as cereixas todas, iso era o que queriamos. E logo fixemos o que puidemos. **Amalia***

Preguntámoslles que era aquilo que desexaban cando eran novos.

*Queríase ter mozo. **Lola G.***

*Bueno, eu non o pensei ata que cheghou. Con 15 anos, empecei. **Maruxa S.***

*Pois eu empecei con 12 anos, e meu marido con 14 anos. **Maruxa Y.***

*Era distinto todo. Eu cun mozo non me adaptei nunca a ninghún ata que tiveren o mozo co que casei. Eu pasábao ben con eles, alomellor bailáballes, alomellor paseáballes, pero mozo, mozo afectivo, non. Elexín eu. El non paraba de dicirme que tiñamos que ser mozos, que tiñamos que ser mozos... E a min paréceme que lles dicía aos outros (aos amigos) que andaba connigo sen andar. **Aurora***

*Ti dicíasmeme, "el estame esperando". E que el che dicía, "non te apures, que eu che espero". **Ofelia***

*El esperábame sempre, pero eu nunca aceptaba, non tiña présa. Eu desfrutaba igual en pasear cunhas e con outros, sen adaptarme a el. Porque claro, se non tiña que estar co meu mozo. Acórdome de que fomos un día á festa de Espasante, eu andaba cosendo polas casas, e con Saturnino tiña moita confianza e ía visitar moito alí. Así que na festa estaba a bailar con el e entrou o meu mozo e marchou todo enfadado. E Saturniño díxome "non te preocupes que, se non vén, xa virei eu". **Aurora***

Aurora non quería reducir os seus vínculos por un noivado e sabía que dalgunha maneira a inercia levábache cara a ese lugar, así que con consciencia atrasou ese momento.





Un desequilibrio manifesto

Explícanos entre risas como era o ritual do cortexo na súa mocidade e, sobre todo, que estratexias seguían eles para conquistalas ou, a miúdo, para convencelas para ter un primeiro encontro en solitario. O rol estaba moi definido: os mozos propoñían e elas esperaban ese achegamento. A súa prudencia, ademais de formar parte do desexable dentro do modelo de feminidade tradicional, tamén viña determinada pola necesidade de estar alerta en base ás experiencias de amigas, irmás e veciñas que sufriron os impactos das violencias, tanto dentro da parella como do propio contexto social, ao ser rexeitadas ou ao quedarse embarazadas e, en consecuencia, abandonadas, con todo o que iso implicaba,

Iamos ao baleo, aí moceábase, dicíamos "imos brincar". Xuntabámonos, paseabamos. Se alguén quería falar co outro se apartaba e ía contigo por aí. Se non volvían, non volvían, xa sabías! Tamén é certo que se algún quería bailar contigo, pa facerche que quixeras, eles tomaban non sei que e dábanche a ti para unhas ghaletañas. **Amalia**

Comiamos galletas de coco. **Lola G.**

Na miña época xa había conguitos. **Maruxa Y.**

Non tiñas as galletas se non bailabas. **Pura**

Esnaquizábanche os pés, machucábanche os dedos, non sabían bailar! **Amalia**

Eles tomaban copas, é verdade. **Lola G**

"Sol y sombra", coñac con anís. **Dulce**

E "vaca verde". **Pura**

Bebían viño na casa de Misanco e dicían "ás vinte e catro horas faiche efecto". Era feito na casa e era máis forte. **Celsa**

Eles estaban no bar e nosoutras paseabamos, xogabamos e pasabamos por alí e despois viñan con nosoutras. Sentabámonos na fonte con eles. Esa era a técnica para mocear. **Lola G**

Porque daquela non nos levaban ás tabernas. **Pura**

E nós non tiñamos cartos para beber, nin estaba ben visto. **Lola G.**

Eles si que tiñan porque ían aos percebeos e ían ao mar.

Amalia

Nós se tiñamos sede íamos pedirlle un vaso de auga á señora Concha. **Lola G.**

Elas ocupábanse do doméstico como as fillas, así que non dispoñían de diñeiro para poder gastar ao seu antollo nos momentos de lecer. Eles, con todo, si. Por iso bebían e frecuentaban as tabernas. Ademais, como elas explican, comprábanlles doces a cambio dun si nas súas peticións, un intercambio algo perverso.

O home sempre tivo máis liberdade que a muller. O home era o home, viña cando quería, pero nosoutras non. Así que se acababa a festa á unha da mañá, xa tiñamos que vir para casa todas xuntas. E a esta tiñámola que levar onde vivía, a casa. Sempre tiñamos que avisar, eu sempre á miña nai. Eles non. **Celsa**

Soas non, saíamos en pandilla. **Pura**

Cando íamos ás festas, chamabámonos as unhas ás outras. **Celsa**

Non é como aghora. **Ermitas**



Ademáis, se tiñas unha amizade, despois xa quedabas media "así". **Lola G.**

Media jodida. **Ofelia**

Rin.

Un pouco marcada, porque entón outro non che quería. **Isabel**

Xa logho eras unha destolondrada. **Lola G.**

Se estabas varios anos con aquel mozo e aquel mozo deixábaches. Porque tu non o deixabas, eh. **Lola G.**

E por que non? Tamén poderías deixalo tu ighual que el? Eso era o que pensaba a xente. **Charo**

Mira que diferenza. Aghora é así. Teñen unha amizade, pasan os anos e cando lles parece, sepáranse. **Felicidad**

E fan ben. **Charo**

E sempre os deixan elas. **Felidad**

Por que? Porque non valen, porque non cumpren o que teñen que cumprir. **Isabel**

Fan ben. **Charo**

E alomellor déixana a ela cos fillos e el vaise a divertir. E ela ten que estar alí. **Isabel**

POÑERSE DE MEDIAS

Saltan dun tema a outro con moita naturalidade e lixeireza. Falar da súa mocidade divírtelles. Comparten cales eran algunhas das situacións que máis ilusión provocábanlles. Case todas sucedían nos días de celebración e encontro comunitario.

Amin a cousa que máis me tardou de ser moza foi poñerme de medias. Meu pai non me deixaba porque pensaba moi raro. Díciame que se me poñía de medias era maior e el non quería, e foi miña irmá, que me levaba sete anos, quen foi á vila e tróuxome unhas de Eugenia de Montijo, da casa do Coleirado. Fun eu máis encantada para a festa para o Salón de Malazo... Pero era o entroido e os cativos tirábanme eses ojetes e picáronme todas. **Lola G.**

*Por iso fumos sen medias moitas veces e, cando iamos cheghando ao salón, poñíamolas. **Charo***

*Eu unha vez fun a unha festa a Barbos e levaba faxes, e apretoume. Eran desas de tubo e non estaba o cura diante, así que saqueina e colghueina nunha árbore, e cando volví por ela xa non sabía onde estaba! **Lola G.***

*Había un, estireille da gravata, dixen, "esta é como a do meu irmao". E volví e despois el foi buscar a tres amighos que me querían peghar porque lle tirara dela dicindo que era como a de meu irmao. Era unha broma que lle dixera así. Despois tiveron medo e díxenlle a Ermitas, "Ermitas, dille que son tontiña". E Ermitas contestoume, "xa mo parecía". Recordaste? **Graciela***

Rin todas.

A SEXUALIDADE VELADA

A sexualidade vivida nun corpo de muller estaba impregnada polo medo, a vergoña e o rexeitamento. Como era a mirada emocional e cultural cara á menstruación, que impacto podía ter para as súas vidas e a súa "reputación" manter relacións sexuais

antes do matrimonio, de que información dispoñían para poder tomar as decisións máis favorables para construír un futuro digno. Facemos un repaso con elas sobre cada un destes aspectos.

O pudor da menstruación

*Que ía pasar? As amigas falabamos diso porque ninghén nos dicía nada. **Charo***



Foi verdade, non nos dicían nada. **Dulce**

Eu non sabía, tiña once anos e díxenlle á miña irmá, "ai, non sei que teño, que sanghro", e eu caer non caera en ninghún lado. "Pero isto de onde vén?", preguntoume Socorro, miña irmá, "caiches?". Ela soubo máis axiña ca min porque era quince meses máis vella. Aguardei todo o que puiden e nin llo contei á miña mai. **Amalia**

A menstruación vivíase como un problema para ocultar, que debían manter en silencio, mesmo á marxe do coñecemento materno.

Era así. Eu sabíao, pero eu xa tiña 14 anos. Ía aprender a coser alí ao campo da Silva, a Espasante, e non sei como sentín... Fun mirarme abaixo da casa, á cuadra, con trapos que era da modista. Vin o que era, así que pillei daqueles trapiños e xa fun. Eu xa sabía que me tiña que pasar, porque eu tiña 14 anos, eu estaba informada. Alá polos 12 non, pero aos 14, si. **Graciela.**

Cando se estaba de reghra, daquela non había compresas, era unha toalla ou un baixo dun pantalón seghuramente, antighuamente. Ao ir ao río lavar sempre se dicía que paría a ghata, e eu lavaba sempre nunha esquiniña,

para que non se vira, e dicía "mira, miña filla, paríume a ghata" (todas rin). Sempre paría a ghata! **Dulce**

Eu sabía o que era, xa! Un día mandoume miña mai ir lindar as vacas e fun para o lindeiro e ao estar alí vin que me viñera a reghra e pensei "eu agora que vou facer?, que vou poñer?". E collín unhas sabas de estopa rotas porque á noite xa ía á miña casa. Raquel xa sabía o que me pasaba que me leva sete anos e durmiamos xuntas, non tiveron nin que dicilo. **Lola G.**

As relacións sexuais e a prevención dos embarazos

Por exemplo, antes a que tiña mozo e levaba unha temporada con él, que non é como agora, igual levaba uns anos e incluso houbo quen botou cinco anos e máis nunca fixeron nada, ía virxe. Non pasaba nada, despois cando casaban levaban un ramo de azar, que quería dicir que eras virxe. Disque houbo unha que casou e levaba un ramo de azar, pero fixérao antes, e disque lle caeu. Sempre o teño oído. **Amadita**

Miña avoa, cando nosoutras eramos rapazas, dicía, "tende coidado". Despois un día enterámonos que ela casara xa preñada, pois debía ser por iso que nolo dicía. **Mª José**

*Coidado tiñamos, pero antes non era como de agora, que ighual tardaban moitos meses en darche un bico. **Lola G.***

*Era moi sagrado iso. **Graciela***

*Todas nosoutras iamos xuntas para a festa e eles entre eles. Cando xa volviamos para a casa, quen tiña mozo viña coa parella e que non tiña vía sen ela. E non te quedaras atrás, nin foras diante de todo! **Charo***

*Claro, porque moceábase por detrás no maínzo e no trigo, non á vista. **M^a José***

*Quen non tiñamos mozo metiámonos nas silveiras a escoitar o que dicían. **Pura***

Preguntámoslles se todas querían ter mozo.

*Antes era a carreira que había. Porque estudar non estudabamos, e queriamos saír aos sitios e os nosos pais alomellor non nos deixaban. Por iso dicía eu "cando case, vou ir para onde me dea a ghana". **Lola G.***

O que expresa Lola G. é un pensamento común a moitas das mulleres daquela época. Emparellarse

volvíase atractivo non só polo espazo de intimidade compartida con outra persoa, se non para ter a posibilidade de elixir, nalgún sentido, un proxecto propio fóra da tutela paterna.

*A primeira obriga que tiñamos era de obedecer aos pais, e respetalos, e facer o que nos mandaban. **Amadita***

Desde pequenas creceron á sombra de mitos e malos entendidos sobre a sexualidade e a xestación que en nada lles axudaron ao converterse en adultas. Expropióuselles a capacidade de decidir e gozar dos seus propios corpos.

*A min naide me explicou nada. **Pura***

*Unha vez estaba eu nun sitio e estaban falando, e dicían, "non se pode falar porque hai roupas tendidas". E eu dicía, "onde está a roupa?" Porque eu non vía a roupa. Non nos falaban nada, nin da reghra, nin de nada. **Charo***

*Non é como aghora, eh, que lles explican xa na escuela, xa lles ensinan no colexio. **Celsa***

Eu lévolle nove anos á miña irmá, e dixéronme que a

traera o coche de liña e que a deixara na Aghra Maior, que era onde viviamos. Eu estaría brincando, ou non sei onde estaba, pero na casa non estaba. E foi iso, cando cheghei a casa había unha nena e disque a trouxera o coche de liña. **Pura**

A min dixéronme, "vai vir a cegoña, que vai traer un neno". E eu toda a mañá mirando para o ceo, e a cegoña non chegaba. Miraba pola fiestra, e dinme que chegara o neno, e preguntei, "e logho a cegoña?". Eu nunca unha vira e dime miña abuela, "muller, cala a boca". Non explicaban nada. **M^a José**

Non nos dicían. Nada. **Aurora**

Se che daba un bico un rapaz, podías quedar embarazada. Era a mentalidade de antes. **Isabel**

Seguimos afondando a través dos seus testemuños sobre cal era nivel de información ou descoñecemento que manexaban sobre a súa fisioloxía, as relacións sexuais compartidas e a anticoncepción.

Metiamos e quitabamos. **Celsa**

Era a nosa intelixencia. **Maruxa Y.** Eu podía ter tido sete ducias que eu por min non sabía nada. Tiven dous fillos,

pero puiden ter tido dez. **Dulce**

Todas falan e rin.

Ai, en San Adrián non oes destas cousas, eh! **Celsa**

A min o que me chama a atención é que agora unha criatura de seis anos sabe todo de afeitado. **Amalia**

É normal. **Dulce**

Porque na escueliña apréndese. **Amalia**

CASAR E QUEDAR NA CASA

Preguntámoslles se todas están casadas. Amalia responde como unha exhalación: "Si, ghracias a Dios". E, que pasaría se non fose así? "Aghuantaría, quedaría coa filla sola".

Falamos con elas sobre que sucedeu nas súas vidas despois de casar, en que mellorou ou que se lles fixo máis complicado.

Eu vivín mellor de casada que de solteira. Era boa a miña compañía. **Felicidad**



Eu, si tiña un peso, era del. E se o tiña el, era meu. Tiñámos a cría, as vacas, e era para sobrevivir e nada máis.

Amalia

Eu de solteira ben, pero o día que casei chorei todo o que quixen (rise). Chorei porque tiña un irmao, que é o home desa, que é a miña cuñada (referíndose a Pura), e tiña 14 anos e faltábame na voda porque estaba pola parte de Bilbao, en Pasaia. Entón todo o tempo me parecía que me faltaba. El era moi novo para estar alí no mar, e faltábame. Chorei moito. **Aurora**

Felicidad, Lola G. y Amalia lembran as necesidades

que pasaron nos inicios.

Eu casei con 18 anos e tiver unha nena. Vivín nun chalé (rise) moi especial, alí arriba. **Lola G.**

Un chalé de 4 estrelas. **Pura**

Podías facer o caldo coa augha que entraba. Cando casei a nena tiña nove meses, e a nena xa comezaba a andar e mollaba os peñños. Se che digho os zapatos que lle merquei, non hai quen o crea. E dixer eu, porque era o primeiro ano que casara, "este ano vai aló, pero outro ano aquí non o quero, eh". E efectivamente levantouse a cocina, pisouse, encanouse a augha, e xa coser e cantar.

Amalia

Despois de casada, tiver ás miñas filliñas. Tiña que mandalas á escola, tiña que lavar e pranchar, que daquela había que facer carbón para poder usar a prancha, que daquela non había electricidade. E tiña vaquiñas para ir ao lindeiro. Nos levabamos o arado de ferro. Eu facía todo iso, e coma eu, as demais. Tiña forza, claro ca tiña! Quen me dera agora a cuarta parte da forza que tiña daquela! **Amadita**



As mulleres traballaban moito, pero non vían un peso. Tamén eu quedei aquí traballando como unha neghra con vaca, burro, nena e todo, pero quen traía o carto era meu home, aínda se tiña 20 pesos no banco o partía el.

Felicidad

AS MULLERES E OS TRABALLOS SEN FIN

Que o traballo era cousa de homes é algo que estas mulleres desmenten en cada un dos seus relatos. Traballaron ata a extenuación, dentro e fóra de casa, pola mañá, ao medio día e pola noite. A súa xornada laboral era un continuo desde que amencían ata que se deitaban.

Dulce expresa esa falta de recoñecemento sobre o traballo das mulleres con ironía, “o prato bó era sempre para o home, que era o que ía traballar, a muller non traballaba nada! Nada, nada, vivía do aire”.

Eu teño matado o porco! Non sei que era o que non faciamos nós. **Isabel**

Eu sempre traballei. Desde nove anos traballei sempre. De máis chavaliña na casa, que tiña que facelo todo, e

despois fóra. Se che conto... Nas ameixas, nos berberechos, nos erizos, nas caricolas... Bueno, despois traballei nun bar, nunha pizzería, nunha peixería. Non sigbo, nena, en todo! Sempre! Ata decembro deste ano pasado, que me xubilei. **Dulce**

Iamos traballar, iamos seghar o trigo, iamos poñer as patacas, iamos ao algazo por Santa Eulalia arriba, todo por unha pendiente cun paxiño ás costas, ía cun paxe de peixe desde aquí de Ladrado a Mañón e á Ponte Seghade e ás Brañas. **Amadita**

Eu ía, por exemplo, para o viveiro de Muiños pola mañá e alomellor pola tarde xa tiña que ir para Celeiro a empacar o peixe. E despois, ao outro día, ía ás ameixas e despois ía a traballar á pizzería ou a Marisol ou ao outro lado. Eu estaba así, a turnos. **Dulce**

Eu traballei na terra e tamén fun aos berberechos, ás ameixas, e criei dous fillos. O marido sempre estivo no mar. E así foi a miña vida. **Ermitas**

Ai, Xesús! Eu tiven moitos oficios: fun labradora, fun modista, fun mariscadora, tiven unha peixería (rise)... Parécenche poucos, aínda queres máis? Criei tres fillos.

Eu traballaba noite e día. Tamén fun á fábrica alí a Espasante, facer o ourizo. Pura

Dulce fala desde a contundencia da que sufriu unha dobre e unha tripla carga laboral.

Fai visible en cada unha das súas intervencións o desacordo cun sistema que carga sobre a feminidade un peso asfixiante e, ao mesmo tempo, invisible aos ollos do patriarcado.

Despois despachar toda a mañá, viña para Ladrado. E chegabas a casa e tiñas que facer nela. Fregar, pranchar, deixar de comer feito, porque miña nai moitas veces estaba enferma e o meu home o transplantaron con coarenta e oito anos, do corazón, e xa estaba mal de antes, así que bótalle a conta. Dulce

Mariscar e as fábricas de peixe

Un dos trazos máis identificativos das mulleres de Ladrado é a súa enorme vinculación co mar. Elas foron mariscadoras, peixeiras e traballadoras en fábricas de peixe, de conserva e de salgadura. As súas familias de orixe vivían parcialmente do mar, os seus maridos eran pescadores e moitos dos seus fillos tiveron que embarcarse.

Eu era moi noviña cando comecei a mariscar, xa ía ao lado da miña mai a coller berberechos aquí á Ría para vender. Eu ía todo o inverno, oiches?. Sen botas, descalciña. Téñolle dito á miña mai, "ai, Deus, que fríos teño os pés!". E dicíame, "mexa por eles". Despois eu tiña a casa alí arriba e cando vía cos mexillós cargando con eles ao terreo pensaba, "ai, quen me dera ter a casa na Forquita". Eu mariscaba berberechos, despois ameixas, fun aos erizos e fun ás minchas, que ghañáballes a Lola porque ela non se metía tanto. Felicidad

O mar baña case todas as súas memorias, permitiulles sobrevivir en momentos de fame negra e miseria, pero non lles deu unha vida fácil.

Conversamos con elas sobre algúns dos traballos que desempeñaban.

Eu fun á fábrica de peixe ao Vicedo, tería 15 anos. Había que pelare, emparrillar, que darlle coa pala. Lola S.

Eu á fábrica de peixe fun a Cariño, e máis no Porto, aquí en Espasante. Empacaba, escabezaba e emparrillaba. Tamén descargaba as lanchas do peixe no mar, á noite. Cando descargabamos nas lanchas estaba a da enva-

sadora botando para os cestos. Todas nós levabamos os paxes na cabeza á fábrica. Iamos ao mar e carghabamos con todo, e dábannos un tíquet con os cartos polo que faciamos. Eu ghañei cartos como están mandaos. **Amalia**

Fun mariscar e fun tamén a Cariño, eh. Metíame ata aquí (senalando o peito) para pillar o peixe e metelo en terra nun camión. **Graciela**

Antes ías mariscar cando podías, non era todos os días.
Pura

Ela mariscaba nos berberechos. Era unha cativa, cos tres fillos alí. **Amalia**

Ai, si, ghústabame mariscar. Estabamos nesa, traíamos os cartos para a casa. Aos ourizos dábame xenio ir collelos! O que non me ghustaba era carretalos. Tiñamos un chancho e tirabamos del para collelos, daba ghusto. **Pura**

Ghustábatche porque traballabas. **Amalia**

Traballabamos, ai, iamos todas xuntas (rise). **Pura**

A min o mar ghústame. O que menos me ghustaba

era "andar arriba". Iamos onde coincidise. Alomellor a Pena Furada ou a Loiba, pero estouche dicindo ighual un kilómetro andando pola lama ou polas pedras, todo pendente. E despois había que subir aquelas arribadas polo banco de Loiba e nosoutras carghadas cos ourizos ás costas, co saco ás costas. Dunha vez cheguei tan mal arriba que pensaron que tiñan que chamar á ambulancia, que ía morrer. Se che coincidía de facelo ao mediodía coa calor, tíñalo que facer ighual. **Dulce**

Eu noviña, noviña, carretaba o mexillón da Insua para aquí, que tiñamos a ghamela en terra. Desde a Sala, que está do lado de Cariño, atravesaba a illa cun saco e levábámolo para diante da Insua, e de alí xa o traíamos para aquí. Era para a terra, para abonala. E despois de mariscar todo. A min mariscar duróucheme moito tempo, tiven un neghocio moi bo, ata retirarme. **Felicidad**

Fomos compañeiras! **Lola G.**

"Vogha, vogha", dille Felicidad a Lola G. "Vogha, Felicidad, vogha", contesta ela mentres rin. Vese a súa complicidade construída ao longo dos anos de acompañamento mutuo.

A ti axudábache a marea pero a min... (Explica a broma).
Na ría da Vila colleunos un temporal... **Lola G.**

Interrompen e falan varias á vez, "case caemos ao mar". Repasan quen sabía nadar e quen non.

Esta de aquí (referíndose a Purita) non sabía nadar, pero era a que comía o mundo. Porque saíamos de Ortigueira e daquela xa se levaba un motor, un fueraborda pequeno. Estabamos Pura, Dulce, Felicidad, Ermitas e máis eu, todas na mesma ghamela. Entón isto pasou nun pozo que hai, ao dar a volta, que lle chaman o Pozo do Cadelo e fai un remuíño moi profundo alí fronte a Sismundi. **Lola G.**

Eu e máis Lola eramos as que mellor a xogamos, verdade? E cando nos colleu aquela galerna dicíame tu a min, "vogha, Felicidad", porque a ti axudábache o tempo. Aquel día iamos na ghamela da miña xemelga Paloma. Case todas tiñamos unha. **Felicidad**

Iamos todas nela. **Pura**

Case todas tiñamos unha ghamela. **Felicidad**

Eu dicíalle a Purita, "non as collas aí, que estás enriba do

remuíño". E dicíame ela, "sempre tes medo, vieja, sempre tes medo!" **Lola G.**

Ai, mira que era atrevida! **Felicidad**

Aló nos levou e fumos acabar arriba do Pozo do Cadelo. Quedou a ghamela alí chantada e todas dentro. Pasaron Josefa e máis Lola, unhas mulleres que sabían moito do mar, e dixéronnos, "parade! que os imos dar un cabo". Entón elas déronnos un cabo e tiraron por nosoutras e fomos saíndo. Non nos movimos ningunha, que se nos cheghamos a mover, caemos todas. **Lola G.**

Dese día iamos coller ameixas. **Ermitas**

Dulce, o día que veu aquela Ghalerna viñas ti e máis Amadita. Deus a descanse! E nunca máis Amadita volveu á vila. **Felicidad.**

Ao escoitalas, pensamos en se o mar, ademais de ser un medio co que gañarse a vida, era un lugar que lles permitía desafoxar, soltar os pesos dos coidados e os contratemplos diarios. Aventurámonos a preguntar-lles se, dalgunha maneira, mariscar relaxábaas.

De relaxante nada, eh, que había que dar o caio duramente. Pura

Cheghábanos a lama por enriba da bota, que non podíamos camiñar! Lola G.

Maruxa quedou unha vez chantada, que a tiveron que sacar Ermitas e Lourdes de Senra. Pura

É importante saber que sempre tes que ter un pé no aire para camiñar. Lola G.

Cravabas un e o outro deixábalo máis arriba. Pura

Non podías cantar os dous que, se non, non saías. E tes que telos separados! Lola G.

Así estamos agora... Así temos o corpo agora. Pura

A Louseira e os negocios propios:

En Ladrído o habitual era mariscar, pero algunhas delas percorreron outros camiños máis afastados do sector primario, sobre todo as máis novas.



Ademáis da fábrica de peixe, fun á louseira. Alí estuviven dous ou tres anos. Despois puxen unha tenda aquí en Ladrido de ultramarinos, conxelados e paquetería. E despois coidei á miña mai, á miña tía, a un neto, e tiven que pechar a tenda antes de xubilarme, porque tiña aos tres ao meu cargho. A min ghustábame ter a tenda porque falabas coa xente. Boteina de menos, pero con todo non podía. **Lola S.**

Eu fun coma Lola, fun á fábrica de pizarras. Con 18 anos casei, con 20 anos xa tiven ás dúas fillas, xa fun para Ferrol, todo foi coidar. **M^a José**

Montar un negocio na propia parroquia víase como a mellor posibilidade para conciliar os coidados, as tarefas domésticas e poder, ao mesmo tempo, xerar ingresos.

Charo e Lola S. foron das mulleres que emprenderon montando e facéndose cargo de dous dos establecementos que durante décadas deron servizo a toda a parroquia.

Eu á volta de Inglaterra puxen unha tenda aquí en Ladrido. Tívena 35 anos, era como a de Lolita. Primeiro tivemos taberna e despois arreglamos e tiña só o supermercado. Meu marido foi chofer de autobuses. O da taberna

non me daba moito ghusto despachar porque eu era moi vergonzosa, pero vaste facendo. Aquí traballei o dobre de todo o que traballei en Inghaterra. Ao levar a tenda, a casa, atender aos nenos e meu marido o traballar fóra... Pero bueno, ben. Ghustábame a tenda porque traballei moito tempo nela e volveríaa a poñer, pero é moi escrava porque aquí non pechabas nin ao mediodía, era de nove a nove. Se te chamaban tamén lle dabas calquera cousa porque somos veciños, non lles ías negar nada. **Charo**

O terreo e a dureza do rudimentario

Graciela é un deses testemuños, igual que Doce, Felicidade e Amadita, que desmente negando á maior a debilidade física, mental e emocional das mulleres. Elas son referentes que transgreden o arquetipo de feminidade tradicional.

Eu ía co meu paiño, ía co carro e coas vacas ao monte pillar mulime para as cortes. Iamos ao pirllo, sabes o que é?, a folla do pino. Porque non había leña case, porque o levaban todo. Mira cantas ves (por todas as mulleres) e non pasou ninghunha o que pasei eu. Oíches, serraba coa leña! **Graciela**

Ai, ela traballar, traballaba. **Charo**

Pola mañá cocía e pola tarde estaba coa leña. Facía todo como podía, 15 barcos cocía para eles: 100 kgs, 130 kgs, 140 kgs. E ía ata a Pedra ao trigho do país. **Graciela**

Moitas delas combinaban o traballo no mar co traballo na terra.

Eu fun mariscadora e fixen de todo, pasaba o arado de ferro con Pura e máis con Felicidad, que tamén andaba con nosoutras. Porque ela tiña tres nenos e eu tiña un neno, pero o meu criouse de marabilla, que non me deu lata ningunha, que era comedor e non era chorón. **Aurora**

Levabámoslos e deixabámoslos nun paxe, aí no terreo, ao carón das vacas. E logho! **Lola G.**

Antiguamente a guardería era o terreo cun paraugas. **Maruxa Y.**

E máis un paxe. **Celsa**

O meu comía a terra. **Pura**

Cando tiven aos fillos e fixemos á casa, aí si traballaba na casa e traballaba nos terreos, porque eu tiña de todo. Sementaba eu, ía co tractor a Couzadoiro. Un día que estaba coas dúas fillas poñendo as patacas, a pequena pediu para andar co tractor. Ela daba o regho, eu facía o cabeceiro e outra cativa poñía todas as patacas polo regho, eu botaba o abono e ela facía o cabeceiro de arriba. **Isabel**

Preguntámonos se había algún momento para a recreación, mesmo entre o deber e o esgotamento físico.





No lindeiro non cantabas porque tiñas que aghuantar o alento para poder co arado. Bueno, ás veces cantaba rancheras. Pura

Empézanse a animar e Lola G empeza a cantar Ondiñas veñen, alentada polo resto, que lle din: "Seghuímoste, nena!".

Quedamos fascinadas contemplando a súa espontaneidade e a intención que demostran, en cada unha das nosas reunións xuntas, de celebrar a vida.

Mira se cantamos, eh! Aurora

É porque somos do coro de Ladrado. Maruxa Y.

A forneira de Ladrado e o pan de maínzo

Outra das mulleres que emprendeu o seu propio negocio ao volver da emigración foi Graciela, quen se converteu, como ela mesma reivindica, na forneira de Ladrado.

O pan é, sen dúbida, un elemento ao que fan alusión en moitas ocasións durante as nosas conversacións

con elas. É un alimento que lles leva con facilidade ao pasado. Cada vez que isto ocorre, Graciela intervéñ con toda a autoridade que lle dan tantos anos de oficio e de sabedoría do proceso.

Hoxe a xente non quere traballar o pan que o hai para levedar. Nin botan fermento, que é a esencia do pan, nin botan o trigho, que había nos terreos. Aghora haino noutros sitios. A min traíamo o camión da fariña que viña de Narón, pero eu nunca llo quixen. Eu moíao, peneirábao, era trigho de por aquí. E deixábao á noite xa na amasadora e pola mañá tiña o fermento e máis unha pouquiña de levadura. Unha vez esquencinme a levadura e vaia pan rico! Era máis apertado, pero riquísimo. Graciela

As demais din que "era o mellor pan da volta!". "Ai, era!", todas corroboran, e "cocía para os barcos!".

Facía moi bo pan porque había moito trigho por todos os sitios. Ía ao trigho a Céltighos, a Loiba, ao Viso, a Barbos, a Senra, a San Adrián e a onde fai os roscóns aquel home, Bautista, a Landoi. Fun moito alí tamén a Feás, que había alí unha señora e ela buscábame as casas e ghardábame o trigho no muiño dela. Graciela

Un dos temas recorrentes nas mulleres do rural galego daquela época é o sabor emocional que representaba o pan de millo. Moitas normalmente o aborrecen pola saturación que tiveron cando non había máis elección, cando non se podían permitir comprar o que era de trigo. Outras, con todo, lémbraño con agarimo e anhelo.

O de trigho aquí era para os homiños que ían ao mar.

Amalia

A min o de maínzo ghústame. **Charo**

A min tamén. **Lola S.**

A min non. Eu non o quero, que o comín abondo cando era nena. **Amalia**

Iso non ten que ver, eh! Sabes que dicía miña mai? "Eu comía máis se mo deran!" Síguelles sabendo. **M^a José**

Eu o como se teño que comelo, pero eu coas sardiñadas vou ao trigho, non ao de maínzo! **Amalia**

Ai, pois eu vou ao maínzo. Mira, na miña casa cocían

unha bola e máis dous bolos de mestura. E ían ao peixe e fritiano, e antes botábanlle o refrito. Ti sabes aquel pan de maínzo e aquel refrito? Eu vou a calquera xira ou calquera sitio e como do de maínzo. **Isabel**

Oíches, comín un pan dunha xira, que penso que peor teño comido, pero case, case... Porque o pan pídelo de maínzo pero ten que levar fariña e ten que levar trigho, que se non o pan non se come! E alí botan maínzo só, e non se traghaba! Eu pillei pan de maínzo pero non se tragha! **Lola S.**

A invisibilidade dos coidados

Obrigas, obrigas... O que pasa é que hai veces que as ves ti como obrighas, que é como que non hai naide que che obligue a facer as cousas... **M^a José**

A libre elección sobre o traballo doméstico e de coidados é como unha áncora no seu mundo de crenzas.

Nos matrimonios non se pactaban, porque se daba por suposto, nin as tarefas, nin os traballos,

nin os tempos. Non existía esa intención porque parecía que non había ningún desequilibrio provocado polo sistema patriarcal que limitase á autonomía e o benestar emocional das mulleres.

Eu cos nenos, eu tiña porcos, tiña horta e de todo. O meu marido tiña abondo co mar. Eu traballei e máis criei aos fillos, que é un orgullo. Isabel

A invisibilidade e o non valor do traballo doméstico e de coidados, que ocupaba todas as horas de todos os seus días foi, en gran parte, a causa dos seus baixos niveis de autorrecoñecemento. O que provocou, en moitas delas, autoestimas moi precarias.

Nunca traballei nada, so fun mariscar e despois tamén ía cargar os pitos alí a Maciñeira. Pero fíxenche moito eu soliña con seis fillos. Eu traballo, ningún máis que coidar ao fillos, poñer as patacas, o maínzo, os chicharos e nada máis. E máis un porco ou dous. Non traballaba pero tiña que ir ao río lonxe, que non o teño cerca, non é como aghora que temos augha na casa. E prancha tiña de carbón, así que eu non cho pasei moi ben, tampouco. Calcei, ghanchillaba, non parei, non. Maruxa S.

Non vou dicir que traballei moito, pero traballei abondo para o que ghañei. A vida! Bueno, e dous sobriños que criei cando viñeron para aquí, e o neno que recollín, o da Teresa, cando morreu miña prima con 30 anos. Tamén cando morreu Amadita axudeille con Luis, fun criada sen soldada! E fun ás Ribeiras a coidar unha soghra da miña madriña, que estaba ela soa. Tiña unha criada e cando enfermou para morrer deixouna quedar, e fun eu para alí, que nunca alí durmín de cativa. Deixei ás miñas fillas con miña mai. Ti sabes o que é coidar dunha



persoa que teña alzheimer ou demencia? Marchei a Ferrol e fun traballar a unhas casas que me pediu a miña soghra, que era xente maior. Despois fíxenme algúns velliños para coidar por alí, eh, sen ghañar. A min non me deixaron ningunha herencia. E despois enfermou a miña soghra, coideina, estivo con alzheimer tres anos. Morreu e vin outra vez para aquí. Bueno, pero nada que ver unha persona enferma en Ferrol como en Ladrado, eh. Porque a min cáeme miña soghra ao chan e xúroche que as pasei canutas. "E como lle fagho?, como non lle fagho?" dicía. Terrible. Foi unha vida que adiquei aos demáis. **M^a José**

O da casa segue sen valorarse. **Charo**

Tiven fillos, si, dous. Había que facer iso máis o outro e o outro máis. Tiñas que traballar na casa e máis fóra todo o tempo, e descansaba cando podía. De noite poucas veces, porque se me tocaba deitar-me tarde tiña que madrugar ighualmente moito. Botei moitos anos que se daba a ghana botaba tres horas na cama namáis. Cando traballei nas Pontes íame ás dúas da mañá, traballaba na peixería. Tiña que levar peixe para Sarria, para Lugho e para non

sei cantos sitios máis. E había que preparalo todo para que estivera ás oito da mañá no Aldi (supermercado). Tiñas que ir ás dúas para telo todo en orden. **Dulce**

Criar aos fillos costoume moi caro, e tamén traballar na terra. O de mariscar xa cho contei. Do de facer na casa tiña unha vaca, tiña un burro e levábaos nun paxe a un lado e a outro, enriba do burro e coa vaca, para o lindeiro. A min, de traballos, o que menos me ghustaba era andar coas vacas e máis co arado de ferro. Había que ter moita forza, era moi duro. **Pura**

Eu criei a dous fillos, tamén unha neta, da filla que foi para Ciudad Real a traballar nun banco. E aos nenos xa os teño situados. **Celsa**

Eu coidei ao meu pai, que morreu dun cancro. Xa non tiña gharghantiña. Coidei tamén á miña mai, ata que morreu, e aghora cóidanme a min. E non teño de que queixarme, 94 anos feitos en marzo, son a máis vella de Ladrado, de mulleres. **Amadita**

Lola S. di que prefire escoitar, que non sabe expresarse e que ten pouca memoria. Escomeza

aos poucos, animada polo resto: "Con trece anos enfermou meu pai dunha trombosis e tiveron que coidalo. Despois caseime, tiveron aos meus fillos, atendín á miña nai, tamén a unha tía. Non memorizo ben... Tamén coidei aos meus soghros".

Escoitándose unhas ás outras se dan conta da inxustiza xerada pola invisibilidade e a falta de recoñecemento que tivo nas súas biografías terse adicado aos demais, a preservar as vidas dos "outros", por enriba das súas propias.

O ESPELLISMO DOS TEMPOS PROPIOS

O non ter vida propia e estar pendente sempre daquela persoa é o que che fai estar mal. **Lola S.**

Estar pendente sempre doutras persoas e das súas enfermidades é o que non che deixa desfrutar a vida.

Pura

Falan de que leva ás mulleres a "enfermar dos nervios".

Unha muller vai tomar un café tranquilamente pero non pode todos os días ir ao bar, porque ten que

facer na súa casa as cousas e telo todo "nin máis nin menos". E o home pasa de todo! Prato na man e carreteira e manta! Porque a muller traballa fóra e máis traballa dentro e máis traballa en todos os lados. **Dulce**

Cando eu tiña ás miñas fillas, se meu home estaba na taberna, que ten estado, a min importábame tres pitos. Cantaba cancións con elas, inventábalas.

M^a José

Lola G. explica que o seu home axudouna coa súa nai, porque lle faltaba unha perna e, se non, non podía lavalas, deitalas ela soa.

Iso é o 5%! **Dulce**

Normalmente ían á taberna. **Isabel**

Ían todos. **Dulce**

El axudoume a coidalos a todos. **Lola G.**

O dela axudouna a coidar á súa nai ou á súa soghra porque as tiña na casa e estaban os dous, era por iso. **Pura**

Si, era cando estaba xubilado xa. **Lola G.**



O meu non me axudou porque meus pais non estaban na casa, pero se os tivese na casa teríame que axudar tamén. **Pura**

Eu coide á miña soghra e máis a unha tía del, e máis iamos mariscar ighual. Lavaba, dáballe o almorzo, e ía á Ribeira. **Lola G.**

Eu cando meu pai estaba inútil, traballaba no parque de Muíños, e saía do parque para lle axudar á miña irmá para levantar ao meu pai, e despois voltaba para alí. Os homes na casa non facían nada. **Pura**

O meu home era feito para ir aos recados, pero despois para axudarme a traballar na casa, xa nada. **Dulce**

O meu, nada. **Aurora**

E que iso non estaba no libro escrito! **Dulce**

Ían para a taberna e dicíalle, "a que hora virás comer?" E él contestaba, "a tal hora". E eu esperaba e comía frío, e cando el chegaba dicíame que xa comera. E coma el, os demais, eh! **Lola G.**

O LOITO, UNHA VIOLENCIA VELADA

Unha das múltiples prisións que sufrían, e que a miúdo seguen sufrindo hoxe as mulleres, nos contextos rurais especialmente, é a que ten que ver co loito. Esta experiencia, tanto se era vivida por mor do falecemento dun familiar directo coma se correspondía á liña xenealóxica dos seus maridos, impactaba obrigatoriamente nelas e, por tanto, nos seus movementos e posibilidades de goce.

Cuestionamos xuntas as implicacións que tiña isto para elas. Mirámolo co humor que moitas veces necesitamos para achegarnos ás contrariedades do sistema.

Mira, por exemplo: morríalle a mai a él, e poñía o loito a nora, e o home ía ao día seguinte ao baile. **Dulce**

A min pasoume iso. **Pura**

Xa o sei! Mira, a esta morreulle a soghra o día de San Fernando, e o home foise ao baile. **Dulce**

*Para bailar non, para a Pirenaica. **Pura***

*Ela dixo, "ai, moi ben, morre a miña soghra, que é a túa nai, e ti vas bailar e eu quedo na casa?" **Dulce***

*Viron todos comer á miña casa e el na Pirenaica?
Bueno, señores! **Pura***

*Nos iamos unha vez comer por San Fernando e díxenlle "Pepe, este ano non imos que morreu teu pai". E dixo él, "ai, non irás ti, pero eu vou!". E díxenlle, "ai, home! Se vas ti, tamén vou eu que non era meu pai! Eu na casa non quedo, eh". **Celsa***

*E logho?! Claro que si! **Graciela***

*Fun eu quen lle puxo o loito ao meu soghro. **Maruxa S.***

*Poñerse de loito era poñerse toda de neghro e non saír da casa. **Dulce***

*Pois eu morreu miña mai, morreu meu pai e non me puxen de neghro, pero morreu meu soghro e tiveron que poñelo, porque daquela levábase que se fixera así. Era unha deshonra non levalo. Pero él non o poñía nada, nada, nada. El ía para a festa e nós quedabamos na casa. **Pura***

*"Eles poñían, poñían..." din unhas con ironía.
"Mullere! Nada, nada", "era boa!", "ás veces levaban un paniño así no saco". Rin todas xuntas.*

*Morreu miña soghra en outubro. O Entroido foi en febreiro e díxenlle ao meu home de ir axudarlle á familia antes de que empezase a festa, que logho marchabamos para a casa porque non podíamos quedar, polo loito. E contestoume él, "ai, marcharás ti, que eu quedo na festa!". E díxenlle eu, "pois se ti quedas, eu tamén!" Bailei toda a noite. **Lola G.***

Lembran que cando morreu a nai do ferreiro el dicía: "O loito déixollo á miña muller mentras eu vou á festa".

*Non era xusto, pero... Naquel tempo era o normal. **Celsa***

A CRIANZA EN SOIDADE

A crianza das fillas e fillos coa ausencia case permanente dos seus maridos é algo que as animamos que expresen. Queremos saber a quen recorrían, que apoios tiñan e como afrontaban os obstáculos ao ser elas as que se ocupaban de todo en terra firme.

O meu home estaba no mar. Se ía ao bonito, o tempo que botaba alí era longo e, o mesmo que el, os demais. Eu tiña un cuñado e máis á miña soghra, que vivía comigo e eu con eles, máis ben. Eu fun da casa dos meus á casa deles. **Amalia**

Igual botaban un mes ou máis. **Felicidad**

Eu tiven á miña soghra, despois miña mai tamén me axudaba moito, meus irmáns. Meu home estaba no mar, así que había que andar. El pasaba vinte días fóra, máis ou menos. **Pura**

Queremos saber como era a convivencia con eles cando volvían do mar.

"Un día e unha noite ben a pasas, logho vanse".
Comentan entre risas

Isabel conta que os seus nenos non querían estar co pai cando viña do mar. Ela dicíalle ao seu home: "Eles non van cambiar, achégate ti a eles para que che queiran". "Porque eles así que o vían, escapaban".

Os meus sempre o quixeron, eh. Tiven un maior e despois dous xemelgos, os tiven con 20 anos. **Pura**

O meu home no mar e eu aos 26 anos xa tiña catro fillos. A primeira morreume. Sei que me vin con tres chupetes, tres biberóns, tres con pañais e nunha casa sen augha e sen luz. Gracias aos veciños que me traían a augha, outro traíame o leite pola mañá. Axudáronme e fun indo. E viñemos á casa, que aínda se estaba a facer, porque a outra empezou a abrir e caía. **Isabel**

Os homes estaban no mar e tiñamos que facer todo o traballo as mulleres. Comiamos caldiño e pan de mistura, o de trigho era para os domingos. A empánada de cebola e azúcar era a que mellor lle sabía ao meu pai. **Amadita**

Eu tiña que ser pai e nai. Eu tiña que facer dos dous e máis tiña que coidar da miña soghra, e dunha tía do meu home que tiven encamada. **Lola G.**

SE OS HOMES COIDARAN

Os seus testemuños lévannos a reflexionar sobre a relación entre as mulleres e os coidados. Tamén fantaseamos sobre as repercusións que se producirían se eles desen un paso ao fronte e se ocuparan de forma sistemática e non anecdótica

da supervivencia afectiva do humano. Que tipo de cambios veríamos no mundo se isto ocorrese?

Penso que nós, as mulleres, nos volcamos máis que os homes. Aínda que o home quérrelle igual que lle podía querer eu porque, eu vouche dicir, non é un conto que é unha verdade: eu teño unha cuñada de 74 anos que vale máis morrer que estar con ela, porque día e noite ten demencia e hai que paseala. Hai que estar ao seu ao redor constantemente, e está a miña sobriña con ela e tamén está o home. Pero o home aínda vai tomar o café a Espasante, e quere como a quere a filla. Eu penso que as mulleres somos máis achegadas, máis sensibles, e o home é máis tranquilo, non comprendes? **Celsa**

Os homes buscan outras maneiras. **Isabel**

Claro, ás veces ao mellor o home non demostra e máis ten sentimentos igual. O que pasa é que se fai máis forte. A min paréceme que é normal. **Charo**

Por iso hai tantas separacións, porque aghora os teñen con cuarenta anos, cando ao neno hai que cambiarlle o pañal e darlle o biberón. "Vai ti cambiar

ao neno". E elas contestan, "diso nada". **Celsa**

E que pasa por que o home lle cambie o cu ao neno? E máis bañalo e máis facer a comida. Eu traballei toda a miña vida fóra da casa, as oito horas. Tiven un fillo e morreume, e despois estivemos 10 anos sen fillo. Eu traballaba e el traballaba. Cando eu traballaba oito horas eu non necesitaba que me axudara para nada, pero cando naceu a nena, que eu parei de traballar e unha cousa e a outra, e se precisaba axuda cando puido axudoume sempre, incluso pranchou. E que? É menos home que o outro? Ao contrario. **Maruxa Y.**

Non é menos home, que o deben facer pero non o fan, porque son contados. **Celsa**

Vamos a ver, o digo traballando os dous, eh. **Maruxa Y.** Sendo así, téñense que axudar os uns aos outros. **Lola G.**

Pero a inmensa maioría non o fan. **Dulce**

Eu teño un xenro, Carlos, que o fai. Porque fai todo. Esperanza vaise máis axiña que el, porque vai ao banco, e el deixa a cama feita e deixa todo prepara-



do. Pero son contados. Celsa

Claro, é o normal de ser persoa. Graciela

Eu penso que sería mellor o mundo se os homes coidaran. Habería unha unión na muller e no home. Celsa

Os homes podían saír e a nena era a que tiña que lavar. Iso non é culpa deles, é culpa de quen os criou, porque tanto é un neno como unha nena. Se a nena

sabe facer unha cousa o neno pode sabela igual, entendes? Porque se o neno non pode facer nada, nin botar un ovo, nin limpar os zapatos, nin fregar, porque está mamá. Pois despois, cando se xuntan ou cando se casan, veñen os problemas. Maruxa Y.

Depende de como son eles, porque eu teño seis fillos e non son dous iguais. Celsa

Pero ti aos teus fillos ensinácheslles a facer a cama? Non, verdade? Maruxa Y.

PARTOS

A gran maioría pariron nas súas casas con toda a capacidade que tiñan como humanas para facelo. Unha forza case animal emerxía dos seus corpos durante o esforzo titánico de traer a unha criatura ao mundo. A súa intuición e a sabedoría de quen as precedeu axudáballes adoptar as formas que lles eran máis orgánicas no proceso. Elas decidían que lles axudaba e que non. Se decaía a súa enerxía e empuxe, as outras estaban con elas para alentalas e indicarlles o camiño.

A que máis caro me costou foi a seghunda, porque a min en vez de dar-me na barriga, as dores dában-me detrás, nos carrís. E axudábame a miña nai e carghábame coas rodilla aí. E dicíalle, "trábame máis, que me doe". **Amadita**

Falamos da postura. Amadita di que ela o fixo sobre os xeonllos, diante dunha cama, apoiando os brazos nela.

Eu parinas todas así, diante da cama, e liberábame eu (falando de cortar o cordón umbilical). E despois lavábame, porque tiña a cama feitiña, empaquetábame e deitábame na cama. **Amadita**

Dulce, naceu canda a túa M^a José. A túa M^a José o 15 e ela o 12, pero é verdade. Fun para o río lavar e vin para casiña sen dicirlle nada a naide. Eu aghuantei casi ata o final e despois os da casa todos foron os que me axudaron. Miña irmá Socorro, en paz estea, meu tío, miña tía e miña madriña. Cando xa rematara, erguínme e xa non tiña pel nos xeonllos "Ai, mi madre!". **Amalia**

Como pariron elas e como o fixeron as súas nais

non foi tan distinto. Sobre todo se falamos coa xeración máis vella. Algunhas parían de xeonllos, outras sentadas e outras deitadas. As máis maiores, Amadita e Amalia, as dúas fixérono como as súas nais, axeonlladas.

"Sabes que facía esta para parir? Bebía augha con cebola. Entón aquela auga revolvíase todo e, claro, así as botaba". Di Lola S. sinalando á súa amiga **M^a José.**

O ESTIGMA DA NAI SOLTEIRA E A SEPARACIÓN

Sabes tamén por que te deixaba marcada? Porque non tiñas como sair adiante. **M^a José**

Si, tamén era verdade que se che acababa a vida. **Aurora**

Elas non saían máis da casa así que tiñan un fillo, se non que volvera o mozo querela. **Graciela**

Bueno, miña mai ao volver casar foi unha como as demais. E logo tiveron dúas irmás máis do seghundo matrimonio. **M^a José**

Os obstáculos que tiña ser nai solteira ían, en realidade, moito máis alá da pura supervivencia económica. A parte que xeraba máis dor nelas era o rexeitamento social ao que se vían sometidas.

*Eu recordo que morrían os homes no mar e elas, moi novas, quedaban viúvas. Tíñanse que poñer todas de neghro e o pano neghro tamén na cabeza, que non podían quitar. E se o facían ou saían, falábanse de elas por aí adiante. **Graciela***

*Tamén as había que tiñan o pano e andaban con outros. **Pura***

*Como está mandado! Así tiña que ser! **Dulce***

*Ían a Ferrol ou á Coruña e non levaban o loito. **Ermitas***

*Non é que fosen infieis. Hai quen ten moita ghana e non pode pasar sen iso. Porque a que foi viúva e estivo sempre na casa, como quedou embarazada? Pero claro, marxinábase moito ás mulleres, moito máis que agora. **Mª José***

Graciela ri como querendo ocultar algo que ten que ver co que estamos a falar. Quere dicilo, pero non se atreve. “É porque ela separouse”, di Amalia amable y discretamente.

*Levaríamos tres anos e, aos catro, eramos libres! Cando xa me dei conta que non quería seghir con aquilo foi dunha vez que, estando emigrados en Inghaterra, el veu para aquí porque dicía que meu soghro estaba maliño. Así que fun para Espasante e meu soghro, cando cheguei, no lindeiro. E era pleno verao, que era cando nosoutros faciamos máis cartos alí. Enghañoume! Así que despois volvíñ solíña a Inghlaterra. O matrimonio nunca foi ben, nena! Coma moitos, eh! **Graciela***

*Hoxe menos mal que traballan e ghañan home e muller, e iso non o habían de aghuantar. Porque se non hai cartos e tes un fillo, unicamente que che fagha a vida moi imposible, tan liberales non iamos ser, tampouco. **Mª José***

Graciela si o foi. Ela non tolerou o que era inxusto e desigual, por iso separouse a pesar de non ter nada nin ninguén máis que a ela mesma e á



súa filla. Un exemplo de superación e empoderamento en feminino.

A EMIGRACIÓN

A emigración, para quen marchou, constitúe unha das etapas máis fascinantes e ricas en aprendizaxes das súas historias vitais. En especial se permaneceron alí o tempo suficiente no que incorporar novos costumes e desenvolver a capacidade de comunicarse nun idioma, ata entón, completamente descoñecido para elas.

Eu emigrei xa casada, fun no 65 a Inglaterra. Eu speak inglés, yes. Graciela

Chanceamos con ela e preguntámoslle se entón podemos seguir charlando en inglés. Respóndenos que si e no noso afán por seguir pescudando máis sobre o tempo que vivira alí, advírtenos cun ton atrevido: "Se falas ghalegho, nada".

Estalan todas a rir. Preguntámoslle en inglés e contéstanos: "Fourteen. One plus four".

Pura, desde o humor, di: "Oíches, Graciela, eu non sei inglés e quero saber que dixeches"

Shut up. Keep quiet. Graciela

Rinse todas.

Con esta enerxía abrimos as portas para empezar a conversar sobre os seus procesos migratorios.

A decisión de marchar

A primeira dúbida que colocamos cando inician o relato é aquela que ten que ver coa libre elección ou a obrigación implícita de emigrar.

Eu quería, porque marchaba moita xente. Ía xa casada para formar unha vida e ghañar, aquí non se ghañaba como alá. Graciela

Celsa e Charo emigraron xuntas a Inglaterra cunha motivación diferente.

Nós fómonos con 19 anos "de vicio", nada máis. Fomos no coche de liña a coller o tren na Coruña, eu xa

andaba co meu home e foi con nosoutras. Ao chegar á estación do tren e Pepe quedar alí, dime esta: "Pero dille adiós, nena, mira como queda chorando, dille adiós". E díxenlle, "déixao quedar, que eu non sei para onde vou e el queda ben" **Celsa**

Nós marchamos porque queríamos facer unha casa e volver. **Maruxa Y.**

A miña casa tiña botes de pintura para as pingueiras en todos lados, entón dispuxemos irnos para fóra. O meu home foi sempre ao mercante, pero como cando el era pícaro caeu da bicicleta, e nun recoñecemento díxeronlle que non valía para traballar alí. Entón dispuxemos de irnos os dous. Iamos porque estabamos na miseria vivindo. **Lola G.**

Eu emigrei por ir, non tiña necesidade de ir. Estabamos ben as tres, pero animáronme e fomos, para coñecer outras cousas e máis ghañar algo. **Celsa**

Un vicio, nena. **Ofelia**

Fomos tres: Charo, Carmen, unha que morreu, e máis eu. Os pais de Carmen non calaban, dicíannos

que nos era mellor ir para Inglaterra. **Celsa**

Eu marchei a Montevideo por esa locura de emigrar. Cumprín alí os 19 anos, non tiña necesidade, gracias a Deus. Meu pai sempre gañaba, tiñamos as terras nosas. Foi por esa aventura que temos os galegos de emigrar. Fun soa, nun barco da compañía inglesa England Chaftein. Un barco vello con moitísimos camarotes que ao final afundiou no porto de Montevideo, anos máis tarde de cando eu cheguei. **Ofelia**

As aspiracións a unha vida mellor que lles permitise a moitas delas saír da pobreza, unidas á curiosidade e á aventura que supoñía emprender unha viaxe que miles de galegos e galegas xa realizaran, foron os motivos principais polos que decidiron deixar Ladrado atrás e iniciar unha nova vida.

A chegada

Atráenos saber como foron para elas eses primeiros instantes en contacto con territorios que lles eran completamente alleos, cheos de estímulos absolutamente descoñecidos.

A cousa que máis me abraiou a min en Londres foi que me parecía que aquela xente non traballaba e que tiñan as casas tan luxosas... E dicía eu, os nosos pais que traballan tanto e non temos estas casas!

Foi o que máis me abraiou. **Charo**

É certo, con aqueles cuartos de baño, que aquí non os había. **Lola G.**

Claro, e que non se entendía, que tanto traballaban os nosos aquí e non tiñan nada. **Charo**

Esta primeira apreciación espontánea e non intencionada de Charo pon de manifesto as diferenzas en progreso e xustiza social que existían entre España e Reino Unido naquela época. Tamén, sen quere-lo, visibiliza a falla de equidade e o abuso que experimentaban en España quen nacía pobres con respecto ás clases adiñeiradas. Ás súas familias aquí denegábaselles calquera oportunidade para o ascenso social, a pesar da súa enorme capacidade de esforzo e dedicación ao traballo.

Retomamos a conversa con elas e seguimos apelando ás súas memorias para que nos conten as situacións que máis lles impresionaron na chegada ao seu país de destino.

A diferenza con Ladrado era coma da noite ao día. Primeiramente, non comprendías nada. Ti viñas dunha aldea e estabas en plena cidade. Había tantas luces! E aquí había que ir co palluzo. **Maruxa Y.**

Tamén viches negros, que aquí non os había. **Lola G.** Non, non, alí non collían negros, nin árabes. Aghora si, antes non. **Maruxa Y.**

En Londres había de todo. **Lola G.**

Encóntraste nunha cidade. Cando nunca saíras de aquí. Podías ter ido a Viveiro ou a Ferrol, pero nada. Xa o viaxe! Eu funme ben, en avión. Funme Coruña-Madrid, Madrid- Bruxelas, Bruxelas- Luxemburgo, sen saber falar. E díxome unha amiga miña: "Ti non leves medo, ti levas a dirección e levas cartos, ti dislle: taxi, aquí". Non foi así. Non foi tan fácil. **Maruxa Y.**

Nós, cando chegamos, levabamos unhas fotos. Na estación de tren veu o señor que tiña un hotel pequeno e ensinounos as fotos, así que nos fomos con el e vivimos alí no hotel. Estivemos alí tres ou catro anos. Eu estaba lavando nos platos, axudándolle na cociña, que era o dono. Axudáballe a facer as cousas



*para o almorzo, para o comedor, torradas e cousas así. E limpaba. Penso que eu cobraba once libras ao mes. **Graciela***

*Non, en Inghlaterra cobrábase á semana. **Lola G.***

*Ai, é verdade, á semana! Pero once libras os dous. Eu penso que el seis libras e eu catro. El máis. **Graciela***

*Eu cumprín alí os 19 anos e ía con toda a ilusión. Elas ían xuntas (por Celsa e outra amiga), pero, claro, eu ía soa. E así que cheguei á estación, tiña ghanas de chorar. **Charo***

*Eu cando cheghuei a Montevideo... Nin que cheghara a reina Sofía! Porque tiña a todos os meus familiares alí agardándome no porto. Meu tío, miña madriña, todos alí. Houbo un banquete alí mesmo, que veu meu tío con pitos asados porque tiña unha paradiña en fronte. **Ofelia***

Os traballos e a vida no exilio

Escoitamos con atención cada un dos seus relatos ofrecéndolles o espazo suficiente que lles per-

mita espallarse e narrar sen reparo os extensos e polifacéticos percorridos laborais de cada unha. Queremos saber que tipo de traballos transitaron, cantas horas duraba a súa xornada laboral e como era o trato recibido.

No primeiro sitio que fun traballar foi un hotel en Victoria, St James Hotel. Pero cheghamos alí e aínda non se lles foran os que estaban, entón dixo que tiñamos que esperar uns días sen poder ir, e un irmán do meu cuñado que estaba alí residente buscounos para unha casa particular. Eran xudíos, nunca tantos zapatos limpei na miña vida! Era como un palacio aquilo! Vivían ás aforas. Comer nada, porque eles comían fóra, non che deixaban nada de comer na casa. Decía Pepe, "traballamos e nin comemos". Un día dixo Pepe, "fai unha tortilla. Se nos botan, botáronnos, hai que comer". E fixen a tortilla. Pero aos oito días veu unha señora que era amiga da xefa, que falaba un pouco español: "Tu amigo venir hoy a buscaros". Dixen eu, aínda pasando fame e traballando, aínda non nos queren!. Eu pensaba que non nos querían, pero era que nos reclamaba o hotel. E iso foi a nosa salvación, porque nas casas particulares non ghañabas tanto coma nos outros lados.

Entón fomos para o hotel os dous. Ensináronnos o camiño para ir de noite, entón íanos sinalando un "michelín", unha óptica, había aquilo... Todo foi así. Pola mañá, a ver se dabamos co sitio! E dimos. E dixeránnos que nos viñan buscar á porta, pero á porta non nos viña buscar naide. Pasaba a xente para ir traballar, e vin unha señora cunhas bolsas e dixeron "esta señora é galega", que xa tiña pinta. Díxenlle eu en español, claro, que outra cousa non sabía: "Buenos días, ¿usted es española?". " Si, son ghallega". E díxenlle que iamos traballar alí e díxome, "pois virvos comigo para dentro". A Pepe colléronno por un lado, a min polo outro. Xa dixemos, "bueno, o que saía primeiro que espere fóra". Na hora de comer vímonos. El xa estaba cun sevillano, que era un porta maletas, e a min leváronme para facer as camas xunto cunha moza de Pontedeume. Marabillosa, vivía residente no hotel, falaba o inglés perfecto. Ela púxome ao día para todo. E tocoume na planta con ela, non sabes? Eu estaba para un lado, ela para o outro. Así que fun indo. Erguíame ás catro da mañá para ir limpar as oficinas antes de ir para o traballo, tamén máis oficinas así que saías do traballo. Sabes o que sempre tiveron eu? O sábado e o domingo libres, iso sempre. **Lola G.**

O que nos pensabamos era que iamos coser, pero non había traballo para iso, así que tivemos que ir para o doméstico. Iamos coa ilusión de coser pero, claro, non che admitían. **Charo**

Eu fun para un colexio con Carmen, e esta ía a unha casa particular en Londres. O noso colexio estaba ás aforas. Traballabamos na cociña: pelando patacas, limpando verdura, facendo todo. Non me impresionou nada. Eu estaba naquel colexio, non saías de alí. Acababamos de traballar na cociña e iamos a unha habitación que tiñamos. Era a ruta que faciamos. E despois fomos para Londres. Cada unha fomos a un sitio. Carmen foi a unha casa e eu a outra. Estabamos preto. Eran casas particulares. Facía a limpeza e máis coidar tres nenos que había. **Celsa**

Eu xunteime cunha amiga de Lugho e despois de ter traballado nunha casa fomos para un hospital, de camareira para o comedor de doutores. **Charo**

En Inglaterra pasabamos de Southampton a Bournemouth, que era onde estabamos nosoutros. Andei moitos traballos. Estiven 14 anos alá. Tiven unha nena e andaba con ela. Ela tiña un mesiño e eu

limpaba escaleiras, cuartos de baño... Eu levábaa na cuniña. Así que pasaba a aspiradora do chan, que roncaba que ay mi madre, espertaba.

Onde máis traballei foi en restaurantes. Fun a un restaurante e facía o té. Poñían moitas cousas alí enriba da mesa, e lavaba todo. E un día pedíronme as camareiras un postre, á semana ou así. E eu non entendía, era "Banana Split", e eu nunca tal oíra. E foi a camareira e queixóuselle á señora, que eu non sabía poñer o postre. O cociñeiro era italiano e pediulle que me deixara quedar unha semana máis, e xa quedei para sempre.

Despois entrei nun hotel, tería a nena dous ou tres anos. Entrei porque outra española, non sei por que, deixábao. E estiven en varios máis. Neses momentos levábaa á guardería pero tamén para o hotel, que xa tería seis anos, e debuxaba para que se entretivera.

Traballei tamén na casa dunha señora limpando o piso. E había un ascensor cun can pequeno, e dába-me un trapiño limpo, alí o can cagaba e eu limpáballe o cú, ao canciño. Tiña moitas cousas de ouro que había que limpar nelas tamén. **Graciela**

Mira, vouche dicir unha cousa que din no Río da Prata, porque eu estiven alí: "Ao galego convidárono porque o burro non sobe as escaleiras". Pero o galego é moi honrado e son dereitos ata a morte. Iso é unha bendición e un orgullo. **Ofelia**

Tiven dous traballos en toda a miña vida aló. Ao nacer a miña nena parei de traballar ata que empezou a ir ao colexio, e despois traballaba tres horas todas as mañás, deixábaa no colexio e recollíaa. Non volvía a traballar. O meu marido traballaba moitas horas. Porque nos organizabamos de que eu non ía traballar para que non nos coidaran á nena. Eu fixen unha vida moi bonita, pensabamos en gañar cartos e aforralos, pero non esa obsesión de dicir "temos que aforralo todo". Queríamos vir, así que aforrabamos o que podíamos. Eu comprei o meu piso alí, hai 36 anos xa. Viñamos todos os anos de vacacións, ás veces dúas veces. **Maruxa Y.**

As que máis tempo estiveron emigradas foron Ofelia e Maruxa. Elas, de todas, foron as que tiveron traballos máis amables e menos esixentes en esforzo físico e en horas adicadas. A súa

intención desde o principio era crear unha vida alí, así que a maneira na que organizaron os seus proxectos migratorios foi visiblemente diferente. Pola contra, o resto que se marchou traballou sen descanso, co obxectivo de retornar canto antes xerando aforros abondo que lles permitiran reiniciar unha mellor vida de volta á parroquia.

*Non o pasei mal. O meu primer traballo foi nunha casa de fotografías, porque tiña ao meu curmán que traballaba alí. Eu quería gañar máis e funme para unha fábrica textil, fiandería. Traballei alí uns meses. O meu tío, que tiña un ultramarinos, díxome, "non vou a encontrar eu persoa máis decente nin máis confiada, eu págoche o que ganas na fábrica e vés para aquí". Traballei con eles alí, o mesmo cosía un vestido para a nena, que atendía á xente. Despois de casada cosía para particulares e tamén para unha casa grande que se chamalba "Angen Shei", que facía roupa de nenos. Traballaba cunha muller de aquí. Despois quedeime na casa, porque o meu marido gañaba ben. El traballaba na fábrica máis grande de Uruguai, FUNSA, era automobilística. Estiven 23 anos en Uruguai. **Ofelia***

Ofelia cóntanos os traballos que desempeñou na primeira parte da súa experiencia migratoria. Tras construír o seu plan de vida en Uruguai, tivo que exiliarse a EE.UU., esta vez forzosamente debido ao incremento da violencia, situación que facía as rutinas máis sinxelas, insostibles.

Miña filla educouse nun bo colexio, aprendeu inglés, conseguimos ter un apartamento en fronte á praia do Río da Prata, pero aquilo púxose mal polo tema da ditadura e dos Tupamaros, que eran guerrillas urbanas que che viñan buscar á



casa por pertencer a un sindicato. No se sabía se che tiraban ao Río da Prata e desaparecías. Entón tivemos a oportunidade de marchar a EE.UU. legalmente, porque tiña un irmán alí o meu marido. Deixamos o apartamento, despois de toda a loita por conseguilo, porque tiña tres dormitorios, dous baños e un balcón de sete metros. Deixamos todo.

En EE.UU. estiven 12 anos. Primeiro traballei na costura, porque sabía coser, pero máis tarde tiveren a sorte de poder traballar nunha fábrica de fiandería e texidos. Entraba o algodón por un lado e saía a tea polo outro. Traballei alí ata que me viñen para aquí. Non podo dicir que me fora mal. Tiñamos aínda o apartamento en Uruguai sen vender, pero eu dixen: se marcho de aquí, vou a España. Porque deixo á miña filla en EE.UU. e teño aos meus pais en España. Non ía ir a Uruguai porque tiña un apartamento lindo. O meu marido entendeu e accedeu. Así que puxen o apartamento á venda. E aí está e aquí estou, dende o ano 91. Non che podo dicir onde fun máis feliz, se en Uruguai ou en EE.UU. Hai unha canción de Mercedes Sosa, que é unha cantante arxentina, que di "gracias a la vida que me ha dado

tanto...". Pois esa canción dígoa eu moitas veces. Porque tiven saúde, nunca tiven que estar enferma, nunca me faltou para comer, roupa ou xente que me queira. **Ofelia**

Ás veces dígolle á miña Tania: nosoutros, papá e máis eu, merecemos unha estatua. Porque viñemos, eu con 20 e el con 22, e non tivemos a naide que nos dixeran como facer as cousas. E unímonos e fixemos unha piña tan grande os dous que chegamos onde chegamos, porque Dios guiounos, sen saber falar, sen ter cartos, e saímos adiante. Estivemos 50 anos



*de casados. El morreu en xaneiro e en febreiro faciamos 50 anos de casados. **Maruxa Y.***

O sostén dos vínculos

Falamos con elas sobre as relacións na emigración. Queremos saber se tiveron a sorte de gozar de vínculos de apoio e sostén necesarios por mor da vulnerabilidade que representaba ser emigrante económico nun país estranxeiro.

*Tiña amistades. A aquel sitio dicíanlle Cayo Coruña, porque estabamos todas cerquiña, eramos da Coruña e de todos os sitios. **Graciela***

En Luxemburgo, como hai moita poboación portuguesa e o portugués é parecido ao galego, pois te arrimas. Eu teño hoxe amigos de cincuenta anos e son portugueses. Amigos que eu sei que podo contar con eles se eu estou enferma, coma se fora mai ou abuela. Levan comigo ao pé do canón. Fomos á súa voda, á comunión dos fillos, á voda dos fillos, ao bautizo dos netos... Están sempre comigo e eu para eles, para o que me necesiten. Toda a miña familia chamábame e todos morren por min, pero esa familia

*non me deixa soa nunca. **Maruxa Y.***

As maneiras que moitas veces atopaban para manterse conectadas coas súas orixes e coa súa identidade era a elaboración de comidas, sobre todo cando non contaban con espazos que ofrecesen a oportunidade de reunión e recreación entre as persoas dos seus mesmos territorios na diáspora.

*En Luxemburgo non era como en Inglaterra ou Francia, non había o Club Gallego nin había nada de eso. Pero na miña casa tomábase o caldiño, tortilla, peixe, ameixas á mariñeira... O que pasa é que non saben igual. O prato típico de alá eu non o cociño porque non me gusta, chámase chucrut sauerkraut. É carne de porco, córtanchas coma se foran costeletas, iso cócese con salchicha, patacas cocidas e o chucrut, que é o prato principal, o repolo. Entón córtano moi miudiño, moi miudiño, déixano fermentar en vinagre ao mellor un mes, así cando o comes é ácido. A min non me gusta. **Maruxa Y.***

Cando tiñamos tempo libre, os sábados e os domingos, iamos no autobús a un sitio que lle chamaban Golders Green, que todo eran teléfonos. Ia-

mos os españois falar por teléfono con España, pero como eramos tantos e estabamos nun corro, viña a policía e dicía: "Come, come". Como para disolver, non sabes? Entón, que faciamos? Metiámonos na cabina, coma quen que iamos falar por teléfono, entón eles xa se calmaban. **Celsa**

Había moita aglomeración. **Charo**

Pero ti sabes a de españoliños que había alí? En Victoria, que ía eu para o traballo, os primeiros días, que eu non coñecía a naide, escoitábase máis o ghallego que o inghlés! **Lola G.**

A maior autonomía de ser muller alá

Preguntámoslles sobre a experiencia de ser muller nos seus destinos migratorios. Interésanos saber se alí tiveron un nivel de liberdade e independencia do que carecían nas súas comunidades de orixe.

Ser muller en Luxemburgo era ser unha muller liberal: que ti vas traballar, que ti vas aos sitios, que ti vas ao salón de peiteado, que ti ías a un ximnasio, se querías. Eu nunca fun porque eu iso non, pero

pode ir quen queira, que se permitía. **Maruxa Y.**

Eu estaba moi contenta, nunca para aquí volvía porque alí cobraba todas as semanas, estaba limpa, pintaba os beizos e facía todo. E máis poñía os tubos. Máis curiosa que aquí. Traballar si, pero un pouco pintada e un pouco peiteada. **Graciela**

Pensamos con elas no valioso que foi tamén para o seu empoderamento e desenvolvemento persoal aprender unha lingua nova aínda que algunhas, como Maruxa, quítanse importancia neste sentido.

Idiomas eu non falo, nena. **Maruxa Y.**

Cuestionamos a súa afirmación.

Bueno, si, eu falo francés, alemán e portugués. Pero a miña filla fala sete idiomas e miña neta, que está aquí de vacacións, outros sete. **Maruxa Y.**

Entrar en contacto con outras realidades culturais tamén lles serviu para aumentar a empatía e a apertura cara á diversidade relixiosa, étnica e racial.

Os nenos que eu coidaba na casa particular eran xudíos. **Celsa**

Ai, Deus! **Lola G.**

Os xoves non tocaban os cartos e eu tiña que ir facerlles a compra, tiña que ir comprar o xornal, todo cos meus cartos. Tampouco podían acender as chaves da luz. **Celsa**

Ai, Xesús! **Amalia**

Tiña que acendelas eu. A min parecíame unha cousa tremenda. Ai, mi madre! Despois cando facían a relixión, a primeira vez que o vin... Ai, mamaíña querida! Estaban deitados nunha alfombra ghrandísma no comedor e postos así axeonllados. E tiñan como unha correa e poñíana ao redor, ata arriba. Toda a xente da casa facíao. Era a relixión! Cada un na súa habitación. E eu cando vin a aquel home fuertote alí tirado dixen, "ai, madre de Dios, ¡se está ahorcando!". E enseguida escoiteille: "duolo, duolo, duoloooooooo" (di palabras sen sentido, coma se fose o



rezo). Tamén tiñan a Sinagoga polo lado de abaixo da casa, ían para a igrexa deles. **Celsa**

En Londres había as culturas todas. **Lola G.**

O trato recibido

Podo dicir que o estado luxemburgués para o emigrante: mellor, imposible. Porque che axuda. Ti agora compras unha casa, axúdache; non pagas escritura de notario; p ágache moitísimo por cada neno que tes; se pos unhas xanelas, axúdanche; se tes calefacción, axúdanche. Luxemburgo quere que o emigrante compre porque luxemburgueses son moi pouquiños, entón quere que vaia a xente. A facilidade de ser luxemburgués, sen problema ningún, entendes? Tes as dúas nacionalidades. Luxemburgo é un país moi pequeniño, moi tranquilo, e fai todo polo emigrante e pola xente que vive alí. Pero sabes o que son, tamén? Moi racistas. Son cuadriculados. Eu digo que son cuadriculados así, eh. Agora non, que xa vén a xente nova, xa van á escola con extranxeiros, xa vai á escola con portugueses, entendes? Tamén cos españois, eh. Eu acórdome que fun alá non 72 e pasabas por calquera sitio e abrían

un pouco a cortina da xanela para ver quen era, e pechábana outra vez. **Maruxa Y.**

Eu fun para unha casa moi boa, eh, moi boa, moi boa. Cando entrei, polo meu aniversario, xa me regalaron unha chaqueta e unha saia. E no Nadal leváronme a comer coa familia e, claro, eu levantábame da mesa para recoller, porque eu era a criada, e dicíanme: "non, non, ti estás de invitada". Unha señora marabillosa. Pero como paga pouco, porque ela estaba afeita a ter aupairs francesas de estudar, nada máis, cambiei despois de traballo. **Charo**



As anécdotas na emigración

Unha das nosas partes preferidas ao conversar sobre as súas cotiandades na emigración é cando se deciden a compartir as anécdotas que lles sucederon alí, normalmente vinculadas ao choque cultural, ás diferenzas de clase ou ao descoñecemento lingüístico.

Resulta que eu despois cambieime de traballo porque ghañaba pouco e funme para outro hotel, Claridge's Hotel. E vin á raíña Fabiola, a Balduino, a Onasis e a Jacqueline Kennedy! A cousa era que non nos deixaban velos porque tiñamos que meternos para dentro, pero como a house keeper, a xefa nosa, non estaba sempre, porque tiña os pisos todos, pois non estaba diante todo o tempo. Así que dunha vez que nosoutras sabiamos que ía saír a raíña Fabiola, saiamos nosoutras tamén. Díxome a miña compañeira, unha de Cariño que aínda vive e que traballabamos as dúas xuntas: "imos saír e imos falar en castelán, a ver se nos entende e a ver se nos fala". Dixen eu, "ai!, se nos colle a house keeper falando coa raíña Fabiola, bótannos a fartar de aquí!". E así foi. Nosoutras puxémonos a falar castelán as dúas

e ela parou e díxonos: "Que son, ¿españolas?". "Sí, somos españolas". "¿De qué parte?". "Gallegas". "Ah, muy bien, muy bien, muchas gracias". Pois... Así foi!
Lola G.

Era sencilla. **Charo**

Era moi sencilla. O Onasis non, eh! **Lola G.**

Celsa anímase e cóntanos unha historia que lle sucedeu mentres traballaba.

*Nesa casa tiñan unha cativa e dous cativos. Unha tarde díxome o cativo máis novo, mentras estaba eu facendo a habitación, claro, eu entendía palabras soltas: "Where are my shoes?". E díxenlle eu: "No carallo!" Como eu non entendía, el non me entendía tampouco, e díxenlle así (rise). E dime el como que si, que xa os atopara: "In de cona!". E dixen eu "xa mo parecía, oh, que o carallo tiña que estar na cona!" (rinse todas). Claro, despois cando fun aprendendo entendín que o que me dicía era "in the corner", na esquina, non sabes? **Celsa***

Escachan todas a gargalladas.

Eu en Inglaterra era Lucy e díxeronme unha vez que collera aquela "brush at the corner". O mesmo entendín eu, na cona! Rin moito pero non dixen nada.

Graciela

A volta a España

Normalmente volvían cando xa tiñan o diñeiro para facelo.

Cando eu viñen de Inglaterra eu trouxen para facer a casa, amoblala e comprar un cochiño. **Lola G.**

Díxome esta (por Charo): "Imos a España por fin de ano". E díxenlle eu, "non vou a España, non quero ir de de vacacións, cando me vaia, voume ir dunha vez". E botei dous anos e medio alí sen vir. E cando vin, o meu mozo xa non me deixou volver marchar. Preguntoume: "Cando te vas?" Dixen: "nun mes". Díxome: "non, non te vas!". "Non me vou?". "Non, imos casar". Vaia aleghria, carajo! **Celsa**

Eu dicía: "nunca máis para aló volvo". Paseino bomba. Pero despois tiven unha nena, separeime. Estaba ben, que ghañaba para a nena e máis para min,



e viñamos unha vez cada ano ou cada dous, pero despois miña nai retirábase e decidín quedar eu coa panadaría. Graciela

Graciela volveu para ter o seu propio negocio, a panadaría que fora da súa nai, e gañarse a vida dependendo só dela mesma. Aínda así, como expresa reiteradamente, quedar era a opción preferida, pero tivo que sopesar outros aspectos familiares que a ataban a Ladrado. Ela en Inglaterra foi feliz.

No meu caso, eu vinme e despois volvinme marchar. E despois voltei de novo, porque tiña ao meu mozo aquí, entón escribiámonos e cando viña de vacacións estaba comigo. E dunha volta casámonos. E despois fomos para alá e estivemos nove meses nada máis, porque caín embarazada e el quíxose vir para aquí. A min tanto me daba. Charo

A vida despois

Ocorre a miúdo que cando transcorre moito tempo estando fóra do país de orixe chégase a sentir unha sensación de desarraigamento co lugar ao que se retorna.



En xeral, a maioría delas non chegaron a experimentalo porque tiñan a mirada e os seus desexos postos no regreso á súa parroquia, e ademais a duración das estancias alí non se prolongou demasiado. Por contra, pode que para Graciela e Ofelia fose diferente, e este estado emocional entre o apego e o desapego lles producira confusión e tristeza nalgúns momentos á súa volta. O caso de Maruxa E. é diferente, ela mantén as dúas residencias, nunca chegou a volver, pero si pasa gran parte do ano en España e o resto continúa en Luxemburgo.

Cóntannos brevemente en que consistiu a volta a Ladrído.

*Viñemos de Inglaterra para aquí. Xa tiñamos a casinha feita e o meu home foi para o mar, para o pincho. Estivo no pincho uns anos. Eu na casa, mariscando. Tamén coidei a unha tía de Pepe, que estivo seis anos encamada na casa. Despois coidei á miña soghra, ao meu pai coidámolo todos. Á miña mai tívena eu, á miña nai cortáronlle unha perna. Non che é ningunha risa. **Lola G.***

*Nós despois casámonos, tiven aos nenos, tivemos barcos, tivemos cinco barcos. Eran de arrastre, da Coruña, non sabes? Eran o meu soghro, o meu cunhado, un primo meu, eran sociedade todos eles, non sabes? E eu na casa, coidando todo tempo. Cando o meu marido estaba na Coruña, que non entraban os barcos de marea, viña para a casa. **Celsa***

*Agora levo en Ladrído dende o ano 91. Teño un predio grande entre árbores, flores e gatos e bichos e amigas por todos lados. Eu teño 83 anos, todavía sei cando é onte e mañá. **Ofelia***

*Volví e quedei coa panadaría da miña nai. Foime ben a panadaría, foime ben. **Graciela***

*A mellor forneira de todo Ortigueira! **Charo***

SUPERSTICIÓNS, PODERES E SABERES DAS ANCESTRAS

Meigas e supersticións

"Cartuxeiras, as que botan as cartas, bruxas, meigas...". Así empeza a nosa conversación sobre esas experiencias reservadas, silenciadas, que a moitas lles dá vergoña expresar. Preguntámonlles porque queremos intencionalmente recuperar estas historias encerradas na súa maleta dos recordos que é mellor obviar.

*Miña soghra. Ela contaba que vía, que adiviñaba. Por exemplo, moitas veces dicía: "Vai morrer unha muller que aínda está facendo o caldo". A xente ríase dela, pero ser era verdade. **Amadita***

Iso pasou coa irmá de Higinio, que un día foi á casa buscar un tizón para facer lume, contaba miña

abuela, e díxolle miña abuela ao meu abuelo: "Ai, pobriña, que pouco lle queda, vai morrer". E meu abuelo dixo: "Non dighas iso!". Ela constestou: "Pois vai pasar, e fulano e mengano serán os levadores, e máis os outros". E dixo todos os nomes. "Tamén haberá unha rapaza que leva unha cinta nunha coroa de flores que nunca a coñecín". Pasaron un mes ou dous, e aí morre aquela rapaza. E os levadores foron todos os que ela dixera, e a que levaba a cinta era a miña mai, que non a coñecía canda tivo esa visión.

Lola G.

Aquí tamén morreu unha mestra, que era a irmá de Concha, e miña soghra dixo: "Logho ha de morrer unha na volta do Cristo e ha de ir entornada a caixa cara un lado". E si morreu, e viñeron aquí ao Cristo. Levárona os mestres e un deles era máis baixo que os outros, por iso a caixa ía entornada. **Amadita**

E miña mai contaba sempre que o meu abuelo estaba encamado na casa. Un día pola mañá cedo díxolle meu pai: "Remedios, se me foras buscar unha xerra de auga fresca á fonte, que a da noite está quente...". E miña mai foi, e seghún abriu a porta viu

ao cura mexando onde o pozo de xurro, así que desistiu de ir. Ao día seghinte, ao ir atender ao abuelo encamado, non o notaba ben. E a miña tía Avelina mandou chamar ao cura, para darlle a extrema unción, e cando miña mai saiu para fóra estaba o cura mexando no xurro. O que pasou foi que tivo unha visión do que ía a pasar, polo do cura, e pasou despois. Ela presentía algo e adiviñouno, vírao o día antes. **Lola G.**

Non eran bruxas, eran persoas que vían cousas.

Pura

Había persoas que vían. A miña abuela viu a unha señora detrás da aira, onde o palleiro, e dixo: "Ai, vin a unha señora tan alta de neghro detrás do palleiro, e viña coxeando por alí". E eu era unha pícara, tería 14 ou 15 anos. Viuse a ela mesma! Que ela ía sempre á leña ao monte e sempre levaba un fouciño, e caeu enriba do fouciño e cortou o xeonllo. Eu fun con ela a Ferrol e morreu alí con dous fíos de prata no xeonllo, despois de operala. Viuse a ela mesma! **Isabel**

O meu Antonio (o irmán), sendo un rapaz, aquí na

Forquita, xuntábase a mocidade polo serán, era noite e el viña cara casa. E de súpeto viu estandar-tes na casa do tío Camilo e colleu unha ghrima que cheghou chorando á casa. E que pasou? Que o tío Camilo morreu e puxéronlle o estandarte na porta. El xa o vira antes de que acontecese. **Aurora**

Todas coñecedes a Jesús de Pepa, de Andrés, de Cél-tigos. Pois ese home morreu noviño, era un rapaz. El viñera a un enterro e coñeceu a todos os levadores menos a un. Despois morreu él, era o que faltaba por coñecer, o que morreu veu ao enterro... Non o tedes oído? **Graciela**

A gran maioría viviron situacións, ou o fixeron as súas familias, que teñen que ver con sucesos paranormais aos que só se lles deu voz na intimidade das súas casas, e moitas veces nin a iso atrevíanse.

Para Maruxa E. falar disto é ter permiso para expresar tamén o que lle leva ocorrendo desde a morte do seu marido.

Vouvos dicir unha cousa: eu nunca nada vin, nin sentín, nin nada, pero estamos aquí tres viúvas e eu, desde que me morreu o meu marido, eu sinto a presenza del. Si, si, está comigo. E que eu falo con el, como se o tivera. Dígolle: "Suso, eu voume para a cama, ata mañá". Se vou de viaxe cando me meto no coche, dígolle: "Pon o cinto, Suso". Lévoo na miña cabeza. Estou tola? Non sei. Estou trastornada? Dame igual. Eu desde que morreu o meu home, sinto a presenza del como se estivera comigo, ao mellor é porque o quero, entendes? **Maruxa Y.**

Iso de estar soa... Eu vivo nunha casa apartada e eu creo que estou acompañada, polos meus pais e o meu marido, e síntome que estou tranquila, como que estou protexida. Pídolles incluso que me axuden, que me protexan e que me saquen ese recelo. **Ofelia**

Os remedios

Invocar ás meigas e ao mundo do sutil lévanos a relacionalo cunha das habilidades que máis as define: a súa sabedoría ancestral na curación de dores e afeccións.

Falamos do malestar físico durante a menstruación e as estratexias que tiñan para acougalalo.

Eu nunca tomei nada, aghuantabamos as dores todas. **Lola G.**

Non me fales do que eu padecín. **Aurora**

Auga quente para todo, era. **Celsa**

Quentaban un ladrillo e poñíámolo así quentiño na barrigha. Pero moito, moito. **Amadita**

Sabes que tomabamos? Pero non só coa regra, senón cando estabamos enfermas: un ovo! Porque cando estabamos sas non nolo daban, vendíanse. **Lola G.**

A xenebra era moi boa, tamén. **Pura**

Un trapo frío para a cabeza e un par de cachos de pataca. **Lola G.**

Tamén había unhas herbas para cando te cortabas. Cortábana ao pé do lume e envolvíanche un trapo, e disque curaba. Para as verrugas, celedonia. **Isabel**







OS AGORAS

Cultivando o presente

CAP. 6 | OS AGORAS

Cultivando o presente

AMIGAS

Preguntarlles sobre “os seus agoras” colócaas no presente, en cada instante que constrúe os seus días desde que se xubilaron. Levantarse, ir á horta, saír á porta da súa casa para saudar a quen xa está en marcha, como elas.

Nós empezamos por onde intencionadamente máis nos gusta facelo: evocando as súas ancoraxes profundas que traspasan os sistemas familiares. Abrir un espazo para o agradecemento e o recoñecemento aos seus iguais, a quen mellor entenden os seus sentires, os seus valores, as súas formas de facer e de pensar. Míranse, danse unha cotenada cariñosa e agárranse do brazo.

Esta rapaza (di abrazando a Aurora). Somos amigas

*dende que nos coñecemos. Unha amiga cen por cen legal, que vía a esperar por min e segue aí, cincuenta anos despois. Emociónome (límpase as lágrimas). Eu, aínda que estamos cada unha no noso mundo, eu sei que se a preciso, ela está aí. E demostrouno sempre. Lembras (dille a Aurora) cando vías a por min para ir á festa e dunha vez chovía e quedámonos xuntas na casa? **Ofelia***

Acompañarse, darse apoio, sostén e escoita. Así é como definen a amizade que se teñen, o importante que é para elas a presenza das outras e o que supuxo ao longo das súas vidas.

*Para as cousas da vida teño ás amigas. Tamén tiña á miña mamá e á miña irmá. **Charo***

*A compañía o é todo. Tanto a das amigas, como a do marido, como a dos fillos, como de todo. **Celsa***

*Eu tiña á miña cuñada, estabamos xuntas e axudabámonos, ela tiña tres fillos e eu un só. **Aurora***

*Non, eu tíñache a ti. Ela ía comigo a todos os sitios, estaba comigo sempre. Como socias, se íamos arar, araba unha e, cando se cansaba, collíao a outra. **Pura***



Aquí eramos 16 e estábamos as 16 no terreo, nena, axudando. Comezabamos a apañar as patacas e ata que non apañabamos todas non se paraba. E subiámolas ao faiado. **Dulce**

Axudándonos unhas a outras. **Lola G**

O MOMENTO MÁIS FELIZ

Con elas é sinxelo lembrar a alegría. Son optimistas, o seu código é a retranca, o humor. Rin a miúdo. Revisitamos xuntas esa memoria que lles produciu máis ilusión, aquela que aínda hoxe senten cunha intensidade bonita. Divagan entre o abstracto e o concreto.

Hai moitos momentos na vida que che emocionan, hai momentos felices e tristes. Eu recordo sempre esa canción de Mercedes Sosa, a arxentina que canta folclore: "Gracias a la vida, que me ha dado tanto". Pois si, que non me deu todo perfecto, pero a vida non é perfecta. Non todo é perfecto pero, en xeral, sempre tiveron que comer, nunca me faltou un peso, tiveron o mínimo. **Ofelia**

Eu o mellor foi ver aos meus fillos criados. Isabel

Cando naceu o meu fillo, que foi de moi boa cría e todo; e cando naceu a miña neta, que ten 32 anos. Eu morrín sempre pola miña neta. **Aurora**

Para min, sen lugar a dúbidas, o momento máis feliz da miña vida foi cando tiveron aos meus fillos. Iso superou a todos os momentos bonitos que tivera antes. Para min foi ben. E máis sufrín, que do primeiro neno paseino moi mal, pero despois ao velo alí ao lado xa foi o máis feliz do mundo, xa se pasa todo. Os nenos, os dous fillos, o máis emocionante. Hai moitos bonitos: cando te casas, cando coñeces ao mozo que che ghusta, a aquel rapaz... Moitos. Pero, o máis de todo, un plus, doullo ao nacemento dos nenos. Penso que coincidimos todas. **Charo**

Mira se tiveron alegrías do primeiro que tiveron seis! Todos sans. Deus deumos saniños, todos traballando, todos son persoas. E a mai está feliz con eles! E cos netos tamén, teño oito netos marabillosos. Non teño máis nada que dicir. **Celsa**

Pois mira, cando fun máis feliz foi cando as tiveron a todas casadas e acomodadas. Teño nove netos e

sete bisnetos, que teño as contas claras. A de Miguel, que está en Suíza, e máis a neta desta (refe-ríndose a M^a José) teñen vinte e pico de anos, e son bisnetas. Teño outro de dezaseis anos en Suíza, tamén. Fixeron agora dúas dez anos. E teño outras dúas de cinco anos, que esas son bisnetas. E cando os tiveron todos xuntos, que me fixeron unha comida cando cumprín os 85 anos e viñeron de todos os sitios, de Suíza, de Valencia... Estaban todos. Para min foi unha voda. **Amadita**

Non che sabería dicir... Hai moitos momentos bonitos, eu que sei. Cando naceron as fillas, si, pero cando casei tamén. É unha ilusión diferente, son cousas diferentes para min. Eu vouche dicir que despois, cando foron grandes. **M^a José**

Sóubeno de camiño: o día que me retirei de traballar, xa llo dixen a Amalia. Ía moi cansa, oíches, tiña ao meu pai e á miña nai, e á filla, tiña a panadaría... Eu soíña todo. Foi moita alegraría, porque eu xa arranxei un mes antes e xa cobreí o mes mesmo que me retirei. Pero ía eu moi cansa. **Graciela**
Charo pregúntalle se o seu momento máis feliz non foi cando naceu a súa filla.

Non, a verdade é que non. Cando naceu Mari, eu ingresei aos sete meses e aos oito meses quitáronme e non ma trouxeron á habitación en cinco ou seis días. Fixéronme cesárea. Avisáronme: tes a tensión moi alta, pelighras ti e máis a nena, temos que quitarcha mañá á unha. Isto foi en Inghlaterra. Dicíanme, "tes unha nena moi linda", pero eu non a vin porque eu estivera moi mala e non ma trouxeron a ensinar. Despois tívena que deixar alí un mes. **Graciela**

Cando casei foi iso, pero cando me puxeron ao neno aquí enriba foi o non vai máis. Non che teño moitos moi felices, nena... Cando tiveron ás netas. **Dulce**

Cando tiveron aos meus fillos foi o momento máis feliz de todo. Despois cando casaron e cando naceron as miñas netas, aínda que iso non foi tanto porque morreu a miña mai o mesmo día. **Pura**

Eu díghoche moitas cousas. Caseime, como todas, moi enamorada. Cando tes vinte anos todo é maravilloso. O nacemento da miña filla foi outra moi grande, e cando as netas, tamén. Pero o que recordo moitísimo foron os vinte e cinco anos de matrimonio, que nos fomos a Viena, que miña a filla organi-

*zou todo. Foi unha alegría, un momento moi especial. Ían ser para os cincuenta outra sorpresa, pero non chegamos. **Maruxa Y.***

*Pois mira, o que lembro con máis alegría é cando o meu home estaba embarcado e viña a casa de vacacións. Os nenos á primeira non o querían, pero el tiráballes caramelos cando estaban na camiña, ou os poñía enriba da porta e, cando abrían, caían os caramelos ao carón. **Maruxa S.***

*Eu creo que o momento máis feliz foi cando o meu Suso dixo se casabamos, porque eu xa tiña medo de non casar, tiña medo a quedar solteira, e foi unha alegría. Eu tiña vinte anos e pensaba que ía quedar solteira. **Lola S.***

*Tamén cando viñan do mar, que botaban vinte e pico de días, era un día feliz. **Lola G.***

O AUTORRECOÑECIMENTO: O RETO DA FEMINIDADE

O anclaxe do que si son

Ofrecerlles o tempo e o espazo para pensar todo o que son e o que achegaron, tendo en conta a prevalencia do sistema patriarcal que soterrou e continúa ocultando o valor das achegas en feminino, parécenos unha responsabilidade ineludible nos encontros con elas.



Eu aprecio a miña honestidade, non lle fago mal a ninguén sabendo. Se podo axudar aos meus semellantes, fágoo, se está na miña man. A min non me importa a beleza física. Home, se se pode ser linda, mellor! Pero o que importa é o de dentro. **Ofelia**

Aprecio? Non sei que aprecio... Non fago mal a naide, nin me meto con naide, nin nada. Quero aos meus e aos de fóra tamén. **Aurora**

Eu coñezoa desde noviña (sobre Aurora) e é unha boísima persoa, excelente amiga en todos os sentidos da palabra. Non creo que sexa exclusiva para min, senón que é a súa forma de ser. **Isabel**

Si, é moi boa amiga, moi servizal. **Ofelia**

Eu desfruto de todo o mundo. Pero non podes presumir, porque se presumes moito, careces de todo: dime de qué presumes y te diré de qué careces. Entón, normal, como todo o mundo. Non facemos mal a naide, e levámonos ben con todos, e listo. Cada un que viva como queira se non se meten comigo, pero tampouco sei a opinión que teñen os demais de min, entendes? Non importa o que ti penses de ti. **Charo**

Axudei aos meus pais, axudei a coidalos ata aos 93 anos, que me morreu o meu pai e a miña nai tamén. Colaboro na casa, coa miña familia e con alghén, se me pide alghún favor, se podo tamén o fago. Eu penso que son boa soghra, boa nai e boa avoa. **Celsa**

E boa amiga, tamén. Eu creo que somos boas todas. Mira, o principal é sentirse en paz consigo mesma. A pesar de que temos o título de media xente, a xente de Ladrado, o que creo é que somos íntegras, porque se nos podemos axudar os uns aos outros no mínimo, facémolo. Ata me emociono. **Ofelia**

Eu aprecio tamén que non lle fago mal a naide, que son boa persoa. Ai! Tamén o paroladora que son. **Lola G.**

É moi espontánea! E coa verdade por diante. **Isabel**

Mira, podes ir a todas as casas de Ladrado dunha á outra que eu nunca tiveron un problema con naide. E aínda me axudaron, que eu tiveron os nenos todos xuntos, e todos viñeron xunto a min, e todos me apreciaron. **Maruxa S.**

Mira, eu son por dentro como son por fóra. Penso que non hai unha persoa en Ladrído que me queira mal. Gústame de min que na miña familia, os meus xenros, os meus netos, aínda os meus sobriños, quérenme coma se fose a súa nai. E veñen para a miña casa e todo está aberto. Van e collen e comen e fan todo o que lles parece. A porta está aberta, e máis cos veciños. Díciame Angélica: "Oíches? Funche aí á artesa buscar un cacho de pan que ía o meu Javier aos percebes e quedáballe a lancha en seco, e non lle daba tempo de ir a casa de Adelina". Viña a outra buscar un pouco de aceite. As portas nunca se pecharon. Si, señor, na miña pobreza, nunca lle pechei a porta a naide. Xa verás ti, así que morra han de poñer: a muller máis boa de Ladrído. **Amadita**

Creo que fun unha boa muller. Creo que fun unha mai excelente, unha avoa extraordinaria, e estou orgullosa de min, de ter o que teño co meu marido, de ser eu mesma. A xente pode dicir, "mira, morreulle o home a Maruxa hai tres anos e vai para a Saleta". A min iso non me preocupa, son como son eu. Teño a conciencia tranquila. Fun moi valente e son, non freo, vou para a fronte. **Maruxa Y.**

Eu? Eu son daquela maneira, non sei... Ofelia, como son eu? **Dulce**

Pois eu creo que é unha boa rapaza, sen paixón por adular nen nada, eh? Unha rapaciña que desde moi nova facía as cousas, que non lle chegaban as mans, dicía o pai, porque tiña as mans pequenas, e xa facía ela todas as cousas... **Ofelia**

Considérome... Que che hei de dicir eu? Se podo axudar, axudo. Poda ou non poda, hei de mirar de podercho facer. Se non cho podo facer, a miña casa está aberta para os de aquí e máis para os de fóra, sempre está a porta aberta. Son así, desa maneira, así un pouco impulsiva. **Dulce**

"A casa de pousa foles". É a casa de todos, que entra todo o mundo e todo o mundo a quere. E, como está no último, apaña todo. **Pura**

O que máis aprecio de min? My face, I like to be happy every day. I don't like to cry, that's all. Thank you! **Graciela**

As demáis escachan a rir cando Graciela fala en inglés.

Os logros das vosas vidas

Seguimos trazando con elas o camiño de reparación colectiva sobre a falta de valía na que se viron reflectidas durante tantos anos de existencia. Detémonos aquí para que poidan atopar nas súas narrativas a resiliencia, a forza e a valentía que cultivaron ao longo dos seus traxectos vitais.

Sabemos que lles pedimos algo difícil, cústalles mirarse desde ese lugar amable de autorrecoñecemento,



aínda así as convidamos a mirar cara atrás e a tratar de identificar os logros que para elas foron máis significativos.

*Voucho dicir: cando tiven a miña casa feita. Xa fun a muller máis feliz do mundo. **Lola G.***

*Non sei dicirche que loghros tiven eu. **Lola S.***

*Tiveches unha tenda! **Maruxa Y.***

*Fixeches unha casa! **Celsa***

*Está a criar un neto ela, aínda aghora! **M^a José***

Anímanse entre elas.

*Eu pensaba que falabamos doutra cousa máis importante. **Lola S.***

Eu penso que conseghín todo o que teño. Funme para Luxemburgo sen nada, o avión paghoumo a miña mai. Cheghuei cunha man diante e outra detrás. Merquei a casa en Luxemburgo, sempre viñemos de vacacións, sempre tivemos bos coches, deille

a carreira á filla do que quixo estudar. Para min iso foi unha meta moi grande. **Maruxa Y.**

O meu loghro foi mercar un piso en Ortigueira, porque estaba comezando a facerse e faltábanme 100.000 pesetas, que llas pedín á miña mai. Ao principio non mos deixou porque dicía que coa panadaría eu xa facía moitos cartos. Ao final prestoumos e non empeñei nada, todo pagho! **Graciela**

Moitas delas mencionan como éxito nas súas vidas lograr que as súas fillas e fillos estudasen. Outras expresan a pena, incluso a frustración de non conseguilo, pese a poñer á súa disposición todo o posible para que así fose.

Darlles carreira aos fillos para que non foran como nosoutros, para que non fóran para a Ribeira, que tiveran outras oportunidades. Nós ou emigrabamos ou iamos ás ameixas, e non había máis. **Lola G.**

Os meus non querían carreira, non a fixeron. Eu intentaba pero eles non querían, os tres, non houbo maneira. Eu pensaba que así ían ser uns burriños coma eu e son, unha burra para traballar. **Pura**

Eu pensaba que era importante darlle carreira aos fillos, pero o meu non ma quixo. **Aurora**

Eu dicíalle á miña filla: Tania, ti tes que estudar porque eu non quero que limpes váteres como os estou a limpar eu. **Maruxa Y.**

AS DROGAS, UN DOS SEUS MAIORES TEMORES

Cando falamos con elas sobre o empeño e o desexo que tiñan de que os seus fillos e fillas puidesen labrarse un futuro profesional digno, fan referencia a un dos maiores temores que tiveron entón.

Tamén che vou dicir unha cousa: aquí non houbo ninghún que se droghara, todos saíron formais, todos saíron formais. **Celsa**

E aínda estiveron libres, coma todos, de facelo. **Dulce**

Tiñamos moito medo a iso. **Pura**

Eu tíñao espeso coa miña Iria. Eu traballa con ela e dicíame, "mamá, ti non teñas medo". E eu dicíalle que tamén os fillos dinlle así ás nais, e logho fan o que fan. **Graciela**

Lembran unha anécdota que lle aconteceu a Amalia hai non moitos anos.

A Amalia aparecéronlle unhas prantas (de marihuana), verdade, Amalia? **Lola G.**

Eran preciosas! Apareceron no meu terreo e sóubeno porque unha persoa veumo dicir. Entón eu baixei e cando cheguei... Mira que che eran lindas! Acababan de saír e tiñan o babosil todo arredor. Xa cheiraban, madre mía! Isto foi hai uns anos. Fun para alí e corteino todo en moitos pedaciños e tireinos para a Ribeira. Eu non entendía nada desas prantas, miña filla! E despois pensaba que acabara, e fun andando e mirei así para o terreo que estaba ao carón do mar, e vin unha! **Amalia**

Que viches? **Graciela**

A drogha esa, muller! A pranta! Preciosa, eh, unha ghrande! Tíñana coidada como ouro en pano, oíches? Volvín para atrás e tirei con todo! Non deixei

nada! Se o vira a xente... Imaxina! **Amalia**

VENCELLADAS AO MAR

O mar conecta e baña gran parte dos seus relatos. Queremos saber que lles suxire no simbólico e no material.

Celsa, se che digo a palabra mar, que significa para ti?

Toda a miña xente, iso penso. Meu fillo está en Irlanda, bota tres meses aló; ao outro o teño en Holanda, no mar tamén, nun remolcador; teño outro fillo que está traballando en Celeiro, tamén abastecendo aos barcos de comestibles para cando saen de volta ao mar. Vivimos dos barcos porque meu home e máis seu irmán e o cuñado tiveron cinco barcos. Eu vivín do mar. O mar é moi rico. Xa foi máis, agora non vale nada. Logho non queren o peixe, nin venden a un patacón a merluza... Xa me dirás ti, a 3 euros! **Celsa**

Moito o leva o intermediario. **Isabel**

Aquí todos vivimos do mar. **Pura**

Que me di o mar? Que foi a miña vida, a vida do meu home. Eu quedaba na casa e el botaba vinte días ou vinte e cinco sen vir a casa. Eu fun mariscadora toda a vida. Foi ben, foi o meu, xa estabamos esperando a marea para ver o que podíamos traer. Pregúntalle a aquela, e máis á outra aquela (senalando ás demais), que fomos compañeiras todas. Estou xubilada por mariscadora e estou moi orgullosa de telo sido. Foi moi duro, pero témolo pasado pipa. **Lola G.**

Que me ha dicir? Dime como a todo o mundo que tivo xente no mar: os meus pais, os meus irmáns, a miña familia toda, o meu home, os meus fillos... Eu, que fun mariscadora, tamén. E peixeira, tamén, que tamén é do mar. Que máis che hei dicir? Por iso todo vén caendo ao mar, todas as cousas saen do mar. Do mar vén todo. **Pura**

Eu teño un neto con 22 anos e non quixo estudar, non houbo maneira, fíxose patrón de altura. **Lola G.** Pareceche que non é estudar iso? **Pura**

Agora van seis meses nas Maldivas sen vir a casa, seis meses. **Lola G.**

E iso non é estudar? Que non foi de mariñeiro, eh! **Pura**

Falan do medo e da tristeza que trae o mar, e da morriña dos que están lonxe. Tamén da satisfacción económica e da alegría cando retornan.

Claro, é que estás sempre co corazón nun puño cando tes á túa familia no mar. Estás con todos, pero cando tes aos teus, encólleseche o corazón... Un día de tormenta, un día de temporal, que tes á túa xente no mar... Acórdaste de todos, pero acórdaste máis dos teus. **Pura**

Eu agora estou contando os días. Fáltanlle seis días para chegar, despois de seis meses... **Lola G.**

O mar é moi duro. É moi duro aquí, na praia, na ría, imaxina mar adentro. **Pura**

O mar deume todo o que teño. **Isabel**

Ela (senalando a Lola) antes de marchar á emigración ía ao mar. Foise seis anos para facer a casa pero, así que veu, volveu para o mar. **Pura**



Mira, no tempo que eu emigrei foi cando aquí houbo o “boom” dos cartos, o pincho. Fixeron máis os que quedaron aquí que nosoutros, que emigramos. **Lola G.**

*Por resumir, desde a miña tenra infancia o mar sempre estivo presente. Eu acórdome toda a vida que meu pai andaba ao mar ata os 18 anos que marchei, pero tamén recordo sempre esas palabras que el dicía: “O mar é para os peixes”. Porque a el morréronlle tres compañeiros na súa compañía. Un que estaba nos percebeos por detrás da serra da Capelada, que caera dun penedo. E más alí, na barra de Ladrido, que pasou unha cousa moi triste, moi difícil, un 12 de xaneiro. É que case me emocionou se sigo... Resulta que había unha lancha na barra, era a nosa lancha, que tiña en sociedade co meu tío, co meu avó. Non sabíamos se estaban todos mortos, se estaban vivos... Morreron dous compañeiros deles. Un deixou dous fillos, unha bebé. O meu pai, non. Pero cando eu vin esa lancha nos quebrantos... Foi terrible. A pesar disto, pois non sei se o levo nos xenes, que a min encántame ver o mar. O primeiro que fago cada día é ver o mar, sácolle cincuenta mil fotos. Encántame! Pode ser xenético. **Ofelia***

O MUNDO ANTES E O MUNDO AGORA

Achegámonos xa ao final dos nosos encontros con elas. Ao longo dos seus relatos fomos buscando deliberadamente claves que nos axuden a entender mellor noso presente.

Escoitalas xerounos reflexións profundas sobre a calidade e as posibilidades de vida que tiveron como nenas e mulleres, e as que habitamos nós no presente. É habitual que, cando as xeracións posteriores miramos cara atrás, fagámolo coa añoranza e o anhelo a un pasado pegado á comunidade e á terra, na pausa que os contextos rurais facilitan.

Igualmente parécenos imprescindible cuestionar o ensalzamiento daquela realidade que transitaron, porque canto espazo tiveron elas para pensar(se) e para atopar(se) nun mundo hostil e machista, na sociedade galega dos anos 20, 30 e 40. Ao pensalas, imaxínomas sentadas á beira da lareira, na mesa da cociña, lavando no río ou mariscando. Pregúntome que tipo de dúbidas e sublevacións cotiás podían permitirse. A vida estaba vinculada aos ciclos que a natureza mar-

caba. Era máis lenta, máis sosegada. Con todo, o marco de crenzas, patriarcal e conservador, e a falta de posibilidades polas desigualdades de xénero e de clase, eran muros de formigón que impedían outras miradas sobre a vida, que dila-pidaron soños e proxectos propios.

É certo que, aínda colocando esta reflexión que consideramos necesaria para non caer nunha idealización da opresión e tamén da violencia sufridas, gústanos preguntarlles que podemos recoller daquel tempo que podemos integrar no noso presente para poder favorecer e co-crear vidas de maior consciencia, presenza e equilibrio. Falan do sentir comunitario de outrora fronte ao individualismo de agora, tamén da esquizofrenia do virtual e do impacto que ten no benestar e nas relacións.

*Ai, díghocho eu. Antes saíamos todas xuntas e viñamos todas xuntas das festas, e agora cada unha anda pola súa banda. **Lola G.***

*A liberdade, a tranquilidade, sen móbiles. Esa era unha infancia que a vivías. Hoxe non fala un co outro. **Maruxa Y.***



Xuntabámonos, xogabamos... Agora están un á beira do outro, cos aparatos seghido. Nin falan nin nada, soamente é móbil. **Isabel**

Nós colliamos a taza de caldo ou de leite callado e comiámolo todos aí fóra. Aghora non se ve naide e case non nos coñecemos. **Dulce**

A xuventude nin mira para ti, non che falan, todo o tempo na pantalla. **Celsa**

A miña opinión é que, aínda que se di que todo tempo pasado foi mellor, non estou dacordo. Aquilo era unha cousa e isto é outra, non se pode comparar. Eu non o definiría así. **Ofelia**

A ver... Antes xogabamos todo o tempo a todo, aghora non xogan. **Isabel**

Hoxe teñen de todo, tanto os nenos como as persoas maiores. Antes non había cuartos de baño, non había teléfono, non había nada. Agora estamos nun mundo moderno, se non son felices é porque non queren. Creo que se pode ser máis feliz agora que antes. **Charo**

Pois eu penso que non. Eramos máis felices antes: estabamos unhas amigas coas outras, iamos ás festas e contabamos as cousas, falabamos de verdade. Eu teño dous netos, veñen da escola e xa están metidos na casa todo o día. Antes non. **Lola G.**

O que máis felices nos facía cando eramos nenas era a liberdade que tiñamos. Porque agora non pode ir un neno de 10 anos só por aí adiante, nin unha nena. E andabamos ata as doce da noite correndo. **Maruxa Y.**

Tampouco non hai nenos e nenas. **Celsa**

O mundo púxose así. **Celsa**

Non había chaves nas portas. **Lola G.**

Eu lembro de chegar á miña casa e non poder entrar dentro por toda a xente, todos os nenos que había na cociña. Non podía nin abrir a porta. **Isabel**

O peor de antes era que había que traballar e que non comiamos como comemos agora. Agora sempre hai patrón, todos os días hai festa. Antes había pan



*de trigho, de maínzo, caldiño e un roxón. **Lola G.***

*O peor era que eu non tiña que comer, pero non son máis felices agora do que fomos nosoutros. O neno que vestía un mandilonciño e zapatillas brancas xa ía cantando todo o camiño. **Amadita***

Escoitámolas e queremos facerlles unha petición para poder pechar con sentido as nosas conversas con elas. Que lles diriades ás xeracións máis novas?

*Que se preparen, que teñan os seus títulos, que de aí vén o seu porvir. **Isabel***

*Que sean formaliñas, educadas e que estuden. Miña mai sempre lle dicía ás miñas: “Ide á escuela, ide á escuela, que para coller o raño e apañar as patacas non fai falta escuela, que se aprende soa”. O primeiro, que miren por elas, que estuden a súa carreira, que se poidan valer por elas, que non dependan de ninghún home nin de ninghuén. **Amadita***

*Que se poidan defender por elas, esa é unha das cousas principais. **Lola G.***

*E que deixen a quen precisen para estar ben. **Amadita***

Elas diríxense espontaneamente e con convicción ás nenas e ás mulleres máis novas no presente que habitamos.

Imos despedíndonos á vez que falan da próxima viaxe do IMSERSO ao que irán, ven as súas ganas e a súa disposición para continuar gozando da vida en cada momento, tamén aos seus 70, 80 ou 90 anos.

*O meu home non quere viaxar e, como el está xubilado, aproveito o seu carné. E xa fun de viaxe catro veces. **Isabel***

*Eu aghora non vou porque o meu marido ten medo por conta do coronavirus. **Lola G.***

*Como se fai? **Dulce***

*Contóche eu. A próxima viaxe é a Málaga. **Isabel***

Un proxecto que recupera a memoria das mulleres,
pón en valor o seu legado e dignifica a súa presenza e
a súa contribución á comunidade local

